



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 66

Sesión plenaria
25 de xaneiro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

27664 (11/CPP-000070)

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da pandemia da covid-19 e o seu impacto sobre a atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

Punto 2. Mocións

2.1 26528 (11/MOC-000076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da atención temperá (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 25764, publicada no BOPG núm. 239, do 10 de decembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 21 de decembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 03.01.2022

2.2 26553 (11/MOC-000077)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1710, publicada no BOPG núm. 15, do 16 de setembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 21 de decembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 03.01.2022

2.3 26585 (11/MOC-000078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto dos conflitos entre bateiros e percebeiros (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24985, publicada no BOPG núm. 232, do 24 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 21 de decembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 03.01.2022

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 16686 (11/PNP-001627)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para recuperar progresivamente a presencialidade na atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021



3.2 22234 (11/PNP-002015)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan de choque contra a sinistralidade laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

3.3 25826 (11/PNP-002334)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego ante o incremento de casos de covid-19 nos centros educativos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021

3.4 26163 (11/PNP-002371)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa actual situación da cadea de produción, obtención e comercialización da carne de vacún

Publicación da iniciativa, BOPG nº 246, do 22.12.2021

3.5 26596 (11/PNP-002394)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España para que atenda a vontade manifestada tanto polo Parlamento de Galicia como polo Congreso dos Deputados e amplíe o programa de apoio ao Xacobeo mediante a extensión das desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

3.6 26944 (11/PNP-002408)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España dun compromiso que garanta a reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 255, do 12.01.2022

Punto 4. Interpelacións**4.1 11407 (11/INT-000660)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise industrial que asola Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 101, do 24.02.2021



4.2 21993 (11/INT-001173)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 202, do 22.09.2021

4.3 26939 (11/INT-001386)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**5.1 28058 (11/POPX-000053)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o destino dos fondos europeos recibidos pola nosa Comunidade Autónoma en materia de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

5.2 28063 (11/POPX-000054)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas que ten previsto adoptar para reforzar a atención primaria tendo en conta a súa situación de colapso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 26306 (11/POP-003657)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre a recuperación para o público do convento de Santa Clara, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 03.01.2022

6.2 27093 (11/POP-003891)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis**

Sobre as irregularidades detectadas pola Xunta de Galicia na documentación presentada pola empresa no parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022



6.3 28032 (11/PUP-000227)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento da industria e da enerxía eólica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

6.4 26876 (11/POP-003837)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do anteproxecto da futura lei de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

6.5 26923 (11/POP-003855)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre a situación actual do procedemento para as oposicións no ensino galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

6.6 28033 (11/PUP-000228)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis**

Sobre a avaliación da Consellería de Emprego e Igualdade dos catro plans de rescate postos en marcha para mitigar os efectos da covid-19 no tecido produtivo de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

6.7 27149 (11/POP-003922)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e catro deputados/as máis**

Sobre as previsións do Servizo Galego de Saúde respecto dos catorce centros de saúde da área sanitaria de Vigo aos que se lles acaba de restrinxir a actividade das unidades de atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

6.8 28008 (11/PUP-000225)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo axeitado de emerxencias do 061

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

6.9 27085 (11/POP-003887)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno da Xunta de Galicia en relación coas familias monoparentais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia e delegación de voto de dona María González Albert, don Manuel Antonio Lourenzo Sobral, dona Marta Nóvoa Iglesias e don Gonzalo Caballero Miguez, e a súa delegación de voto para esta sesión nos portavoces dos respectivos grupos parlamentarios dona Ana Belén Pontón Móndeolo, don Pedro Puy e don Luis Álvarez Martínez (Páx. 9.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da pandemia da covid-19 e o seu impacto sobre a atención primaria. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 9.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 20.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 24.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 28.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 32.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 42.) Nesta rolda interveñen o señor Torrado Quintela (S) (Páx. 42.), a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 44.) a señora Amigo Díaz (P) (Páx. 47.) e o señor conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 48.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da atención temperá. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Ortega Otero (S). (Páx. 55.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 58.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 61.)

Nova intervención da señora Ortega Otero (S). (Páx. 64.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 66.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Fernández Gómez (BNG). (Páx. 67.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Freire Vázquez (P). (Páx. 74.)

A señora Fernández Gómez (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 77.)



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto dos conflitos entre bateiros e percebeiros. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 83.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 85.)

Nova intervención da señora Pérez Fernández (BNG). (Páx. 89.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da atención temperá: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 90.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras: *rexeitada por 17 votos a favor, 52 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 91.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto dos conflitos entre bateiros e percebeiros: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención*. (Páx. 91.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta minutos da tarde e retómase ás catro e dezasete minutos.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para recuperar progresivamente a presencialidade na atención primaria. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 91.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 99.)

A señora Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 102.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan de choque contra a sinistralidade laboral. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 104.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 107.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 111.)

A señora Rodríguez Dacosta (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 113.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego ante o incremento de casos covid-19 nos centros educativos. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 119.) e *Sr. Rodeiro Tato (P)*. (Páx. 121.)

Nova intervención da señora Queixas Zas (BNG). (BNG). (Páx. 124.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa actual situación da cadea de produción, obtención e comercialización da carne de vacún. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 127..)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 127..)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 130.) e *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 133..)

O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 137..)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereá Fraiz e seis deputados/as máis, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España para que atenda a vontade manifestada tanto polo Parlamento de Galicia como polo Congreso dos Deputados e amplíe o programa de apoio ao Xacobeo mediante a extensión das desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr Vereá Fraiz (P)*. (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 141.) e *Sr. Pérez López (BNG)*. (Páx. 145.)

Nova intervención do señor Vereá Fraiz (P). (Páx. 148.)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e dous minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Comunicarlles tamén a todas as deputadas e deputados que hoxe é o seu primeiro día de traballo para dúas uxieres novas que entran a formar parte dos servizos deste parlamento, que son Noemí e Verónica, que nos irán acompañando na actividade normal xa dentro deste parlamento, pero, como hoxe é o seu primeiro día, queríallelo comunicar a todos vostedes.

Xustificación de inasistencias temos varias hoxe. Por un lado, está dona María González Albert e don Manuel Antonio Lourenzo Sobral, que delegan o voto na súa portavoz, dona Ana Belén Pontón Mondelo; dona Marta Nóvoa Iglesias, que delega no portavoz do grupo parlamentario, don Pedro Puy; e don Gonzalo Caballero Miguez, que delega no portavoz, don Luis Álvarez Martínez.

E, sen máis, entramos xa na orde do día, agora si, co primeiro punto, comparecencia.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da pandemia da covid-19 e o seu impacto sobre a atención primaria

O señor PRESIDENTE: Para substanciar esta comparecencia, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día, presidente.

Señorías, quixen comparecer neste pleno, no primeiro que se celebra neste novo período de sesións, para dar conta, tal e como vimos facendo ao longo de toda a pandemia, de cal é a situación actual en Galicia e, neste caso especialmente, de como ten afectado esta onda pandémica á atención sanitaria, tanto á atención hospitalaria como, en particular, á atención primaria.

En primeiro lugar, gustaríame destacar que esta variante ómicron, definida o 24 de novembro en Sudáfrica e que tivo o seu primeiro caso demostrado en Galicia o 8 de decembro, neste caso secuenciado no Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, está condicionando significativamente a evolución da pandemia en toda España e, por suposto, tamén en Galicia, fundamentalmente nas dificultades que se viven na atención primaria, non neste caso na atención extraordinaria, o que chamamos como as urxencias extrahospitalarias de atención primaria, os PAC, onde aí a repercusión está sendo menor, pero si, como todos sabemos, na atención primaria ordinaria, onde, efectivamente, sobre todo a carga administrativa está provocando problemas.



Nas últimas semanas do mes de decembro comezou na nosa Comunidade un aumento explosivo, xusto cando estabamos a baixar dun aumento importante do número de casos, motivados daquela pola variante delta, pois ao redor do 20 de decembro eses primeiros casos que xa viramos a principios de decembro comezaron a facer esa transmisión característica desta variante, e empezamos a ver ese aumento explosivo nos casos de covid, aumento que afortunadamente se ten ralentizado nestes últimos días, e que esperamos ese inicio do descenso da curva de contaxios e que marque tamén o inicio deste ciclo que se reproduce —iso si, como saben— en todas as ondas cunha diminución posterior nos ingresos hospitalarios, despois nas unidades de críticos e, por último, nos falecementos, que non podemos deixar por suposto de lamentar e acompañar as familias de todos os que perderon un ser querido ao longo destes dous anos.

O aumento explosivo foi unha característica propia da onda e que non se producía deste xeito ata o momento, froito das características desta nova variante, que ten demostrado fundamentalmente unha maior transmisibilidade. Isto condicionou os recursos precisos para abordala, xa que en parte, grazas a que Galicia foi e segue sendo líder en vacinación, tamén os datos de hospitalización son menores e, polo tanto, o seguimento deses casos positivos recae fundamentalmente en atención primaria, como explicarei máis adiante.

Esta onda si tivo algo en común coa anterior, a que vimos no verán, e que son eses períodos do ano nos que os profesionais desfrutaban dos seus merecidos permisos de descanso e, por outra banda, e salvo excepcións, sempre xustificadas, intenta manterse eses permisos. E tamén, por suposto, coincidiu cun número non desprezable de contaxios tamén entre os profesionais do sector sanitario.

No comezo desta intervención gustaríame agradecer aos profesionais sanitarios en xeral e, en particular, aos de atención primaria ese esforzo que están a realizar nas últimas semanas.

Estas cuestións marcaron sen dúbida o último mes e gustaríame analizar os datos.

Actualmente en Galicia contamos cunha incidencia acumulada de 3.102, no caso da incidencia acumulada a catorce días, que chegou a ser nun momento máximo de case 3.400 —3.397—, e a incidencia acumulada hoxe está en 1.338. Como saben, un parámetro da evolución da pandemia é cando a incidencia acumulada a sete está por debaixo da metade da de catorce. Este é o caso que levamos xa uns días observando e confiamos en que siga sendo así.

Agora mesmo temos 67.350 casos activos e, para poder ter unha referencia do rapidamente que aumentaron, son da orde de tres veces máis do que había exactamente hai un mes, o día de Nadal, cando os positivos ascendían a 24.252.

A pesar do elevado número de positivos na nosa Comunidade, continuamos a ter unha presión hospitalaria nós dicimos que contida. A día de hoxe hai 638 pacientes hospitalizados, 588 en planta e 50 na UCI, números que quizais por estar acostumados a eles nos fan pensar que son normais, pero dende logo seguen sendo un problema. Ter semellante cantidade de pacientes ingresados significa ter circuitos covid nos hospitais, significa ter plantas covid,



significa os servizos de soporte tanto en microbioloxía como laboratorio por exemplo ou radiodiagnóstico traballando con este volume de pacientes ingresados, que dende logo non é nada para non valorar.

Mentres nos hospitais temos eses 588 pacientes —564 no informe de onte a nivel do ministerio—, a nosa porcentaxe de ocupación hospitalaria está en 6,68 % e a media española neste caso está no 15,76 %. E no caso da UCI eses 45 pacientes ingresados que tiñamos onte supoñen un valor cercano ao 6 % de ocupación da UCI. Neste caso, tanto a de hospitalización, xunto con Asturias, como da UCI, nós soamente somos os de menor índice de ocupación no ámbito hospitalario.

Na terceira onda os ingresos hospitalarios representaban o 9,5 % en planta e o 1,5 % na UCI. Na onda do verán os ingresos hospitalarios eran do 3,8 % en planta e o 0,5 % na UCI. Hoxe nesta onda os ingresos hospitalarios representan o 0,9 % dos pacientes dos casos activos e o 0,1 % no caso dos críticos.

Esta baixada de porcentaxe de casos que derivan en hospitalizacións ou en unidades de críticos amosa que a vacinación funciona e protexe de sufrir a enfermidade de forma máis grave. Tamén dende aquí un agradecemento a todo o persoal que está traballando na campaña de vacinación e, por suposto, aos galegos e ás galegas, que acoden masivamente a poñerse tanto a primeira como a segunda no seu momento como agora a dose de reforzo. *(Aplausos.)*

Precisamente no relativo á vacinación Galicia está á cabeza a nivel do Estado, ao igual que leva estando ao longo deste ano dende que se iniciou o proceso. Galicia administrou o 100 % do total das doses, cando a media nacional é do 95,49 %. Na poboación de maiores de 12 anos con polo menos unha dose, Galicia ten o 95,2 %, mentres que a media nacional é do 92,6 %. Nos maiores de 12 anos con pauta completa Galicia está no 94,4 %, cando a media nacional está no 90,7 %.

E paro aquí tamén un momento para destacar este alto valor de persoas de máis de 12 anos con pauta completa, case o 95 %, pero tamén para destacar que aínda nos queda máis dun 5 % de galegos e galegas que están sen vacinar. Vimos avisando e poñendo en valor estes días a alta porcentaxe de pacientes que están ingresados na UCI correspondentes a persoas sen vacinar. Temos tido hospitais onde o 100 % dos pacientes en críticos correspondían a cidadáns non vacinados, e seguir animando a eses que non puxeron nin a primeira nin a segunda dose a que o fagan, e poñendo todos os nosos recursos á súa disposición tanto con cita como sen cita; en calquera momento poden acudir, incluso nestas doses de reforzo para, como digo, administrarse esas doses, que están a demostrar, polo que reflicten os datos, ese importante valor xa non só nos contaxios, que tamén, senón sobre todo no grao de criticidade, incluso nos falecementos.

No caso dos nenos na poboación entre 5 e 11 con primeira dose Galicia tamén é neste momento líder, co 80,9 %, cando a media nacional é do 53 %. Aquí destacar que estes datos acadáronse nos tres primeiros días dende que se reciben as doses, debido ao modelo que adoptamos en Galicia de vacinar neste caso nos puntos masivos para os nenos e non facelo nos centros de saúde nin nos colexios.



O obxectivo fixado pola Conferencia de Presidentes do 22 de decembro era superar o 70 % da poboación deste grupo, 5-11, coa primeira dose antes do 7 de febreiro de 2022. En Galicia, como dicía, este obxectivo alcanzouse o 15 de xaneiro.

Somos líderes nas terceiras doses en maiores de 70 anos. Galicia amosa un 94,4 % neste colectivo, cando a media nacional é do 91,1 %.

Somos a segunda comunidade na terceira dose no grupo 60-69, cun 94,6 %, cando a media nacional é dun 88,16 %.

O obxectivo fixado tras a Conferencia de Presidentes para este apartado, o grupo 60-69, era que o 80 % desta poboación tivera esa terceira dose antes do 22 de decembro. En Galicia ese obxectivo cumpriuse o 13 de decembro.

Na terceira dose do grupo de 50 a 59 Galicia amosa un 92,29 % e a media nacional é dun 66 %, é dicir, practicamente un 30 % máis que a media neste caso do Estado. O obxectivo fixado neste caso era superar o 80 % para este grupo o 24 de xaneiro. Galicia cumpriuno un mes antes, o 23 de decembro.

Na terceira dose do grupo de 40 a 49 Galicia ten agora mesmo un 87,54 %, cando a media nacional é dun 41,16 %; neste caso dóbrase a porcentaxe nacional.

É a primeira comunidade autónoma con mellor porcentaxe e cumprimos o obxectivo do 80 % fixado para o 7 de marzo. Este obxectivo cumpriuse o 17 de xaneiro, case dous meses antes.

As cifras avalan a xestión da vacinación en Galicia e a nosa aposta pola vacinación, como dicía, nos grandes recintos, tamén para as nenas e para os nenos, onde se demostrou que a organización e contar cunha boa estrutura permitiu que Galicia lidere moi amplamente a vacinación deste grupo etario, contraposto ao que ocorre noutras comunidades autónomas, onde se apostou polos espazos de vacinación, entre outros, como dicía, os centros de atención primaria ou os colexios.

Dende a Dirección Xeral de Saúde Pública levan realizando un estudo do impacto da administración da terceira dose dende que comezou o proceso na nosa Comunidade, o 25 de outubro. Neste informe podemos comprobar como tanto as taxas de incidencia como as de ingreso, ademais dos momentos nos que as súas tendencias sofren un cambio, coinciden co impacto da terceira dose no marco dun aumento xeneralizado dos casos.

Polo tanto, isto demostra que a aposta que fixo Galicia en todo momento por administrar todas as doses ten reflectido un resultado na incidencia da pandemia; ademais, como dicía, facelo o máis axiña posible. Estes datos que acabo de recoller non son de onte nin de antonte, senón que é unha tendencia —como digo— das últimas semanas. Está claro que ternos enfrontado a esta onda sen contar coa vacinación previa a situación tería sido moi diferente, especialmente nos grupos máis vulnerables ao virus, por suposto, que son os de máis idade.

Debemos agradecer, polo tanto, a todos os profesionais implicados e a todas as galegas e os galegos o seu compromiso, que permite que Galicia lidere a vacinación, non só a nivel es-



pañol senón tamén a nivel europeo, coas positivas consecuencias respecto da incidencia da enfermidade que xa describimos.

As dúas compoñentes propias desta onda, a maior transmisibilidade —co conseguinte aumento exponencial dos casos—, unido ás cifras de vacinación en Galicia, permitiron que moitos dos contaxios padeceran a enfermidade con síntomas leves e, polo tanto, fixeron que a presión asistencial recaese en maior medida na atención primaria. Aínda que nos hospitais chegamos á cifra de 608 pacientes —633 dicía a día de hoxe, 50 en UCI—, digo que, aínda que estes datos están moi lonxe das cifras da terceira onda, na que hai un ano acabamos por exemplo en 1.210 pacientes hospitalizados e 254 pacientes na UCI, é dicir, cinco veces menos en UCI ou practicamente a metade na planta, e esas cifras de contaxios son moi superiores, o pico da terceira onda foi de 22.600 casos, fronte aos máis de 78.000 desta onda actual.

Hai que agradecer, por suposto, o traballo realizado nos centros hospitalarios, que levan dous anos atendendo pacientes, e esta onda continuou a significar un reto moi importante tamén para as urxencias, as UCI, as plantas, e —como dicía antes— os servizos de soporte, que, por suposto, se viron afectados tanto polos pacientes ingresados como tamén, por suposto, polos pacientes ambulatorios con este volume que comentabamos de 78.000 no momento máis álxido de casos activos en Galicia.

Con isto, o seguimento dos pacientes leves ou asintomáticos recaeu na atención primaria nun momento con circunstancias similares ás do verán —que dicía antes, polos preceptivos descansos correspondentes—. Isto, unido, ao igual que no resto das profesións, a que houbo tamén contaxios entre os profesionais, conlevou a unha situación de maior presión neste nivel asistencial, xa que ademais —como todos saben— non contamos coa posibilidade de realizar substitucións, especialmente no relativo aos médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria.

Neste marco gustaríame destacar que a medida que a pandemia avanzaba en Galicia actuabamos para que parte da sobredemanda que se podía xerar nos centros de saúde saíra destes, ao contrario do que —como dicía antes— se fixo noutras comunidades autónomas, onde os centros de saúde se empregaron para moitas destas cuestións.

Así, en Galicia non empregamos os centros de saúde para facer PCR ou tests de antígenos de xeito maioritario. Fomos os primeiros en poñer en marcha os puntos neste caso móbiles, os covidauto, para realizar as probas aos pacientes que non tiveran que ir aos centros de saúde.

Tamén se fixeron cribados masivos de distinta compoñente, pero sempre tamén a maior parte das veces recorrendo a puntos móbiles destinados aos municipios ou nos pavillóns deportivos ou nas feiras de mostras ubicados neles. Agora contamos con 32 puntos habilitados con persoal do Sergas para a realización de tests de antígenos, incluídas estacións de tren e aeroportos, cuestións que me gusta remarcar, porque creo que somos a única comunidade autónoma que conta con dispositivos similares, que posibilitan a accesibilidade dos tests tanto aos galegos e galegas que viven aquí como a aqueles que nos visitan tanto no Nadal como, por exemplo, onte mesmo.



Tampouco a vacinación se realizou nos centros de saúde ou co seu persoal, máis alá de persoas que despois de rematar a súa xornada fixeran xornadas extraordinarias nos puntos de vacinación masiva, como dicía, exceptuando a singularidade dos grupos de máis idade, concretamente, os maiores de 80, que si comezamos facendo nos centros de saúde. Digo que fundamentalmente se recorreu aos puntos masivos e non polo tanto aos centros de saúde, —insisto— tamén cunha gran satisfacción tanto para os profesionais como para os máis de 2,3 millóns de galegos e galegas que pasaron por eles.

Dende o primeiro momento optamos por non afectar os recursos con que contaban os centros de saúde, e aínda que recrutamos naquel primeiro momento duascenas enfermeiras especializadas na vacinación, tamén quero recordar nesta sede parlamentaria que esas duascenas persoas foron substituídas de xeito inmediato nos seus postos de atención primaria.

Unha vez posto en marcha o certificado covid, polo que Galicia apostou dende o comezo, tamén se solicitou a emisión destes certificados nas oficinas de farmacia, a través da plataforma É-Saúde e tamén a través de Sergas Móbil. Ademais, activouse o acceso a É-Saúde para todos os cidadáns e tamén para as tarxetas asociadas, como as dos nenos; así evitamos cargar coa emisión destes certificados aos administrativos que prestan as súas tarefas nos servizos de atención primaria.

Activamos puntos administrativos nos grandes centros de vacinación para realizar tarefas relacionadas coas incidencias de vacinación e tamén para obter os certificados de vacinación.

Gustárame destacar tamén que fomos os primeiros en contar cunha aplicación para a lectura dos certificados, que puxemos á disposición de todos os establecementos a través da plataforma Passcovid. Así mesmo, contamos dende o principio coa central de seguimento de contactos para a enquisa inicial de caso nos positivos e tamén para o seguimento e terminación dos contactos estreitos en colaboración cos rastrexadores militares; novamente unha medida encamiñada a descargar na medida do posible dese traballo de seguimento os centros de saúde.

A través dos convenios coas oficinas de farmacia puxéronse á disposición da poboación galega —especialmente da pediátrica— 150.000 tests recentemente co inicio das vacacións do Nadal, o 18 de decembro, e tamén outros 150.000 máis o 7 de xaneiro, coa volta ás escolas. Tamén se posibilitou a realización de PCR de saliva dende hai máis dun ano e a realización de tests de antíxenos diante dos farmacéuticos, neste caso para a súa posterior inclusión no rexistro. Medidas, como digo, todas elas encamiñadas a descargar na medida do posible deses labores administrativos, burocráticos, pero moitas delas tamén sanitarias derivadas da pandemia, sobre todo nos pacientes asintomáticos ou con sintomatoloxía leve.

Unidas a estas, ata un total de dezaseis, foi preciso incorporar novas medidas para poder abordar a sobredemanda nos centros de saúde. Puxemos en marcha a autodeclaración dos casos positivos na páxina web do Sergas. Así mesmo, reforzamos o teléfono 881 540 045 para comunicar o positivo e todas as cuestións relacionadas coa covid. Ademais, reducíronse para os casos leves ou asintomáticos as chamadas do persoal médico ou persoal de enfermería, pasando unicamente a realizarse no primeiro momento e no sétimo día, reducindo



en certa medida a presión sobre as axendas dos profesionais. Así mesmo, tamén dende o pasado xoves os profesionais poden tramitar, se así o desexan, de xeito automático as altas e as baixas orixinadas pola covid. Ademais, contan cunha listaxe de pacientes incorporada en Ianus neste caso para a xestión dos procesos de incapacidade temporal abertos.

Con isto o teléfono do coronavirus —o 881 540 045— tramitou no mes de xaneiro máis de 20.100 probas PCR a cidadáns con sintomatoloxía leve sen necesidade de pedir unha cita no seu médico. As unidades móbiles e fixas de cribado detectaron 9.524 positivos nas máis de 138.000 probas realizadas nos puntos de cribado, e realizáronse 131.000 PCR nos covidauto. As farmacias galegas detectaron 3.171 casos positivos nos 122.445 tests realizados nas súas oficinas. E as oficinas de farmacia imprimiron, dende que se empezou a usar o certificado, máis dun millón de certificados nas súas oficinas. Insisto: toda esta actividade realizada fóra dos centros de saúde.

En Galicia lévanse tomando medidas de organización ao longo destes últimos anos. É certo que moitas están dando xa os seus resultados. Falamos xa da instrución do TAO, que permite ás enfermeiras asumir o seguimento dos pacientes en tratamento con anticoagulantes, ou de cuestións como a posibilidade de prescrición para pacientes crónicos por parte dos farmacéuticos de atención primaria; medidas pensadas para reorganizar a actividade dos centros atendendo ás competencias de cada profesional.

Temos implantadas as axendas de calidade do persoal médico e nas vindeiras semanas comezará a implantación desas axendas de calidade para o persoal de enfermería. Esta ferramenta permítelle ao profesional contar con ocos axeitados segundo o tempo da cita; non é o mesmo o tempo de consulta dunha receita que o tempo de atención en domicilio. E, tamén, incorporáronse ocos para a coordinación, formación, ademais de permitir o programa de atención aos pacientes crónicos.

Puxemos en marcha o proceso de elaboración dos plans locais de saúde, que buscan, a través da participación de todos os axentes implicados, dotar de maior autonomía os centros no marco da reforma da atención primaria, co obxectivo fundamental de reducir a saturación das axendas, así como permitir transformar a atención non programada en programada, a través da mellora da xestión da demanda, apoiándose en ferramentas como a clasificación dos pacientes.

Agora mesmo catorce plans están a piques de implantarse. Para isto informárase debidamente o Consello Técnico de Atención Primaria e tamén a Comisión de seguimento do documento Por unha atención primaria e vertebradora do sistema de saúde. E, paralelamente, o servizo obxecto do plan asinará coa súa respectiva área sanitaria os obxectivos do plan para iniciar a execución das accións incluídas neles.

Temos xa aprobadas no Consello Técnico de Atención Primaria as carteiras de servizos de medicina, enfermería, PSX e traballo social. E esta semana estará á disposición de xefes de servizo e xefes de unidade e coordinadores de enfermería un novo cadro de mando de atención primaria con indicadores amplos, que permiten axustar as medidas que se toman no día a día segundo os obxectivos de cada servizo.



Con respecto á posta en marcha da plataforma telefónica CRM 100, que permite a xestión das chamadas que se reciben nos centros de saúde, iniciamos o piloto en quince centros e agora mesmo xa está despregado en corenta, sendo moi ben recibido tanto polos profesionais como por parte dos pacientes, non só por poder devolver as chamadas que non se poden atender no momento —que soen coincidir todas nunha franxa horaria concreta—. Como digo, esta ferramenta permite telas todas e ir devolvéndoas segundo se vai podendo. Decía que non só para poder devolvelas, senón que incluso en moitos casos permite ao persoal administrativo resolver esa petición sen necesidade de devolución da chamada, axilizando así a atención e evitando en moitos casos que os pacientes teñan que acudir aos centros.

Rematamos xa tamén a pilotaxe de XIDE, un sistema de xestión da demanda que está fixado como obxectivo nos dous documentos que marcan o desenvolvemento das accións de atención primaria e cuxo obxectivo é que todos os profesionais deste nivel, de xeito interdisciplinar, e dentro das súas competencias, dean resposta nun tempo determinado a un motivo de consulta sanitario ou non sanitario sen ter que pasar todos eles pola consulta do médico, utilizando o potencial de todas as categorías que traballan na atención primaria. *(Aplausos.)*

Agora é o momento de mostrarlles os resultados do programa XIDE, desa pilotaxe, ao Consello Técnico de Atención Primaria, aos sindicatos e tamén aos colexios profesionais. Pero podo adiantarlles algún dato.

Durante a fase inicial identificáronse todos os motivos de sobredemanda —falamos de sobredemanda— nos dous servizos de primaria que se empregaron como piloto, neste caso o de Culleredo e Illas Canarias, en Lugo. Identificáronse 451 motivos de consulta, os profesionais identificaron estes motivos. Na primeira análise concluímos que máis da metade desa sobredemanda podería ser incorporada na axenda programada, é dicir, persoas que chegan no día ao centro de saúde, analizando os motivos de demanda; os profesionais detectaron que a metade deles podían ser programados noutro día sen necesidade de ser visto nese mesmo día, e tamén que a metade deses motivos poden ser atendidos por un profesional diferente ao médico.

Como apuntamento dos primeiros resultados, confírmase ademais que a maior demanda se xera precisamente naquelas cuestións que, aínda sendo actos sanitarios, teñen un carácter máis burocrático, cousa que, por outra banda, viñamos observando durante este último tempo.

Os resultados desta pilotaxe de obxectivos márcannos o camiño para continuar coa reorganización e especialmente con medidas que permitan a abordaxe da sobredemanda —repito, esas consultas que chegan a maiores e que teñen que verse no día—, e, no caso dos médicos, continuar avanzando cara a limitar as tarefas de carácter máis burocrático, pivotando todo este proceso ademais na oitava área sanitaria, proxecto que pretendemos que sexa un apoio a través dos medios dixitais para todo o Sistema de saúde.

O seguinte paso neste eido é a pilotaxe de XIDE de Pediatría, que xa está listo para a súa posta en marcha, pendente de asignar os centros onde se iniciará.



En definitiva, queremos pasar dun modelo onde maioritariamente se atende á demanda —ou á sobredemanda neste caso— a un modelo máis proactivo, con máis prevención, atención aos pacientes crónicos e dependentes, e, dende logo, participando todos os profesionais que están formando parte dos equipos de atención primaria.

Por outra banda, escoitamos como se nos propón, como solución sinxela, máis persoal, máis persoal, pero, como levamos meses tratando de trasladar, esta situación é de todo menos sinxela. O persoal é o que temos, non hai médicos especialistas formados —neste caso, especialistas, como dicía, en medicina familiar e comunitaria— e escasea tamén o persoal de enfermería. Entendo que, ante a evidencia, se recoñecera por fin o déficit de profesionais en primaria e que ese déficit non era un problema exclusivamente galego.

Cando a primeira medida que toma o Goberno de España ante os problemas de atención primaria en todo o Estado nesta onda é o de posibilitar a contratación de persoal xubilado, debe ser porque non é tan sinxelo contratar máis persoal en atención primaria; estes profesionais xubilados de menos de 70 anos que en Galicia tiveron unha magnífica resposta e que todos debemos agradecer, 86 profesionais que mostraron un elevado compromiso coa sanidade pública e demostraron o seu apoio a todos os seus compañeiros. Como saben, asignámoslles fundamentalmente labores de apoio no seguimento dos pacientes covid, así como a tramitación das incapacidades temporais; de feito, só na última semana levan tramitadas máis de 6.000. Ademais, realizaron 3.000 receitas, 14.000 anotacións en Ianus —38 anotacións de media por facultativo— e 10.000 accesos a diferentes historias clínicas —isto, repito, na última semana—. Estamos, polo tanto, moi agradecidos, porque destaca esa voluntariedade do persoal galego con respecto a outros territorios.

En resumo, o Ministerio de Sanidade toma unha decisión sobre primaria, a primeira no ano 2022, mentres que en Galicia hai anos que abordamos a necesidade de reformar a atención primaria e, ademais, buscamos solucións para poder contar con máis recursos no relativo a persoal.

Puxemos en marcha no ano 2019 o contrato de continuidade, un contrato estable que vos tedes cualifican como precario. Nestes orzamentos, tal e como nos comprometemos, contéplanse 86 novas prazas para consolidar o persoal que supera os tres anos de vinculación no Sergas. Máis persoal.

Priorizamos en todas as convocatorias das OPE as categorías que traballan en atención primaria, convocando, entre 2012 e 2018, 8.112 prazas, esgotando a taxa de reposición que nos permite o Estado. Máis persoal.

De feito, a finais de febreiro publicaremos a convocatoria das probas para cubrir de xeito estable máis de mil prazas de enfermería polo procedemento ordinario. Gustaríame sinalar que tamén temos solicitado a pasada semana a ampliación de 385 prazas de formación nas facultades de Enfermería, precisamente para anticiparnos ao déficit deste persoal.

No Plan galego de atención primaria dende o ano 2019 creáronse 331 prazas en atención primaria. Repito: dende o ano 2019 creáronse 331 prazas en atención primaria, entre outros 80 médicos de familia, 20 pediatras e 20 matronas. Máis persoal.



E neste ano 2022, unha vez rematada a planificación de persoal incluída no plan, incorporamos nos orzamentos 81 prazas de enfermería e 28 de farmacéuticos de atención primaria, para poñer en todas as áreas o reforzo da prescrición, que están xa dispoñibles para poder ser contratados. De novo máis persoal.

De feito destinaremos neste orzamento 100 millóns máis de euros para persoal que o ano 2009. Volvo repetir: 100 millóns máis de euros en recursos humanos que no ano 2009. E neste 2022, 5,5 millóns de euros máis que no 2021 en recursos humanos en atención primaria.

Como xa dixemos, pero vostedes non queren escoitar, o programa de primaria unicamente descende no capítulo de obras e no correspondente ao Fondo covid; no relativo ás obras, neste caso destinadas á creación de circuitos de infeccións. Ese é o único descenso nos presupostos de atención primaria deste ano. E descende o Fondo covid porque, como vostedes saben, só existe nas comunidades autónomas, xa que o Goberno central entende que non é necesario.

Temos iniciado tamén xa a negociación na mesa sectorial do Plan de reordenación de recursos humanos de atención primaria, atendendo á demanda deste parlamento, na que seguiremos a abordar as medidas para actuar na ordenación das categorías e de postos de traballo, nas condicións de prolongacións e demais aspectos propios dese ámbito en atención primaria.

Así mesmo, incorporamos na Lei de medidas dúas cuestións que cremos fundamentais para poder abordar o déficit de persoal. Por un lado, a creación da nova categoría de facultativo especialista de atención primaria, que coa encomenda introducida polo Grupo Popular será posible baremar a través dun concurso de méritos. Isto vai facer máis áxil esta convocatoria extraordinaria, permitindo tamén que contén cunha praza fixa unha vez finalizado o proceso. De novo máis persoal.

É un paso adiante que se fai en Galicia, que, ante a escaseza de profesionais, promove unha medida pioneira e extraordinaria en todo o país e que pretende ser unha vía de incorporación inmediata de máis recursos tanto para a ordinaria como para o PAC. Porque, como vostedes saben, estas novas prazas levan implícita a realización de dúas gardas, o que permite avanzar máis se cabe na integración de ordinaria, neste caso atención continuada.

Deste xeito poderase atender a falta de profesionais en toda a Comunidade, pero especialmente naquelas zonas que acusan máis o déficit de persoal, por seren postos de difícil cobertura, ante a escaseza —como insistimos— destes especialistas.

Por outro lado, na Lei de medidas regulouse a aplicación das funcións dos técnicos de saúde, figura que xa existía e existe nos centros de saúde; neste caso son médicos graduados en Medicina. O pasado luns 10 publicábase no DOG a resolución pola que se abrían as listaxes de contratación e onte mesmo remataba o período previsto, cun resultado de máis de 150 solicitudes de profesionais inscritos nestas listas. A súa incorporación está previsto que se inicie a comezos do mes de febreiro, unha vez que realicen a formación precisa. Realizarán



labores de apoio, axudando ademais na xestión da sobredemanda e a xerada especialmente pola covid, para que os médicos de familia poidan seguir centrados na atención á demanda ordinaria e no seguimento dos pacientes crónicos.

Asignaránselles tarefas como a tramitación de baixas ou a elaboración de informes, a renovación de receitas para pacientes crónicos ou o seguimento dos pacientes covid, entre outras.

Estas funcións coinciden, como acaban de ver, practicamente coas que están facendo os xubilados, unha vez que o Goberno do Estado nos autorizou, despois da reunión do pasado 22 de decembro; polo tanto, van nesa mesma liña as tarefas para os técnicos de saúde.

Este obxectivo, xunto co de avanzar cara a unha atención primaria que deixe de ser concibida como porta de entrada ao sistema e pase a ser o eixo central do sistema de saúde, é o que nos ten fixado os nosos obxectivos.

E seguiremos tomando medidas para mellorar as condicións dos profesionais que prestan os servizos na atención primaria do Servizo Galego de Saúde. Galicia ten feito a súa parte, incluso temos avanzado ou iniciadas medidas incluídas no Plan de atención primaria e comunitaria, promovido polo Ministerio de Sanidade, que se inicia —por certo— catro anos máis tarde do que foi publicado, e, neste caso, no galego, inclúe medidas como a potenciación da enfermería especialista en familiar e comunitaria, que xa conta co persoal fixo dende hai un ano, e na que Galicia foi pioneira; ou o impulso da historia clínica dixital, que non lles vou contar a vostedes como está Galicia nese eido; a introdución tamén dos incentivos para as prazas de difícil cobertura incorporadas xa en Galicia dende o ano 2019 nas OPE e nas listas de contratación, e dende o ano 2021 tamén contemplada para o cálculo da carreira profesional.

E, a pesar de que xa temos parte do percorrido feito, non son competencia desta comunidade autónoma cuestións como esa acreditación das 64 prazas solicitadas no pasado mes de outubro, das que aínda non temos resposta, soamente no caso dunha área sanitaria de 10 prazas, e que remitimos ao ministerio para ampliar a oferta das prazas que se van convocar o vindeiro 29 de xaneiro no exame MIR e que nos tería gustado —e así llo trasladamos ao ministerio— que esas 64 novas prazas MIR, un 45 % máis das 142 que temos agora mesmo acreditadas, puideran —como dicíamos— formar parte do rango de prazas que puideran optar a elixir os MIR galegos ou non galegos que aprobaran ese exame do vindeiro día 29. Iso non puido ser. Seguiremos esperando que nos confirmen a acreditación desas prazas solicitadas e non queda máis remedio que saia esa convocatoria o vindeiro ano.

Ou tamén lle pedimos ao ministerio, non sendo competencia nosa, que atenda a unha petición de toda a sociedade, tamén deste parlamento, da creación da especialidade de urxencias, que permitiría que non pasara o que pasou o ano pasado —que estamos tratando de poñer medidas para que non pase este ano—, que é que máis da metade dos residentes de familia formados nesta comunidade, como practicamente en todas as comunidades autónomas, en lugar de ir a atención primaria, opten por ir aos postos de urxencias hospitalarias.



Esta onda evidenciou a ausencia de médicos especialistas para contratar, igual que ocorreu no verán, e por iso nós seguiremos traballando nas medidas xa avanzadas e das que, como dicía, algunhas están amosando resultados.

E quero rematar esta primeira intervención agradecendo novamente o traballo realizado por todo o persoal da consellería, xa sexa en atención hospitalaria, con eses nada desprezables 638 pacientes que a día de hoxe están ingresados, con todo o que significa para a estrutura hospitalaria, e tamén, por suposto, o traballo que están a facer todos os profesionais da atención primaria, os médicos por suposto, pero tamén todo o resto de membros dos equipos de atención primaria, sen esquecerme unha vez máis do traballo dos equipos de vacinación.

E, por suposto, agradecer aos galegos e ás galegas, primeiro, a súa comprensión neste momento, nunha onda que está a desbordar a todo o mundo practicamente, e que teñan comprendido esas dificultades para acceder nalgunha ocasión ao parte de baixa ou á confirmación. Como veño de relatar, temos posto medidas para aliviar esa carga, nomeadamente o autorrexistro, esa opción de autodeclararse sen necesidade de ir ao centro de saúde para facer un acto administrativo, como declararse, a través neste caso do teléfono 881 ou do formulario web.

E, por suposto, agradecer a todos eses médicos xubilados que, acolléndose a esa medida establecida polo Goberno de España de permitir esa volta aos postos de traballo, están botando unha man importante nesa carga sanitaria pero burocrática que está a implicar esta onda actual.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Señor conselleiro, tal como está a primaria, fixo vostede unha intervención que nos deixou un pouco fríos. Non sei se está a cousa para un debate parlamentario ou para ir sacar os queixos, a verdade é que está vostede... En fin, a culpa é da xente que pide mal as citas e do ministerio, coma sempre. Imos intentar poñerlle un pouco de cabeza ao asunto, a ver se con certa sensatez conseguimos construír algo.

Sobre a pandemia. Ben, nós, como vostede sabe, consideramos sempre que a situación é difícil e é imposible facer unha valoración deixando fóra a idea de que xestionar a pandemia é



algo complexo. Nós entendemos que a evolución é boa. Fíxese: no Parlamento, que ten eses tempos lentos, vostede comparece para falar da onda da pandemia cando xa está baixando, e empezouse a debater que debería vir aquí cando empezou a subir. Isto non é cousa súa, é cousa do Parlamento; ben, se non fora porque vetaran vir antes.

Pero, en todo caso, máis alá diso, a evolución agora vai mellor que hai un par de semanas, é distinta, porque está sendo distinta, a afectación é distinta, froito sobre todo da vacinación; sempre é preocupante, pero hai que saber incluso cambiar a mirada.

Nós cremos que hai que acompañar as medidas que se tomen. Sabe vostede, sabe o Goberno e sabe todo o mundo que pretendemos ser certamente leais con respecto ás medidas, comprendendo a dificultade.

Si cremos que hai un manual de instrucións agora que está usando, que é o do 2020, e a situación está en 2022, e isto xa variou algunha cousa. Non variou isto de que os anuncios de restricións se fan antes do comité, que iso está moi ben —pouco respecto lle teñen—, pero, en todo caso, si cremos que podendo cambiar hai que entender que a situación é difícil.

O que axuda a todo isto é a vacinación, evidentemente. Vaime permitir que faga algo sorprendente neste parlamento, que é manter coherentemente a mesma posición que sempre; díggollo porque a vostedes igual lles custa un pouco. A vacinación é un éxito colectivo —díxeno sempre—. Por certo, que agora presume de que Galicia vai moi ben na vacinación, que vai moi ben, e permítame que lle recorde, coa coherencia que dixeran ao principio: ¿lembran vostedes cando facían o vergoñento espectáculo de dicir que o ministerio, o Goberno do Estado non daba vacinas suficientes? Entón, agora ¿que? ¿Que Galicia é a máis privilexiada? Non. Nin foi antes nin é agora. (*Aplausos.*) Non se trata de privilexiar, como non se tratou nunca de atacar, nunca, nunca. Non se tratou nunca diso. Galicia recibe as que ten que recibir, sempre o fixo, sempre o fará. Porque este é un ministerio que fai as cousas como ten que facer, non entra noutras dinámicas e, dende logo, moito peor iría se isto pasara como na Deputación de Ourense, que se deran as vacinas por quen entra ás 12 e un minuto a pedir as subvencións, que iso xa sería outra cousa. Aí si que faríamos a cousa en función doutros criterios.

Sobre a atención primaria, vou facelo sen moito pudor; ben, case mellor vou ter un pouco de pudor. Vostede di, con certa altanería —permítame—, que o ministerio empezou a tomar decisións agora. Eu non vou entrar a falar do ministerio, porque creo que a situación é aquí, porque lémbrese que a competencia de sanidade é da Comunidade Autónoma.

Mire, o último Marco estratéxico do ministerio que se coñece é do 2019. Vostede di que empezaron a tomar medidas agora. Se non teñen na consellería o Marco estratéxico, eu déixolle unha copia no Parlamento. É raro, porque Galicia estaba naquel acordo. O anterior, de 2019, tomouse en 2007; 2007–2012 foi a duración.

Vostede pode preguntar que pasou no Ministerio de Sanidade entre o 2012 e os anos seguintes, pode preguntar. Pero para preguntar non mire para ese lado, mire para aquí. Porque o espazo onde non houbo nin un só marco estratéxico de atención primaria en España foi gobernando vostedes. Así que oriente ben cando fai algunha crítica.



Hai un marco estratéxico en 2019, cunha serie de medidas coordinadas, por certo, aceptadas por todas as comunidades autónomas. Bastante desleal é aceptalas alí e vir aquí crítico, e moito máis desleal é vir aquí dicir que non se fai nada. Se non teñen as copias, déixollas eu, pero creo que é bastante fácil; en Google creo que son a primeira e a terceira saída que saen de Google. O do 2007-2012 e o do 2009.

A partir de aí, atención primaria. Hai un problema de recursos e de modelo, si, de recursos. Non só porque a atención primaria ten menos orzamento que o ano pasado, que tamén, pero ademais sobre onde están os recursos. Porque non é un problema de que os profesionais estean de vacacións. Iso alimenta unha situación, pero xa estabamos aquí antes, jeh! A pandemia o que fixo foi facer máis chamativo o problema, pero a realidade xa estaba aí, xa había demoras de quince días para esperar en atención primaria antes da pandemia. Xa tiñamos máis de cincuenta pacientes por profesional antes da pandemia. Xa os profesionais dicían antes da pandemia que estabamos nunha situación límite. Xa se falaba do cambio do modelo antes da pandemia. Se todo iso xa existía, a pandemia acelerouno.

E, por certo, evidentemente, a pandemia non é culpa do Partido Popular. Unicamente puxo un gravísimo problema tamén sobre a atención primaria. Pero non olvidemos que estamos a falar agora en termos estruturais dos problemas que xa existían antes, e si é un problema de recursos en boa parte. Porque mire, recursos en termos de persoal basicamente. Dos que estaban e non están, que se chama recortes. Hoxe hai todos os demais datos; iso é Walt Disney. Orzamento contra orzamento, porque sálvenos de discutir que os orzamentos non son o documento estratéxico fundamental e político dun goberno e, polo tanto, o debate fundamental dun parlamento. Orzamento 2009 contra orzamento 2022: 976 profesionais menos en atención primaria —non diga que non, señor conselleiro, coa cabeza—. Pero imos ver: ¿é que vostedes o orzamento que teñen é mentira? Eu voules considerar que é verdade o que traen, podo discutilo, pero é verdade. Pois teñen hoxe 976 profesionais menos. Punto. O demais é considerar que trinta contratos a unha persoa son trinta persoas; supoño que non están facendo ese truco.

Os que debían estar. Vostede fala agora da especialidade de urxencias. A ver se pode contarme que fixo o Partido Popular pola situación de urxencias. Se é posible, cóntamo despois, pero supoño que non ten moito que contar sobre iso.

O 80 % dos MIR que acaban en medicina familiar en Galicia non están traballando en atención primaria en Galicia, o 80 % non están traballando en atención primaria en Galicia. Entendo que me pregunte de onde saco ese dato. Principalmente de que vostede di que máis do 50 % está en urxencias. Primeiro, máis do 50 % —xa temos o 50 %— en urxencias, non nos centros de saúde, señor conselleiro. Supoño que non estamos pretendendo facer ese engano. Están na atención primaria dalgúns centros privados, están noutras comunidades autónomas, están incluso facendo o MIR noutras especialidades por se poden rotar. Pero ese é o dato, non están. ¿Por que? Porque as condicións son moi malas.

Eses son os que deberían estar, os que estaban xa os recortaron, os que debían estar están noutro lado, porque as condicións son moi malas. ¿E os que van vir? Vostedes falan dun MIR extraordinario. Imos supoñer —entendo eu— que saltamos que o Partido Popular cambiou



a lei para dicir que un MIR extraordinario anualmente era ilegal; cambiouno Ana Pastor. Pero imos salvar ese detalle da ilegalidade; en fin, a un goberno Aznar falarlle de ilegalidades, ben, en fin... Pero imos saltar ese detalle. ¿Canto é un MIR extraordinario? ¿Duplicar o que temos un ano? Imos salvar que vostedes igual non están contando como van titorizalos, en que espazo, se van duplicar profesionais, se van saturar as consultas, a ver se vai haber tantos MIR nas consultas que non vai poder haber pacientes. Pero imos salvar ese problema e digamos: o dobre. Hoxe hai 142. Por certo, nunca, nunca cun goberno do PP no Estado houbo máis, non chegou nin sequera a 100 prazas MIR de medicina familiar e comunitaria en Galicia, nunca. Agora estamos en 142 e queixanse. Está ben queixarse, a ver se chegan máis.

Pero imos dicir que é duplicar. ¿Sabem onde están 151 médicos de familia que podían estar formándose en Galicia? Son as prazas ás que vostedes renunciaron dende que goberna o señor Feijóo. ¿Por que renunciaron?, porque estaban habilitadas, podíanse convocar e non se convocaron. 151, 137 de enfermería familiar e comunitaria. ¿Por que renunciaron?, ¿por que? ¿Non ían facer falta? Agora queixanse e piden un MIR extraordinario. Aí teñen o MIR extraordinario, é ao que vostedes renunciaron. ¿Para que o piden? ¿Para logo non convocalo? Porque podería ser.

Entón, os que estaban xa non están, porque vostedes recortaron; os que podían estar, polas condicións laborais, foxen, a outros servizos, a outros lugares; e os que poden estar no futuro vostedes están renunciando a convocalos. ¡Home!, é un pouco incoherente pedir un MIR extraordinario con iso. Como se ademais fora a única solución.

Porque ese é un problema de persoal, pero hai un problema de modelo, que tamén está aí a solución, un sobre todo, porque aí está o persoal. Gústame moito e felicítoos polos labores que están desenvolvendo para acompañar nos labores administrativos. Canto máis labor administrativo faga outro persoal, máis espazo ten un médico ou outros profesionais para a clínica, fantástico.

Eu lembro cando falei diso aquí e o Partido Popular ría, bufoneaba con isto, contra min. Eu xa, como comprenderán, teño un pouco de lombo, non hai moito que tal, pero alégrome de que vostede tome esa decisión porque nós cremos que é boa.

Liberáronos efectivamente. Pero non só con respecto á covid. Antes da covid era moi habitual, moi natural, calquera o sabe, que asistir o médico de familia supoñía velo un terzo do tempo, como pouco, escribindo no ordenador, non porque el quixera senón porque tiña que facelo, porque tiña unha sobrecarga de labor administrativo.

Pero na cuestión do modelo, non todo son os médicos, a atención sanitaria non só son médicos, que son importantes, pero debemos de facela verdadeiramente multidisciplinar, que hoxe non o é. Hoxe está todo concentrado no médico e debemos de facer triaxe, tamén en atención primaria, debemos de diversificar, de ter moitísimas especialidades, de ampliar o volume dos profesionais.

E multidisciplinariedade non é un psicólogo por 400.000 habitantes, como incorporaron recentemente. É volcar os servizos de saúde mental tamén en primaria, é incorporar traballa-



doras sociais, porque o problema psicosocial somatiza moito e ten moitísimo que ver cos plans de saúde.

Claro que vostede di que nos gustaría facer prevención. ¿Con quen? Pois tamén para facer prevención de mobilidade, problema moi habitual para os maiores.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Deberíamos ter fisioterapeutas. Poderíamos incorporar podólogos en atención primaria. Poderíamos vincular moitísimos servizos. Poderíamos destinar especialistas dos centros hospitalarios para que fagan nos centros de distancia longa alí consultas puntuais unha vez cada x tempo. Poderíamos desvirtualizar un pouco a sanidade e facela un pouco máis humana.

Pero iso non é posible. ¿Por que? Porque vostedes apostaron polos recortes —aí están os datos— e polo conformismo. Con tal de atopar un culpable, están conformes coa situación, e nós cremos que é moito mellor —e dicímosllo sempre— buscar solucións que buscar culpables. Porque para buscar culpables podemos competir, pero non imos resolver o problema, que hoxe é acuciante, pero que xa estaba antes da pandemia, señor conselleiro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día, señor conselleiro.

Debo empezar dicíndolle que vén vostede tarde a este parlamento. A tensión do sistema sanitario está nunhas cotas nunca antes imaxinadas nin sufridas, a pesar desta intervención que vostede tivo, onde parece como que estamos dentro da normalidade. Comparece vostede cando levamos semanas en plena sexta onda da covid-19, cando levamos semanas cunha foto fixa, a foto fixa dunha atención primaria colapsada, os cadros de persoal diezmados, o persoal exhausto, equipos de traballo raquíuticos para facer fronte ás necesidades sanitarias da poboación, as miles de persoas que pasan a covid no seu domicilio, porque, aínda que non teñan que hospitalizarse, non significa que sexan todos síntomas leves, senón que hai moitas persoas que están nos seus domicilios pasándoo bastante mal, e que iso necesita consulta, seguimentos, tratamentos e xestións. Esas 75.000 —porque á velocidade que dan as altas poderíamos estar falando de moitísima máis— que necesitan un seguimento e control e que parece como que nada, que están na casa simplemente mirando a televisión.



Semanas despois de tomar a decisión de restrinxir a actividade asistencial e deixala reducida a urxencias e casos covid, en catro centros de saúde da área sanitaria de Vigo fixo saltar todas as alarmas e certificou o colapso da atención primaria nesta área, e significou que tiveron que asumir o desastre dunha situación límite.

Comparece vostede semanas despois de levar á desesperación miles de galegos e de galegas, porque teñen derivado a responsabilidade á poboación, obrigándoa a autoxestionarse e a pagar a xestión, esa autoxestión (autocitas, autotests, autodiagnósticos, autocoidados, autotopagos...), unha autoxestión na que as persoas máis vulnerables, que non teñen os recursos económicos ou capacidade e demais, pois quedan excluídas e tiradas.

Pero vostede pode permitirse o luxo de pasar semanas sen vir a este parlamento a dar explicacións e cando menos a dicir que medidas están tomando, á parte de vir hoxe repetir sistematicamente as mesmas. Nada novo baixo o Sol dixó vostede hoxe aquí nesta intervención.

Vén vostede hoxe aquí cunha foto fixa consecuencia de aplicar esas políticas neoliberais tamén á sanidade, políticas economicistas durante anos aplicadas polo Partido Popular e non políticas para garantir o servizo público esencial como é a sanidade. Porque hai que dicir alto e claro que a desatención sanitaria non se está producindo por desleixo, por incapacidade, por incompetencia —que tamén hai, que tamén hai, e bastante—, senón que é unha voadura programada, unha voadura programada que están levando a cabo sistematicamente, nos últimos doce anos con máis intensidade, respondendo a ese proxecto calculado de menos sanidade pública para poder engordar a sanidade privada.

Porque esa é a folla de ruta. E vostede vai chegar aquí e dicir: ¡buah!, é que insisten no mesmo. Si, insistimos no mesmo, porque, se non, eu emprázoo aquí a que faga un estudo de canto aumentaron os seguros privados de saúde dende que vostedes gobernan, (*Aplausos.*) canto aumentaron as persoas que acoden sistematicamente á sanidade privada porque non teñen resposta na sanidade pública. É así de claro, señor conselleiro.

¿Cantos cartos, canto aumentaron porcentualmente os cartos que van á sanidade privada directamente dende a Administración ou dende os petos dos propios cidadáns e canto aumentou o orzamento na sanidade pública? Emprázoo a que teña a valentía de facer un estudo respecto diso para a ver se poñemos, dunha vez por todas, branco sobre negro.

Porque só así, tendo claro que esta é unha voadura programada, se entende que dous anos despois de iniciar a pandemia esteamos enfrontando a sexta onda cunha flagrante falta de medios, organización e planificación. Porque iso é o que está acontecendo na sexta onda. Dous anos despois —teño que recalcar esta cuestión—, profesionais esgotados, exhaustos, descoordinación entre a central de seguimento de casos e os centros de saúde, teléfonos de notificación de persoas positivas colapsado permanentemente, señor conselleiro.

Unha sexta onda con decisións que non fan máis que aumentar a confusión e o caos entre a poboación e os profesionais, que xa non saben cal é o protocolo que está en vigor, que medidas teñen que tomar, que é o que hai que facer neste momento; pautas e protocolos cambiando cada media hora.



Gustaríame que me explicara, señor conselleiro, por que foron tomando colectivamente esa medida, que conducía a unha situación de contaxio colectivo, ao reducir corentenas de positivos sen síntomas, retirar corentenas de contactos estreitos, non facer rastrexos nin seguimento de positivos e contactos, ter en mans dunha empresa que ten o seu persoal nunhas condicións de traballo con ofertas de traballo precario, mal pagado, de menos de sete euros a hora; medidas todas elas, dende logo, tendentes a ese contaxio colectivo.

Porque, na falta doutra explicación, eu quero preguntarlle se as medidas son para evitar que a xente se infecte ou para evitar que deixe de traballar. Iso é unha cuestión que me gustaría que vostede contestara, se son para evitar que a xente se infecte (*Aplausos.*) ou para que non deixen de traballar, e cal é a garantía de que con estas corentenas tan curtas a xente deixe de contaxiar cando lle levantan a corentena e cando lles din que poden facer vida normal.

Señor conselleiro, atención primaria ao borde do precipicio, na UCI, e esta situación pois non se soluciona con parches, colocando tiritas, senón con medidas reais e contundentes. Porque mire, o control de calquera problema de saúde pública ten dúas patas, e moi interdependentes: unha, as políticas que se aplican e, logo, a responsabilidade individual, pero vostedes é que levan moitos meses derivando todo á responsabilidade individual da poboación. E a Xunta ten responsabilidades. Ten responsabilidade e actuacións que pode e deber realizar, aínda que leva desentendéndose dende hai moito tempo. E os galegos e galegas temos dereito a que se actúe con todos os medios posibles para protexer a poboación, e vostedes non o están facendo.

A vacinación é importante, pero vostedes saben que non é suficiente, saben que non, que non é suficiente, que hai outras moitas medidas que hai que poñer en marcha.

Por fin di vostede que reconece a falta de profesionais. Que o reconece ¿quen? Vostedes parece que non. A vostedes —é que non sei— ¿cantos anos levamos dicíndolles que ía pasar? ¿Cantos anos levamos dicíndolles cal era o seu propio plan de recursos humanos, onde se advertía o número de xubilacións que se ían producir? E ¿vostedes que fixeron? Non escoitar absolutamente nada e non tomar medidas.

Mire, entre os anos 2012 e 2017 xubiláronse en Galiza, médicos de atención primaria, de familia e comunitaria, 331; só repuxeron 221, é dicir, 110 menos en cinco anos, 2012-2017. De pediatría xubiláronse 175; só repuxeron 96; 79 menos. ¿Por que soamente dous datos, 2012-2017? Porque a partir de aí vostedes deixaron de dar estes datos. ¿Por que? Para que non se soubera que era o que estaba acontecendo.

E neses anos 2012-2017 mantiveron a taxa de reposición, mantívoa o Partido Popular, porque neses anos gobernaba o Partido Popular en Madrid, e todos estes profesionais non se volveron repoñer.

¿A quen se refire cando di que por fin recoñecen que faltan profesionais en atención primaria? ¿A vostede, ao Partido Popular? ¿A quen exactamente? Porque anos e anos dicíndolles o que ía pasar e vostedes non tomaron nota, porque non quixeron tomar nota nin quixeron actuar, porque —insisto— a folla de ruta súa vai por outro lado.



E a previsión, señor conselleiro, non desmentida pola consellería, é que nos vindeiros catro anos van xubilarse arredor de catrocentos médicos de familia. ¿Cal é a previsión para solucionar este problema?, porque na actualidade xa hai 55 cupos sen cubrir en Galiza. E claro, a súa solución pasa por dicir —eu onte escoitei estupefacta o presidente da Xunta dicir— que pedían MIR extraordinario para afrontar a situación de pandemia. ¿Pero canto tempo se leva en formar un MIR extraordinario, señor conselleiro? Catro anos. A previsión ¿que é? ¿Que dentro de catro anos sigamos en pandemia?

Hai que ter un pouco de seriedade á hora de informar a poboación, non crear relatos falsos, senón explicar as medidas e cales son as competencias que ten a Xunta para actuar. (*Aplausos*). Porque eu dende logo asisto aquí tamén estupefacta a que vostede diga que por fin o Goberno do Estado toma unha medida con respecto á atención primaria. Pero é que as competencias en sanidade son da Xunta de Galiza, señor conselleiro, as competencias en sanidade son da Xunta de Galiza, e hai moitas medidas que vostedes poden tomar e que non están tomando.

E a primeira é o tema do orzamento. Teño que volver insistirle: Galiza está á cola en investimento en atención primaria. Pero é que está á cola no último dato coñecido, que é que temos o 12 %, cando a media do Estado é do 14,2 %. Somos os cuartos pola cola. Significaría que de estar na media terían que investir 262 millóns de euros anuais máis en atención primaria para estar na media do Estado. E, lonxe diso, ¿que fai o Partido Popular? Pois que o orzamento para atención primaria para este ano 2022 aínda é máis baixo que no ano 2021. Entón, ¿a quen lle botan a culpa de non destinar orzamento a atención primaria? ¿Toman en serio os problemas deste nivel asistencial cando destinan menos recursos que o ano anterior e moitísimos menos nin sequera para estar na media do Estado? Iso non é seriedade, señor conselleiro. (*Aplausos*.) 47 millóns de euros menos, 277 millóns se lle aplicamos o IPC.

Persisten vostedes nunha política laboral de maltrato ao persoal, en plena pandemia. Mire, vou darlle unha serie de datos que teño aquí. (*A señora Prado Cores mostra un documento*.) En plena pandemia, por exemplo, enfermería leva denunciando que seguen con contratos realmente precarios e maltratando o persoal. Mire, teño aquí unhas cantas vidas laborais, pero poderíamos ter, é unha mostraxe, poderíamos ter moitísimas máis.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: 34 contratos en dous meses, 28 dun día. 53 contratos en tres meses, 46 dun día. 15 contratos en mes e medio, en oito centros distintos. E podemos seguir por aquí. 30 contratos en cincuenta días, 22 dun día. Podo seguirlle así, señor conselleiro. ¿Vostede, así, estráñase de que os profesionais non queiran traballar nesta atención primaria colapsada...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e nestas condicións laborais, señor conselleiro? É imposible que así o fagan.



Eu podería seguir, e seguirei na seguinte quenda, dicíndolle a situación na que están moitísimos centros de saúde, con persoal reducido á mínima expresión. E así, señor conselleiro, non é posible.

Por iso eu preguntolle se vostede vai nalgún momento deixar a improvisación...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...de botar balóns fóra ou botarlle a culpa ao empedrado e vai empezar a tomar medidas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...para que a atención primaria teña recursos suficientes para atender á poboación.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, desde o Grupo Popular queremos agradecer a transparencia do Goberno galego. Como xa se destacou hai uns días na Deputación Permanente, a Xunta mantivo a súa rendición de contas periódicas a este parlamento durante toda a pandemia, mesmo cando esta cámara estaba disolta e non tiñamos ningunha dúbida de que vostede, señor conselleiro, comparecería nada máis comezar este período de sesións para informarnos das últimas novidades. Moitas grazas, señor conselleiro, por dar contas e comparecer periodicamente (*Aplausos.*) nesta cámara.

A oposición interesábase pola xestión da pandemia en Galicia e cremos que se deron varios datos claros.

Sobre a incidencia acumulada, por debaixo da media de España, incluso aínda que Galicia, ao contrario doutras comunidades autónomas, está a facer un exercicio de transparencia comunicando ao ministerio todos os positivos que se notifican polos autotests, cousa que non se fai desde algunhas comunidades.



Se falamos de porcentaxe de ocupación hospitalaria pola covid, temos a menor de España, tanto en planta como en camas de críticos.

E falemos de vacinación. Galicia, á cabeza de España, tanto en poboación con pauta completa como en doses de reforzo ou vacinación infantil, adiantándose varias semanas aos obxectivos marcados polo Goberno de España. Nalgunhas franxas de idade a porcentaxe de vacinados con doses de reforzo en Galicia está 30 ou 40 puntos por riba da media nacional.

Escoitámoslle, señor conselleiro, que Galicia está á cabeza de nivel de Estado, ao igual que o leva estando ao longo deste ano desde que se iniciou o proceso. Galicia administrou o 100 % do total das doses, cando a media nacional é do 95,49 %.

Quero recordarlle aquí, señor Torrado, cando vostedes dicían que non había persoal suficiente e os señores do Bloque Nacionalista tamén, que cada dose que chegou cada dose que se utilizou, non caducou ningunha.

E para declaracións, señor Torrado, as do presidente Sánchez: *se vacuna sin mirar a quién vota la gente*. Esa declaración é para tela en conta, ¡eh!

Ben, como dicía, todo isto, sumado ao dato coñecido por todos de que Galicia é a comunidade autónoma peninsular con menor taxa de mortalidade por covid desde que comezou a pandemia, sería xa suficiente para zanjar este debate.

Señorías, a xestión da pandemia en Galicia foi boa. Resiste calquera comparación que vos tedes queiran facer, mesmo aquela que facía a señora Pontón cando quería establecer comparación coas illas de Nova Zelanda, que eran o modelo de xestión da pandemia do BNG, a cuxa política de confinamentos continuos, como se pedía desde o BNG en Galicia, tiveron que renunciar o pasado outono cando deixou de ser un modelo e tivo que abandonar a estratexia de eliminación total da covid, recoñecendo a imposibilidade de perseguir un a un os casos de coronavirus ante a expansión da variante delta. *Ningún sistema es 100 % perfecto*, recoñecía Wiles, a científica máis mediática de Nova Zelanda.

E eu tamén quero agradecer aquí a todos os profesionais sanitarios implicados e a todo o pobo galego o seu compromiso e a súa responsabilidade, o sentidiño, que permitiron que Galicia lidere a vacinación non só a nivel español senón tamén a nivel europeo. *(Aplausos.)*

Pero, claro, como os datos comparativos da xestión da pandemia son tan elocuentes, vostedes teñen que falarnos doutro tema, que é a situación da atención primaria. E tamén falan dela como se fose incomparable, como se fose unha situación que se dá exclusivamente en Galicia polas políticas do Partido Popular e pola política de Feijóo. Poderían entón explicarnos tanto o señor Torrado como a señora Prado por que os sindicatos de atención primaria de Asturias están a reunir sinaturas para reprobar o conselleiro socialista de Saúde, ou algunhas manifestacións que fan os profesionais da atención asturiana nos medios. *Liamos: Nos sentimos maltratados por el sistema de salud, estamos hartos, no podemos más. Este es el resultado de años de pésima gestión. La única solución para recuperar al personal perdido en estos años*



y a los que no se los cuidó en absoluto es ofrecer unas condiciones laborales dignas, algo que no está ocurriendo ni creo que vaya a ocurrir en Asturias.

Ou da situación da primaria en Cataluña, onde a sanidade está xestionada polos socios do BNG nos últimos catro anos: *No sentimos que haya una apuesta para hacer que realmente la atención primaria tenga la fuerza que debe de tener. Los médicos estaban, pero se han ido, y en enfermeras, más de lo mismo.*

Señor Torrado e señora Prado, vostedes dinnos que hai que escoitar os profesionais. Poderíannos dicir cal é o motivo polo que non os escoita o PSOE onde goberna e tamén onde gobernan os socios do BNG.

Tamén nos din que o persoal foxe de Galicia polas condicións laborais. ¿E a onde foxe? Desde logo, non a comunidades que estean gobernadas polo PSOE nin polos socios do BNG.

Polo tanto, todo parece indicar que este problema de saturación da atención primaria non é un problema galego, senón que, señorías, como é ben sabido —e vostedes tamén son conscientes diso, outra cousa é que tenten confundir e tenten torpedear a información—, é un problema estatal. Este déficit de profesionais —ata o recoñeceu o propio Goberno de España, e así o ministerio de Sanidade publicou un decreto lei que permite a contratación de xubilados— é un problema estatal, que se dá en todas e cada unha das comunidades autónomas, governe quen governe, e que non vai ligado, como vostedes din desde a oposición ou queren facer ver, ás políticas do Goberno Feijóo. Todo o contrario.

De feito, as políticas do Goberno de Feijóo, como o Plan galego de atención primaria, teñen contribuído a paliar os problemas que a falta de especialistas está a provocar na atención primaria de toda España. O pasado decembro o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde aprobou un plan estatal de atención primaria e comunitaria. Era unha continuación doutro plan estatal de primaria que aprobou o Goberno socialista no ano 2019, e que fixaba como obxectivo a longo prazo baixar a media de pacientes por médico en atención primaria a 1.500. Pois ben, en Galicia está en 1.250.

Imos ver que medidas propón este novo plan estatal para as comunidades autónomas.

Incremento do acceso da Atención Primaria a petición de probas diagnósticas; en Galicia isto está potenciado a partir do Plan galego 2019–2021. Potenciar a enfermería especialista, familiar e comunitaria; unha categoría tamén creada en Galicia no ano 2016 e na que xa hai profesionais con praza en propiedade, tras os correspondentes programas selectivos.

Outra medida. O impulso das ferramentas dixitais para a monitorización de pacientes; ben-dito Telea en Galicia, que nos salvou de moito, implantado xa desde hai anos. Ou para a xestión da demanda tamén; pois a semellanza do sistema XIDE, do que falou o conselleiro, e que o Sergas está a implantar nos servizos administrativos dos centros de saúde.

Tamén aquí falan do impulso da historia clínica dixital, con sistemas de teleconsulta, vídeoconsulta, acceso a *big data* ou introdución de información por parte do paciente, todas



estas funcionalidades que xa están incorporadas na última versión do sistema Ianus, da historia clínica electrónica galega.

Ou o desenvolvemento dos mapas de competencias das categorías profesionais, traballo realizado polos grupos creados no seo do Consello Técnico de Atención Primaria no ano 2019 e que foron aprobadas ao longo do ano 2021.

Ou a mellora dos modelos de gobernanza, autonomía e xestión nos centros de saúde, pois tamén a semellanza dos plans locais de saúde que se están a elaborar de xeito piloto este ano en varios centros galegos e que a Xunta quere estender reforzando o tempo e a autonomía dos centros, coa reforma do decreto regulador da atención primaria, cuxo trámite comezou este mesmo ano.

Tamén falaban da introdución de incentivos para prazas de difícil cobertura, que en Galicia xa se contemplaba no ano 2019. Ou o establecemento de incentivos para a función titorial, para a que Galicia xa está a traballar nun novo decreto de formación sanitaria especializada que contempla estas melloras para os profesionais que colaboran na docencia dos residentes. Ou a promoción da contratación de residentes con contratos de polo menos dous anos de duración. Recordemos que Galicia leva facendo isto desde o ano 2019, co contrato de continuidade de ata tres anos e con opción a conversión en fixo tras estes tres anos, como os orzamentos do 2022 xa contemplan 86 prazas destas.

En consecuencia, o que o Ministerio de Sanidade lles di ás comunidades autónomas para reforzar a atención primaria é que sigan os pasos que foi marcando Galicia. Esta é a solución do Goberno socialista.

Pero, mire, ata o Ministerio de Sanidade quere estender ao resto das comunidades autónomas o contrato de comunidade que o señor Torrado tanto criticou neste parlamento. Hai cousas curiosas, e aquí unha vez máis o Ministerio de Sanidade de Madrid e o Partido Socialista galego separan os seus camiños. O Partido Socialista vota aquí eliminar os límites das taxas de reposición pero o ministerio négase a facelo. O Partido Socialista asinou aquí unha iniciativa conxunta, que se aprobou por unanimidade, para que se creara...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—remato xa— de xeito preferente e independente do decreto de troncalidade a especialidade de medicina de urxencias, pero o ministerio xa lle respondeu á Xunta que non pensa facelo. E terminará este decreto de formación troncal de especialidades e logo a especialidade de urxencias terá que poñerse á cola.

Señor conselleiro, vostede compareceu aquí en novembro de 2020 e no ano 2021 en febreiro, en abril, en maio e en agosto para dar conta da pandemia. Vostede ten comparecido moitas veces nesta cámara. É curioso escoitar o que escoitamos aquí. A oposición, desde logo, continúa no mesmo, na liña das mentiras, do desprestixio da sanidade e da terxiversación. Nosoutros agradecemos que vostede compareza aquí e nos conte como van as liñas de Galicia.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Ben, a verdade é que é unha mágoa que, despois deste rato falando, non chegamos practicamente a ningún punto en común, porque eu tratei de explicar as características específicas desta onda que vivimos, basicamente culpa da variante, señor Torrado. Non lles botei a culpa nin aos que piden citas nin ao ministerio da situación actual. Creo que deixei claro que era unha cuestión derivada das características da variante. Pero para vostedes a variante esta non afecta nada, o problema vén de 2019. Insisto: en ningún momento non quererá vostede dicir que eu lles boto a culpa aos pacientes que piden mal as citas. Outra cousa — e alégrome de que vostede coincida niso — é que hai citas que se piden nos centros de saúde — non agora senón dende hai moito tempo — que se poden resolver doutro xeito diferente que pasar todos pola consulta do médico.

Dicía vostede que temos o manual de instrucións do ano 2020. Pois non, mire, por sorte ou por desgraza, os manuais vanse cambiando, e temos feito nestas últimas semanas — concretamente nas dúas últimas semanas — unha modificación substancial das características da xestión da pandemia, sobre todo no que ten que ver cos casos activos e cos contactos deles. Non así, afortunadamente, coa situación daquelas persoas que requiren unha atención urxente ou un ingreso tanto en planta como en críticos. E volvo destacar que temos 633 pacientes ingresados a día de hoxe, cousa que non é nada trivial.

Pero, como dicía, no ámbito da patoloxía leve, dos casos leves, si que fomos modificando as nosas condicións de manexo loxicamente, porque coas condicións anteriores, á parte de ser inabordable con aquela estrutura sobre todo as características de levidade de como afecta esta variante aos cidadáns, afortunadamente requiren un modelo diferente. Se vostedes cren que a solución para esta variante é corentenar os contactos estreitos, pois, por favor, gustaríame que mo dixeran nas segundas intervencións. ¿Equivocouse a Xunta de Galicia e tiña que ter corentenados os contactos estreitos, aínda que estiveran con dobre pauta de vacinación ou a terceira dose?, iso que vostedes cren que tiñamos que ter feito. Pois se é así, gustaríame que especialmente o Bloque mo dixeran, porque parece que as decisións as tomamos para favorecer os empresarios, unha vez máis.

Ben, señor Torrado, o Comité Clínico, para a súa información, réunese todas as semanas; máis ben, réunese todos os días. Falamos con eles o pasado xoves, traballamos no protocolo do Entroido, que creo que é algo público que levamos comentando xa hai tempo, e tamén estamos a traballar na revisión das medidas que se tomaron nun momento crítico como foi



xusto antes do día de Fin de Ano. E tiveron un sentido esas medidas, analízanse os resultados, analízase a repercusión desas medidas. E, polo tanto, no Comité Clínico todos os días, e especialmente unha vez á semana co subcomité, plantéxanse discusións e sabemos por onde estamos indo. Non é nada desleal trasladalo cando os medios nolo preguntan ou vostede mesmo se o fixera. Na reunión de hoxe pola tarde o comité tomará a decisión correspondente coas variantes que aí se poidan matizar.

Ben, eu non quixen falar das vacinas e quedei co dato positivo, e ademais creo que é mérito de todos, incluso dos partidos da oposición por apoiar este programa de vacinación, e, por suposto, polo Goberno, que as compra na Unión Europea e as pon á nosa disposición. E aí remata a función do Goberno, señor Torrado. O Goberno ponas aquí ou ímolas buscar ás veces, e a partir de aí toda a vacinación é cousa das comunidades autónomas.

Eu non quería voltar a aquela discusión de se en Galicia recibiamos... Pois claro que recibimos vacinas nun primeiro momento máis que outras comunidades autónomas, pero menos que outras comunidades autónomas tamén. E cando se anunciou a bombo e platillo que chegaban catro millóns de doses para todo o Estado e nos dixeron que a Galicia non chegaba ningunha, nós —como o noso traballo é defender os galegos— tivemos que dicir que era inxusto e que queriamos as mesmas vacinas que a comunidade autónoma que máis recibe, (*Aplausos.*) que é Asturias. E vostede sábeo. Nós non pedimos nin unha máis en proporción que as que recibe Asturias. E a resposta foi cero vacinas. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, é certo, señor Torrado. Ben, afortunadamente corrixíuse esa desviación e finalmente puidemos telas e podemos —recordo— vacinar a todos os rapaces entre 12 e 19 antes de que iniciaran o curso; chegamos a vacinalos a todos; ese era o noso obxectivo.

Tampouco comenta vostede a necesidade que tivemos en Galicia de pedir que nos deixaran vacinar por debaixo de 39, fronte ao risco de ter que parar de vacinar durante semanas, cousa que estivo a piques de suceder. Finalmente, é certo que cando Asturias pediu tamén que as vacinas chegaran para os de menos de 39 o ministerio accedeu e dende hai dúas semanas xa podemos vacinar os menores de 39.

Eu —insisto— non quería falar das vacinas, pero se vostede me fala das vacinas eu tamén lle falo, non vou quedar dicindo que aquí o ministerio reparte perfectamente.

Ben, falaba vostede do Plan estratéxico do ano 2019. É certo, houbo un plan estratéxico no 2019, que Galicia non aprobou; non, non o aprobou... (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Non o aprobou, non aprobou ese plan. E non o aprobou, primeiro, porque non foi consensuado, non foi discutido e ademais curiosamente calcaba o plan galego, o Plan de atención primaria 2019-2021, que foi o que nós desenvolvemos neste período. Como dicía antes, con 331 prazas na atención primaria, 80 delas de médicos. Polo tanto, non diga vostede que non se fixo nada e que o Goberno fixo. Ese plan está aí. Efectivamente, moitas das cousas que ten ese plan en Galicia xa están acadadas dende hai moito tempo.

E respecto do novo plan teño que dicirlle —porque tamén o dixemos en público e creo que tamén llo dixen a vostede— que foi Galicia a que pediu na reunión do Consello Interterritorial que se fixo de forma presencial no verán en Madrid facer un consello interterritorial ex-



traordinario sobre a situación da atención primaria. Ese consello fíxose no mes de outubro e alí foi onde o ministerio retomou o plan de acción; plan de acción, este si, que foi discutido coas comunidades autónomas e consensuado e que se aprobou antes de finalizar este ano, e que contempla —como ben dicía a señora Amigo— moitas das accións que agora mesmo xa están non desarrollándose senón implantadas.

E vostede —teño agora a sorte de telo xusto detrás de min— exclamaba cando a señora Amigo dicía que a media en Galicia é de 2.241 TIS por facultativo. É a media; ao mellor non lle gusta facer as medias ou na súa calculadora as medias están noutro sitio, pero esa é a media. Claro que temos profesionais con máis de 2.241, faltaría máis, e temos algún con 300. Pero a media das TIS en Galicia é 1.250, cando ese documento, tanto do 2019 como o recentemente aprobado, fala do límite das 1.500. Polo tanto, nese sentido en Galicia —probablemente tamén porque a poboación diminúe e tamén porque temos metidos eses 80 médicos máis— o número medio de TIS por facultativo é de 1.250.

Falaba vostede de que ¿que tiñamos feito pola especialidade de urxencias? Pois novamente, señor Torrado —e agradecendo, como agradecín na miña intervención, que este parlamento apoiara esa especialidade; ben, apoiárona os grupos parlamentarios e apoiouna o Goberno—, o ministerio o que decidiu foi metela no caixón do decreto de troncalidade e ata que ese decreto cristalice —non sabemos cando, porque os prazos eu pregunteillos á ministra en varias ocasións, e está nas actas do Consello Interterritorial— non hai resposta. Non sabemos cando o Ministerio de Sanidade rematará ese decreto de troncalidade, e a partir de aí, cos mecanismos que ese decreto establece, podería plantexarse por fin a especialidade de urxencias, especialidade que nós claramente defendemos e pedimos. ¿Por que? Ben, pois —como dicía vostede hai un momentíño e eu nunca o neguei— nós cando dicimos o dato de que o 90 % dos MIR galegos formados en Galicia nos últimos anos está traballando en Galicia digo iso exactamente, non digo na atención primaria —oxalá puidera dicir que están traballando na atención primaria—. Nós o dato que damos fronte aos datos que hoxe mesmo escoitamos aquí outra vez ou estes días, que foxen os MIR de familia formados en Galicia, non é certo.

E vostede, ademais, para responderme a min de onde saco o 80 %, dime dos datos dos que quedan en urxencias. Pois iso é, quedan en urxencias, por iso queremos especialidade de urxencias, para que os facultativos que queren especializarse en urxencias non teñan que facer medicina de familia. Aí estamos de acordo. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, non marchan, quedan aquí, señor Torrado, quedan en Galicia, *(Aplausos.)* quedan en Galicia, *(Murmurios.)* quedan en Galicia. *(Aplausos.)*

Porque eu escoitaba estes días algún compañeiro seu dicindo que marchaban de Galicia. Non, non é certo, quedan en Galicia, o 90 % quedan en Galicia. Hai unha porcentaxe —que ademais o dicía vostede— que repiten especialidade, fan outra especialidade. Estupendo, o noso sistema MIR permite que un médico faga ata tres especialidades, e incluso que faga a mesma; permíteo o noso sistema. Pero a nós gustaríanos que houbera esa especialidade, e por iso á ministra de Sanidade pedímoslle en cada ocasión que temos a especialidade de urxencias. É máis, pedímosllo case en cada consello interterritorial, e non só Galicia, pídenllo moitas comunidades autónomas. A resposta é a mesma, cando estea o decreto de troncali-



dade. Polo tanto, claro que esa especialidade está aí. Insisto no agradecemento aos grupos da oposición e ao Partido Popular por pedir esa especialidade, pero non chega. E, ademais, teño a sensación de que vai tardar moito en chegar, porque teño a sensación de que non hai ningún ánimo por parte do ministerio en afrontar ese tema concreto.

Ben, insistindo nestes datos que dicíamos antes de que quedan aquí, efectivamente, o 90 % queda aquí con nós. E, dese 90 % que queda con nós, o 60 % ten praza en propiedade; é dicir, de 2.000 que se formaron en Galicia nos dez últimos anos e dos que o 90 % quedou en Galicia, o 60 % deles ten praza en propiedade. De novo, unha parte en urxencias e outra parte en atención primaria, e outra en Hado e outra nos PAC, pero teñen praza en propiedade despois de dez anos; outra parte importante está en interinidades e unha parte tamén importante está en substitucións de longa duración.

Polo tanto, non é un problema de que os tratemos mal. A nós gustaríanos poder darlles unha atribución moito maior, pero o dato é certo, e aí volve vostede —non sei como dicilo— manipular ou poñer de xeito orientado ao seu interese os datos do presuposto. Mire, vostede colla o presuposto e dígame canto hai de capítulo I en atención primaria. Vou dicir: 100 millóns máis de euros máis que no ano 2009, 100 millóns de euros máis. ¿Que temos? ¿900 médicos menos e gastamos 100 millóns de euros máis? ¡Ostras!, entón así si que non marchan. Isto non é coherente. Se gastamos 100 millóns de euros máis en atención primaria no capítulo I, ¿como que temos 900 médicos menos? ¿Non se dá conta de que vostede volve xogar —si que se dá conta perfectamente— co tema dos APD, da amortización...?

Isto recórdame o debate que tiña vostede co defunto Valeriano Martínez. É un problema de como se contan as prazas, neste caso os APD, que, afortunadamente, imos reconducindo. Pero a realidade é terca: temos 100 médicos máis en atención primaria que no ano 2009. *(Aplausos.)*

E respecto do presuposto deste ano, é 5,5 millóns de euros máis que o ano pasado no capítulo I. Non poden seguir manipulando. ¿Non se dan conta de que isto non é?

A señora Prado fala da privatización; ou sexa, facemos centros de saúde, 93 centros de saúde feitos novos, os últimos que acabamos de anunciar para privatizar. Pero ¿non se dan conta de que a xente non lle cre estas mentiras? Nós non privatizamos a atención primaria. ¿Onde se viu iso? ¡Se metemos —repito— 100 médicos máis que no ano 2009 ou 80 no último plan de atención primaria! Deixen esa mensaxe. O problema da atención primaria é que non temos especialistas formados para substituír, ese é o problema. Contratamos máis enfermeiras, máis traballadores sociais, máis psicólogos, máis PSX. Temos neste momento case 300 PSX máis que ao inicio da pandemia. Non é un problema de recursos humanos en atención primaria nin de presuposto, é un problema de que cando un médico se pon de baixa ou se xubila é moi difícil substituílo porque non os temos. E non os temos porque, por unha parte, a metade marchan a urxencias, e levamos tempo traballando da man con vostedes para ter esa especialidade, e, por outra parte, non chegan.

Claro que levamos tempo intentando acreditar máis prazas. Eu non sei se coñecen ben como funciona isto. As comunidades autónomas propoñen unidades de acreditación, prazas acre-



ditadas. É certo que é un modelo de acreditación obsoleto, de hai máis de trinta anos. Por certo, esta comunidade autónoma plantexoulle ao ministerio reformas importantes, de calado, obtendo resposta cero de momento.

Ben, sobre ese sistema antigo de acreditar prazas, a comunidade autónoma pide prazas, o ministerio avalíaas e concédeas, e unha vez que están avaliadas e concedidas a comunidade autónoma pode cubrilas. Para poder ofrecer esas prazas ten que ter titores axeitados e, como dicía, centros que cumpran as características. Por exemplo, se un centro ten menos de catro médicos, non pode ter residentes neste caso, aínda que teña titores; e ás veces tes centros de máis de catro pero non hai titores.

Acabamos de aplicar hai pouco tempo, tamén cunha lectura totalmente retorcida por parte dalgún, que se un titor se traslada a un centro de saúde, aproveitando que vai ser titor, iso dálle puntos. Iso si, cando chega a ese centro de saúde, ten que ser titor, non vale dicir ao chegar alí: agora non son titor.

Quero dicir que estamos traballando en incrementar, na medida do posible, o número de prazas habilitadas. E nese contexto no mes de outubro a este ministerio, non a outro, pedíuselle acreditar 65 prazas máis.

Nós non queriamos un MIR extraordinario, ou si. O que queremos é que as prazas MIR acreditadas novas se poidan incorporar ou ben á convocatoria deste ano ou, se ao ministerio non lle dá tempo, a un MIR extraordinario; o que o ministerio, que é o que fai a convocatoria, estime máis oportuno. Pero si que, se este ano nos tiveran feito caso dende o mes de outubro con esas 65 prazas máis, en maio, dentro de tres meses, teriamos 65 médicos máis formándose, sumados aos 142; teriamos 206 médicos formándose.

Eu entendo que un médico MIR nun centro de saúde de tres médicos, por exemplo, é unha axuda, ¿ou non o é? Ben, pois poderiamos ter 65 axudas máis este ano. E como o Goberno decidiu non revisar esas acreditacións, porque non lle dá tempo, non as imos ter. A ver se para o ano que vén as temos. É tan sinxelo como iso.

Entón, claro que nos queixamos de que o ministerio non nos axude. É o único que ten que facer, ten que coller a nosa solicitude, ver se se adapta ás condicións dese documento de hai anos, non ás novas —xa das novas non falamos—, e que nos diga se se adapta e que nolas autorice. Nós pagamos esas prazas, pagámolas nós, entran dentro do noso presuposto. Facemos o esforzo de convencer os titores para que collan eses alumnos, facemos todo. O ministerio só ten que dicir se se adapta ou non. Resultado: non resposta.

Entón, claro que nos temos que queixar de que na parte de formación, tan crítica, como vos tedes ben saben, en que o resultado neto se ve aos catro anos, teñamos un ministerio que diga que non; é que xa acreditei moitas prazas. Non, necesitamos máis prazas. E, polo tanto, imos seguir insistindo niso.

Claro que temos que ampliar o número de profesionais. Creo que está clarísimo que en Galicia os equipos de atención primaria son multidisciplinares. Hai as categorías que non vou repetir aquí porque todo o mundo xa sabe.



Vostede fala de saúde mental. Este ano temos incorporado 5 unidades de saúde mental en atención primaria, 5 dentro do Plan galego de saúde mental, que incluíu 99 profesionais máis traballando nesta área tan crítica, moitos deles na atención primaria, por suposto que si.

Falaba vostede da posibilidade de levar especialistas aos centros de saúde. Señor Torrado, levamos trinta anos facendo isto, con máis ou menor éxito, dependendo dos profesionais, que ás veces é difícil que se despracen a estes centros, pero levámolo facendo.

Nos centros novos, nos CIS, nos centros integrais de saúde, que estamos facendo dentro desa planificación da atención primaria... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nos CIS estamos facendo uns cantos máis. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dos que estamos facendo... Rematado non está ningún; o primeiro que se vai rematar é o de Lugo. Pero neses centros integrais de saúde incorporamos especialistas dos hospitais que ben de xeito presencial ou ben por videoconferencia van poder traballar, como están facendo xa agora mesmo, señor Torrado. Hai moitos especialistas dos nosos hospitais que se desprazan aos centros de saúde con facultativos de referencia, por videoconferencia; exemplos hai moitísimos. Claro que hai que seguir nesa liña, por suposto que si.

Pero ben, en definitiva, respecto da súa apreciación, quero insistirle nesas cousas. Que si, estamos desenvolvendo un plan de atención primaria en Galicia, non unicamente o plan do ministerio, que foi —insisto— sen unanimidade, sen convencemento. En Galicia temos o noso propio plan dende o ano 2019 e, froito dese plan, 331 profesionais incorporados antes da pandemia en Galicia, e deles, 80 médicos, e 100 facultativos máis traballando en atención primaria dende o ano 2009.

Ben, falaba a señora Prado das velocidades das altas. Mire, eu non sei se vostede sabe que en Galicia ata hai dúas semanas as altas dábanse aos catorce días de que se dera o caso activo, cando o período de alta estaba fixado en dez días. Nunca xogamos a iso, señora Prado. É máis, agora mesmo, que está en sete, dámolos aos dez días. Para que vexa vostede que non é intención de ninguén, tampouco desta consellería, manipular os datos. Se ía por aí, que non sei por onde ía.

Outra proba máis —e agradezo o comentario que fixo a doutora Amigo—: Galicia tivo clarísimo que todos os autotests que se rexistraban xa o verán pasado nas oficinas de farmacia, que isto non é novo, e agora coa autodeclaración dos cidadáns, toda esa información había que declarala como casos positivos, e así o fixemos dende o primeiro momento e así o seguiremos a facer. Polo tanto, non fale vostede de manipular datos, porque queda feo.

Eu creo que, ademais, nesta comunidade, que se caracterizou pola transparencia cos casos positivos dende o primeiro día, coa información aos facultativos, cos mapas de incidencia por provincia, por concello, soltar calquera dúbida sobre se atrasamos ou adiantamos as altas, mire, non, de verdade, que agora mesmo, como digo, estamos a facelo aos dez días, non descartamos adiantalo a sete, pero deixámolo ata o día dez para que o facultativo poida ver eses casos positivos se, por algún motivo, non o puido ver antes.



¿E por que o facemos? Precisamente, señora Prado, porque co novo protocolo, en lugar de chamar todos os días os pacientes, chámase o primeiro día e o último. ¿Por que se chama o último? Porque se nesa última chamada o paciente ten síntomas aínda, non se dá a alta, senón que se renova.

Se vostede analiza a información que estamos a dar —ou explícollo eu sen ningún problema— no sistema de dar altas e baixas, en Galicia a alta seguida da baixa non é automática, é voluntaria, e o facultativo, cando escolle na opción, pode ou dala automática ou dar soamente a baixa correspondente.

Teño que dicir aquí que isto se fixo así porque o Ministerio de Seguridade Social dixo que era moi fácil dar as altas e baixas xuntas; iso si, a min mándema aos sete días. Polo tanto, tivemos que modificar o sistema de información para poder facelo así. E —repito— é opcional por parte do facultativo dar as dúas.

Estamos seguindo os datos e hai moitos deses facultativos que, efectivamente, non dan a alta no mesmo acto, e aos sete días chaman o paciente e, se o paciente ten síntomas, renóvanlle a baixa e esperan o tempo correspondente.

Polo tanto, non hai ningunha intención, que vostede suxería, de que a xente voltara antes a traballar. ¡Oxalá! Sería bo sinal que os cidadáns voltaran canto antes a traballar. Iso sería fundamentalmente porque xa non son activos. Pero ben, repito que esa é a filosofía fundamental.

Falaba vostede de que levamos a autoxestión e incluso falaba do autopago. Non sei a que se refería co autopago, pero ben, como a vostede a parte económica lle gusta poñela sempre e seguir dicindo que privatizamos a atención primaria, supoño que formaba parte diso.

Mire, aquí non autopaga ninguén na pandemia. Galicia ten feito probas de balde para todo o mundo, todas as que se necesitan. Temos entregado autotests, neste caso ás oficinas de farmacia —acabo de dicir—, 150.000 aos nenos cando se foron de vacacións e 150.000 ao voltar. Temos 32 puntos de antixenos repartidos por toda a comunidade autónoma; nos aeroportos, que non os ten ninguén, nas estacións de tren. ¿Como se pode dicir que queremos cobrar por facer probas ou suxerilo sequera? Non é certo, vaia vostede por outra vía. En Galicia non se privatiza nada relacionado coa pandemia, absolutamente nada. *(Aplausos.)*

Ao revés, apóstase pola sanidade pública, e fala vostede da derivación aos centros concertados. Mire, xa o dixemos varias veces: en Galicia agora envíase menos ao centro concertado que nunca, nunca se enviou menos ao centro concertado. Non sei por que segue vostede coa matraca de que mandamos ao centro concertado. É falso, non mandamos máis pacientes que antes aos centros concertados.

E fala vostede dos seguros privados. Ben, eu rétoa a que fagamos ese estudo en todo o Estado; a ver que porcentaxe de seguros privados hai en Galicia respecto dos que hai no resto do Estado. ¿Está aumentando? Si, probablemente estea aumentando aquí, como aumenta no resto do Estado, pero menos que no resto do Estado. Entón, cando vostede queira, facemos ese



estudo, falamos coas compañías de seguros e que nos digan que porcentaxe de seguros privados teñen en Galicia ou os que teñen en Cataluña, por exemplo, ou no País Vasco; cando queira vostede.

En Galicia, afortunadamente, a xente confía no noso sistema de saúde grazas a que vai aos centros de saúde e mira o traballo dos profesionais. Se a escoitara a vostede falando de privatización, de autopago ou de política para desmantelar a sanidade pública, pois probablemente farían iso. Pero, afortunadamente, non a deben escoitar moito, que a maior parte dos galegos seguen confiando no Sistema público de saúde e, especialmente, na atención primaria. E nós, que confiamos niso, seguimos investindo; volvo dicir: 100 millóns de euros máis que no 2009 ou 104 médicos máis traballando agora mesmo en atención primaria.

Fala vostede dun teléfono colapsado. Pois ten razón, señora Prado. Houbo días do mes de xaneiro onde o teléfono de autonotificación estaba colapsado, porque tiñamos 8.000 casos diarios; é certo, ten razón, non llo podo negar. ¿Que fixo a Xunta nese momento? Pois coller ese teléfono e poñer as persoas necesarias para que o tempo de resposta estivera por debaixo dos quince minutos. E iso conseguímolos dous días despois, de xeito que pode vostede chamar agora mesmo e ver canto tempo tardan en collerlle ese teléfono. Evidentemente, pode haber algún momento no día que coincida, pero, en xeral, con 130 teleoperadores específicos dedicados a coller ese teléfono agora mesmo xa dende hai máis de dúas semanas non hai esa demora.

¿Por que é así? Porque decidimos mudar o xeito de facer o seguimento e proporcionamos aos galegos e ás galegas unha ferramenta rápida e áxil para poder autodeclarar o seu resultado positivo e non ir ao centro de saúde. Hoxe estamos a falar aquí do colapso dos centros de saúde. Nós falamos dunhas medidas que tratan de diminuír ese colapso, de minimizalo, de facelo o mínimo imprescindible para eses pacientes precisamente sintomáticos que si que teñen que ir, e vostede dime que o teléfono que... Pois claro, evidentemente, porque tivemos 8.000 casos positivos nalgún momento.

De novo a culpa é do Goberno do PP, a culpa é das políticas de desmantelamento da sanidade pública, pero a variante e a transmisibilidade non xoga, tamén debe ser culpa nosa.

Ben, os protocolos en vigor. Pois claro que os cambiamos. Adaptámoslos a esta situación desta variante nova. Fíxese: o protocolo de casos e contactos estreitos non mudou —aí tiña razón o señor Torrado— practicamente en dous anos. Porque o modelo de seguimento de casos activos e de contactos era moi semellante. As variantes que fomos tendo en todo este período ían aumentando en gravidade nos seus casos no hospital, pero realmente para efectos de comunicación e de xestión eran moi similares. Ata que chegou esta variante, que, como todos sabemos, produce síntomas moito máis leves, casos moito máis leves e, afortunadamente, grazas á vacinación tamén, menos ingresos hospitalarios. Pois houbo que mudar.

¿E cando mudamos? Pois mire, non cando decidiu o Goberno de Galicia, senón cando a OMS, a Axencia Europea do Medicamento, o ECDC e a Comisión Interterritorial, apoiada na Ponencia de Alertas, decidiu que era o momento de mudar a forma de manexar os casos. E Galicia fixo exactamente iso, de novo leal e transparente co sistema público de Galicia, e neste caso tamén de España. Adaptamos o noso protocolo xustamente a esa situación.



¿Que as medidas que se puxeron en marcha, non en Galicia senón —repito— en todas as comunidades autónomas, foran orientadas ou non conseguiran ou buscaran que os contaxios foran maiores? Ben, esa é unha postura persoal súa que respecto, pero que entendo que non está dicindo que deixan de facerse corentenas aos contactos estreitos e así se van contaxiar máis cidadáns.

Ben, como vostede sabe, no protocolo dise que, se o cidadán está coa pauta de vacinación completa e non é inmunodeprimido nin ten unha serie de condicións, non ten que facer esa corentena, cousa que, por certo, está dicindo todo o mundo en todas as partes. Nós nese sentido non imos ir de radicais e non imos dicirlle á xente —repito— que con esta variante leve quede na casa o contacto estreito durante quince días, que ao mellor era a data que vostede cre que era máis oportuna.

Polo tanto, adaptámonos á evidencia científica, ás recomendacións das organizacións internacionais, e temos adaptado, como dicía, a eses sete días sen síntomas, cando a xente volta á súa vida laboral e sen síntomas e —insisto— cunha chamada do seu médico de cabecera para confirmar que non ten síntomas, e se os ten segue nese proceso.

E, dende logo, poñemos todos os medios, a vacinación por suposto, pero tamén outras medidas.

Insisto: en todas as PCR que seguimos a facer nos covidauto seguen traballando os mesmos que tiñamos ao principio, eses puntos de antíxenos, eses tests que entregamos nas oficinas de farmacia, esas probas de saliva que seguimos a facer nas oficinas de farmacia. Aproveito para darlles as grazas aos colexios por ese labor, por certo, altruísta e gratuíto, que están a facer recollendo e entregando os botes de saliva, e, a través das distintas farmacéuticas, facendo o procesado.

Di que non tomamos medidas. Mire, falaba vostede do ano 2015. No ano 2015 precisamente tomouse unha medida que impactou bastante, que foi eliminar a xubilación forzosa aos 65 anos; moitos facultativos daqueles que antes de 2015 se xubilaban, a partir de entón deixaron de xubilarse.

Tamén esas 331 prazas de médicos que incorporamos dentro do Plan galego de atención primaria 2019-2021.

Trouxemos na Lei de medidas —por certo, sen ningún apoio pola súa banda— dúas medidas para mellorar a capacidade dos profesionais en atención primaria: os técnicos de saúde, que, como digo, van incorporarse en breve, cunha serie de medidas; e a creación desa categoría de facultativo especialista de atención primaria, que fai dúas gardas. Mire, na atención primaria ás veces —dicíao ao principio— non distinguimos entre atención primaria ordinaria, a dos centros de saúde, os centros que traballan de 8 a 3 pola mañá e algún de tarde, e a atención primaria en xornada non ordinaria, o que chamamos os PAC.

Os PAC en Galicia son a nosa primeira prioridade. Dende logo, cando temos un facultativo especialista —deses poucos que temos—, o noso primeiro obxectivo é que cubra un turno



de PAC. Creo que podó dicir que en Galicia non houbo nin un só PAC neste período que quedara sen cubrir. Na maior parte das áreas non afectou a ningún PAC tampouco, nin as presenzas, nalgúns áreas en vez de tres médicos había dous, nalgún caso en vez de dous había un, porque o médico que tiña turno ese día pois por exemplo saíu positivo e non puido ir traballar.

O prioritario sempre foi cubrir os puntos de atención ordinaria de atención primaria, que tamén é atención primaria, porque ás veces parece que o PAC é outra cousa; non, os PAC son atención primaria. E precisamente para seguir reforzando esa atención primaria e ter máis recursos, esta categoría que trouxemos hai semanas a este parlamento —repito: sen ningún tipo de apoio por parte dos grupos da oposición—, vai permitir que eses médicos novos que contratemos teñan que facer dúas gardas de PAC. Este é un dato creo que importante. Dependendo das prazas que convoquemos finalmente, imos ter unha masa importante de facultativos que van facer gardas no PAC e, polo tanto, van xerar recursos de substitutos ou doutro tipo de facultativos dispoñibles para cubrir as baixas, unha cuestión importante.

E, ademais, afondamos nunha cousa na que creo que tamén coincidiremos, que é traballar na integración da atención ordinaria de atención primaria e nesa atención extraordinaria. É bo que os médicos de PAC fagan gardas, traballen en ordinaria, e que os médicos de ordinaria traballen no PAC, como así quedou demostrado na Comisión de reactivación que se fixo neste parlamento, onde especialistas do ámbito de primaria reclamaron esta integración. Polo tanto, esta categoría, que acabamos de introducir agora, da que nos vindeiros días anunciaremos a convocatoria, incide nesa liña.

Polo tanto, dúas medidas do ámbito galego, específicas do ámbito galego: os técnicos de saúde e os FEA de atención primaria, para tratar de axudar a esta situación. E estas medidas non se tomaron o 20 de decembro pola variante ómicron, tomáronse bastante tempo atrás, e, como digo, están na Lei de medidas. Polo tanto, son medidas que van axudar a facer contratos de máis longa duración.

Ademais, como saben, no caso dos FEA, e a raíz da introdución da emenda do Partido Popular, imos propoñer que se acceda a esas prazas a través dun concurso de méritos; non hai maneira de facelas máis atractivas para que os MIR que rematan ou outros médicos accedan de xeito rápido a unha praza en propiedade. É unha praza que, como digo, leva implícito facer dúas gardas de PAC e romper ese illamento que hai entre a atención ordinaria e convencional de atención primaria e esa atención extraordinaria.

Insisto: medidas de cara a reducir esas ausencias e facilitar a contratación destes médicos especialistas, que, como insisto, son o noso principal problema.

E falaba vostede dos contratos precarios. Ben, mire, nós temos unha plantilla de 44.000 profesionais, e moitos deles, a maioría, todos teñen días de permiso. Cando unha enfermeira colle un día de permiso nunha planta, hai que substituíla, non queda máis remedio; vostede dirame que podemos substituíla, en vez de por un día, por seis meses. Ben, tamén, tamén fixemos iso, sacamos o contrato de continuidade para que as enfermeiras as poidamos contratar por un período longo e poidan cubrir ausencias encadeadas de profesionais. Hai en-



fermeiras que collen eses contratos que están aí e se ofrecen e hai enfermeiras que non queren eses contratos.

Se unha enfermeira non quere ese contrato e hai unha enfermeira que colle un día libre, o contrato ten que ser polo día libre de substitución desa enfermeira; non hai outro remedio. No sistema sanitario público os contratos por un día teñen que existir porque os traballadores teñen dereito a coller un día só. Eu non sei que parte non se entende diso. Repito: para evitar iso, traballamos e puxemos o contrato de continuidade, para que se poidan encaixar e agrupar días libres. Pero non todo o mundo colle ese contrato, non é obrigatorio, non é a única forma de contratación que temos no Servizo Galego de Saúde.

Pero ben, sendo conscientes desa realidade, puxemos en marcha ese contrato, e seguirémolo utilizando as veces que sexa preciso, pero non diga vostede que o problema é que non temos capacidade de contratar continuamente. Si, facémolo mediante estes contratos. Pero se unha persoa pide un día illado temos que contratar un día illado, en primaria, nunha planta ou noutra planta. Si, esa é a solución, non temos de momento outra.

En definitiva —insisto—, veño aquí desgranar as medidas que se están facendo especialmente no ámbito de atención primaria, as que puxemos máis conxunturais debido ás características desta variante ómicron e as medidas nas que viñamos traballando desde atrás, fundamentalmente Plan de atención primaria de Galicia 2019-2021 e as dúas medidas importantes que acabamos de poñer encima da mesa agora coa Lei de medidas.

En todo caso, seguiremos comentando na seguinte intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións, Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Aínda que non temos especialmente moito tempo, vou intentar aclarar algunhas cousas.

A min si me parece importante falar da vacinación, porque é imposible dicir que o Goberno do Estado é moi malo porque non nos dá vacinas pero nós somos os mellores do mundo vacinando porque vacinamos a todo o mundo. É incongruente. (*Aplausos.*) Porque, entón, ¿con que vacinaron? Con auga bendita ou... Vacinaron porque había vacinas. Por certo, vacinan os profesionais. Eu non vou entrar nese debate absurdo de que o Goberno do Estado só compra as vacinas —como se fose pouca cousa— e só as pon aquí e non fai nada máis. Pois eu non lle vin a vostede poñer ningunha. Claro, quero dicir, é que se nos poñemos nese debate, absurdo dende o meu punto de vista, vacinan os profesionais, que son os que teñen que vacinar. Si, ben, dime: ¡que barbaridade! Pero se vostedes utilizan o argumento de: Pedro Sán-



chez non puxo ningunha vacina. ¡Home!, menos mal, (*Risos.*) menos mal, porque non é médico, nin enfermeiro, quero dicir que non é sanitario, menos mal. Pero, ben, non sei se o Goberno foi poñer vacinas algún sábado pola mañá. Creo que non.

Por iso dicimos, ademais, que a vacinación é determinante, porque os datos son bos —que xa llo dixen—, e por iso dicimos que as medidas están anticuadas, porque catro persoas non vacinadas son moitísimo máis problemáticas xuntas que nove, dez ou once si vacinadas, e por iso tomar medidas en función do número de persoas e non especificamente da vacinación non é atinado. Como si o é pedir o certificado de vacinación. Outra cousa é que non se controle, porque unha cousa é ditar unha medida e logo non vixiar que se cumpra, e iso é un problema, porque ¿de que vale ditar unha medida se non se cumpre?

Sobre o persoal, porque si, fálase de atención primaria, porque a comparecencia, señora Amigo, tamén é da atención primaria. O persoal e o modelo son a clave sobre como estamos funcionando. E temos un problema nas dúas cuestións. A ver se podo intentar explicalo dalgunha maneira máis simple. Eu tampouco dou para moito máis, pero no orzamento da Xunta de Galicia —dime o señor Balseiro que non dou para moito máis, e agradézolle a confirmación—: 8.634 persoas contratadas en atención primaria neste ano —páxina 88 da memoria que vostedes publican nos orzamentos, páxina 88—. No ano 2009 —non había memoria, non se disgregaba, está na páxina 447, pero están numeradas, non se preocupen, poden busca—, 9.610. (*Aplausos.*) Ou isto é certo ou os orzamentos son mentira. Eu déixolles que me escollan unha das dúas, pero non é posible que as dúas sexan mentira, porque, se non, en fin, ata onde eu chego, non dou.

Alégrome de que vostede me diga, señor conselleiro, que o Plan de atención primaria do ministerio existe. Na primeira intervención dixo que a primeira medida foi en 2022, logo dime: ¡ah!, existía en 2019 pero a Galicia non lle gustaba. Hai unha cuestión: vostedes non son a medida universal da posibilidade de actuar neste mundo, é absolutamente lexítimo que non lles guste, por suposto, non só lexítimo, senón importante, que vostedes aporten todas as ideas ao Estado que consideren que sexan boas, necesarias, pero aí está o plan. Pódelle non gustar. É máis: gústame que me diga: non nos gustaba pero é que xa propón o mesmo que faciamos nós; entón, non lles gustaba o que estaban facendo vostedes; claro, isto é fantástico.

Por certo, sígolle preguntando onde está o plan entre 2012 ata o final do Goberno Rajoy, o plan estratéxico. Porque había 2007-2012 e hai 2019 en adiante. ¿Polo medio? En fin, a ver se me pode contestar.

Pero froito deste problema de recursos está: é que non hai comunidades autónomas que teñan mellor... Se non se trata de mellor ou peor; é dicir, Castela-León, 1,12 profesionais, médicos de atención primaria, por 1.000 habitantes, 1,12. Goberna o Partido Popular, terán algunha medida; por exemplo, pode ser que alí haxa profesionais galegos. Aragón, 0,88; Estremadura, 0,92; Galicia, por debaixo delas, por riba doutras, claro. Se nós non somos fatalistas porque si, pero o que dicimos son os datos, porque outra cousa non. A min pódennme discutir que o argumento non está ben, que son posicións desastrosas, que as propostas son malas, pero falsear os datos, non. Iso por diante. Estes son os datos, e hai algúns me-



llores e outros peores. Non fai falta defender que un sempre é o máis guapo, o máis listo e o máis alto. Seino porque eu non son ningunha das tres cousas; entón, estou acostumado a facelo.

Pero, en todo caso, temos un problema de persoal no sentido de que temos menos do que había, formamos menos e, ademais, non estivemos —e aquí é outra pregunta— formando o necesario. Había 151 profesionais MIR que non se pediron. ¿Por que? Non me contestou ninguén. E ese é o MIR extraordinario. Por certo, preguntolle, señor conselleiro: vostede dixo aquí agora: nós non pedimos un MIR extraordinario, ou si. Eu sei o que di o señor Feijóo. Tamén sei que ese MIR extraordinario é ilegal, porque el estaba formando parte dun goberno que o ilegalizou, en realidade. En realidade, ilegalizar é unha palabra forte, pero plasmouno nunha lei que di que non era posible. E é o que pide o MIR extraordinario, despois de deixar pasar formar a todos eses. ¿Vostede quere ese MIR extraordinario? Porque vostede falou das prazas habilitadas, que, por certo, por certo, levamos tres anos e medio asistindo —e vostede sábeo— a que o Goberno do Estado está sacando adiante todas as prazas habilitadas que quedaron sen habilitar porque alí non pegaba *palo al agua* ninguén, no Ministerio de Sanidade 2011-2018, nin *palo al agua*, nin unha, nin unha, e sábeo vostede coma min.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Nin unha habilitada, nin unha. Agora temos 142, que antes non chegaban a 100. E seguirán e chegarán esas e demais, que sería o mellor. Pero ¿vostede quere un MIR extraordinario? E, se o quere, dígame onde, como e con que medios. Porque xa o deixamos pasar, xa formamos menos dos que podíamos formar. Non me vai querer contestar a por que renunciaron, supoño porque vostede pensa o mesmo ca min, pero eu podo dicirlllo e vostede non, e iso é lóxico dentro deste debate. Pero ¿quere vostede un MIR extraordinario? ¿Si ou non?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas.

Vaime permitir, señor conselleiro, que empece facéndolle unha pregunta á señora Amigo. E gustaríame que me dixera cantos profesionais procedentes de Cataluña hai traballando no Sergas e cantos de Galiza hai traballando en Cataluña, e logo coa súa resposta igual (*Aplausos.*) pois xa lle podo dicir algo.

Mire, eu tamén lle agradecería, señor conselleiro, que ninguén negou que a variante ómicron é moito máis contaxiosa, non é que ninguén o negara, senón que lle advertimos que iso era así, que en Galiza se constatou que levaba circulando dende principio de novembro —digo



nas augas residuais de CovidBens — e que había que tomar medidas. E, lonxe diso, en outubro e en novembro estabamos aquí falando de se lles facían contratos ás persoas que remataban os contratos extraordinarios por covid ou non, íanlles facer a metade, logo fixéronlles outros. Esa é a realidade, que vostedes non planificaron e, unha vez máis, deixaron a ver se as cousas fluían soas.

Vostede di que é unha variante máis leve, si, ¿en canto?, pero, a pesar de ser máis leve, hai moitísimos expertos que insisten en que non se banalice, porque, ademais, eu teño que lembrarlle, señor conselleiro, que no que vai de mes, deste mes, morreron 128 galegos e galegas, aos cales, igual que os 2.893 en xeral, mandámoslles desde aquí todo o alento; creo que non é para banalizar 128 persoas mortas en vinte e catro días —parécenos—, os hospitalizados, os da UCI, os miles de persoas que están nos seus domicilios e todos o que non teñen covid e sofren unha desatención manifesta, señor conselleiro.

Miles de persoas sen asistencia sanitaria ou moi precaria, miles de persoas sen facultativo asignado, porque esas 1.250 TIS son a teoría, claro, porque ¿que contan? ¿1.200 cando teñen que cubrir o do lado e os tres máis, todos os cupos que non teñen asignados? ¿De que falamos para dicir que en Galiza hai 1.250 TIS por médico se iso está dinamitado e esa realidade é que non existe xa máis que no papel? Gustaríame que vostedes fosen capaces de asumir que iso é así, que están volvendo aos diagnósticos tardíos, que está habendo moitísimas persoas con patoloxías crónicas totalmente descompensadas, por falta de seguimento, ou que as listas de espera en hospitalaria están facendo que a xente volva continuamente á atención primaria e que a desatención sexa manifesta. Esa é a realidade da que vostede non fala nin unha soa vez neste parlamento, nin pon ningunha medida para atendelos. (*Aplausos.*) Esa é a realidade.

Mire, señor conselleiro, hai os titulares de prensa, hai as comparecencias no Parlamento, as estatísticas, e logo está a realidade. A realidade, señor conselleiro, é esta que lle acabo de dicir. A realidade é que temos centros de saúde —como lle dixen antes— nunha situación realmente caótica. Volvo ao Baixo Miño máis unha vez. O Rosal, onte: un de tres. Oia: un de dous. A Guarda: tres de oito médicos. Oia e O Rosal sen pediatría; o PAC cun só médico e un só ATS; cando teñen que ir ao hospital, dúas horas sen atención, toda esta poboación. Viveiro: ausencias durante meses da metade dos facultativos. Ribadeo: onte, dous médicos.

Os PAC asumindo toda esta demanda da xente que non ten quen os atenda, das consultas de tarde que suspenderon, autoxestionándose, cubríndose entre eles, indo a outros centros de saúde por autoxestión, porque parece que non hai ninguén ao volante na dirección da súa consellería, señor conselleiro.

Pediatría. A situación de pediatría é igualmente dramática. A Costa da Morte, o Centro de Saúde de Muxía ou de Dumbría, sen atención pediátrica durante meses, co cal un puericultor atendendo catro cupos. Na comarca do Condado só un profesional de pediatría, tivo que cubrir o servizo de sete concellos cando normalmente había cinco pediatras. Na comarca do Salnés, catro concellos de pediatría durante meses.

En ambulancias a desatención é manifesta. Catro persoas mortas no Morrazo no prazo dunha semana, que logo o meu compañeiro xa lle preguntará respecto desta situación.



En saúde mental, aumentando a prevalencia de problemas de saúde mental dun xeito exponencial, e vostedes nin sequera incorporaron un profesional de saúde mental, psicólogo clínico, por áreas. En Santiago e na Coruña segue sen haber un profesional, nin sequera ese profesional de enlace.

Esa é a situación, señor conselleiro, da que a poboación e os profesionais queren respostas, porque cumpriron coa súa parte, de coidarse, de vacinarse; os profesionais, de dalo todo: e vostedes non poñen ningunha alternativa (*Aplausos.*) aquí encima da mesa, absolutamente ningunha alternativa, señor conselleiro.

Por iso nós volvemos insistirle en que deixe de botar balóns fóra e poña as medidas, que dependen de vostede, que son moitas. A primeira é aumentar o orzamento, si señor. A segunda, deixen de xogar cos números e poña en marcha un sistema de identificación de prazas, que saibamos cal é a situación do persoal; non siga xogando coas estatísticas, porque as estatísticas non solucionan os problemas; o que queremos saber é cales son os profesionais (*Aplausos.*), cal é a situación, cantos fan falta, que se poñan man á obra, que introduza dunha vez por todas eses profesionais necesarios en atención primaria.

Non teñen médico de familia. Inclúan de verdade psicólogos clínicos, o 30 % da consultas de primaria teñen que ver coa saúde mental, contraten psicólogos clínicos e deixen de botar balóns fóra.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Habilite esas carteiras de servizo dunha vez, non diga que xa están, hai meses que xa están. Habilíteas para que poidan atender dun xeito autónomo os profesionais.

Hai medidas, señor conselleiro, hai medidas. O que non queren vostedes é poñelas en marcha, e seguir agochados continuamente detrás da situación de pandemia, detrás da crise, detrás de que nada poden facer, porque —insisto— a folla de ruta non é ter unha mellor sanidade pública. Esa non é a folla de ruta, porque, se o fora, vostede estaría poñendo estas medidas que levamos anos insistíndolle en que se poden facer, anos, non levamos días nin meses, levamos anos, poñéndoas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...encima da mesa, e vostedes non queren poñer ningunha en marcha, porque esa non é a súa folla de ruta.

Moitas grazas (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Señor presidente.

Bos días de novo.

Señora Prado, a realidade: vostedes din que advertiron sobre a ómicron, pero a fin de novembro saben que presentaron unha PNL para ampliar os horarios da hostalería que despois tiveron que retirar. Esas eran as advertencias.

Imos falar, deixar as cousas claras, e as accións demóstranse cos feitos. O Goberno de España non acepta a proposta de prazas extraordinarias de MIR para poder compensar as xubilacións de médicos previstas para os próximos anos. E, mentres tanto, o Partido Socialista de Galicia dedícase a presumir de que Sánchez creou máis prazas MIR, que financia por completo a Xunta; hai que dicilo todo.

Falamos de orzamentos. Os orzamentos de 2022 teñen un investimento récord de 62 millóns de euros para asumir a formación de todos eses MIR que tan graciosamente concede o Goberno. E o que está pedindo a Xunta é que lle deixen investir aínda máis cartos, que nos autoricen máis formación para investir máis orzamento autonómico para poder garantir que imos ter especialistas para primaria nos vindeiros anos.

O Goberno de España pode vir a gastos pagos, pero, aínda así, toma o seu tempo, e as 65 novas prazas que pediu a Xunta terán que agardar ao ano que vén, porque este ano éralles moi complexo incorporalas ao MIR. Para o Partido Socialista Obreiro Español isto non é urxente. É urxente dicir que a Xunta forma pouco, pero non darlle máis para formar.

Cando vostedes din que a Xunta deixou de formar, supoño que saben que leva anos cubrindo o 100 % das prazas formativas de medicina de familia que autoriza o ministerio. E que non sei se saben que cando gobernaban vostedes, nese Bipartito tan marabilloso que facía maravillas para reformar a sanidade pública, non se cubrían nin o 65 % das prazas de formación ofertada. Desde 2009 a porcentaxe de cobertura foi sempre superior á que vostedes tiñan cando gobernaban.

O mesmo que a medicina de urxencias, ten que esperar e poñerse á cola como calquera outra, agás psiquiatría infantil, co que o ministerio puido tramitar directamente en agosto a súa creación, cousa que agora non se pode facer coa medicina de urxencias.

Polo tanto, xa que o ministerio non toma medidas de choque, a Xunta de Galicia si que as toma. A creación dunha nova categoría máis atractiva para captar todos os MIR formados na especialidade de primaria e evitar que se vaian a urxencias, mentres que o ministerio segue a ser incapaz de crear eses dous itinerarios formativos diferenciados para que non consumamos prazas formativas de primaria en formar urxenciólogos.

E tamén a potenciación da figura do técnico de saúde, do que aquí se falou, un médico sen especialidade que poida axudar o médico de familiar nos actos médicos máis burocráticos



como son as baixas ou ben os informes. E ¿que fixo a oposición ante estas propostas? Emenda á totalidade, emenda específica de supresión do artigo no caso do BNG, e voto en contra da lei.

En resumo, efectivamente que temos un problema na atención primaria, pero non é un problema derivado das políticas de Feijóo, salvo que vostedes crean que as políticas de Feijóo afectan, como lles dixen antes, a Asturias ou a Cataluña.

O Goberno de España deberá de tomar medidas globais para o que é un problema estatal. Non as toma no ámbito das súas competencias, fai plans animando a todas as comunidades curiosamente a tomar medidas organizativas que vaian polo camiño polo que vai a Xunta de Galicia. E as medidas organizativas que toma a Xunta para intentar paliar en Galicia ese problema estatal ao que o Goberno do Estado non dá solución, cando as trae a este parlamento, a oposición quere suprimilas e vota en contra.

Polo tanto, señorías, queda ben clara cal é a situación da xestión da pandemia en Galicia, queda ben claro o que se fixo para axudar a solucionar a situación que vive a atención primaria e queda ben claro quen non nos axuda, e queda ben claro quen directamente boicotea toda medida que poida axudar. Esta é a situación que temos en Galicia.

Señor conselleiro, moitas grazas por vir unha vez máis explicar tan minuciosamente todas as medidas que se están incrementando co desenrolo do Plan de mellora da atención primaria, que seguiu adiante a pesar da pandemia, evidentemente cun esforzo sobrehumano por parte de todos os profesionais que traballan no Sistema galego de saúde, nunha situación única na que todos aprendemos e na que Galicia manexou de maneira extraordinaria —e aí están os datos e aí están todas as medidas que tan minuciosamente vostede explicou— a reorganización da actividade nos centros, atendendo ás competencias de cada profesional.

Todos temos que estar orgullosos da sanidade pública coa que contamos hoxe en Galicia. E, por máis que nesta cámara se escoiten mensaxes enrevesadas, a realidade é ben distinta, e así o ten posto de manifesto o pobo galego, que é intelixente e sabe elixir o Goberno que lle convén.

Desde o Grupo Popular animámolo a seguir traballando e pilotando a sanidade galega. Sabemos do seu tesón, do seu esforzo, e estamos seguros de que, con traballo, esforzo e boa xestión, Galicia seguirá sendo punteira e marcando o bo camiño.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da comparecencia, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.



Señorías.

Ben, eu cando fixen a miña intervención, non falei para nada das vacinas, falei dos resultados colectivos, falei da campaña de vacinación e recordo que foi vostede o que dixu que eu me queixaba de que non chegaban. O que puxo o dedo na chaga, por dicilo dalgún xeito, foi vos-tede.

Mire, nós fixemos o que tiñamos que facer naquel momento, que foi dicir que Galicia non recibía as mesmas vacinas que outra comunidade autónoma, e dixémolo en público e en privado, e dixémolo onde o tiñamos que dicir. Foi precisamente alguén que non estaba nese consello interterritorial que, lendo unhas actas supostas, dixu que nós apoiabamos a cousa e logo fixemos outra.

Entón, non é certo, señor Torrado. Nós pedimos para Galicia as mesmas doses que recibe a comunidade que máis recibe. Porque esa é a nosa obriga e polo que nos pagan os galegos e as galegas, por defender os intereses dos galegos, e por iso defendemos que Galicia recibira as mesmas vacinas —nin unha menos— que a comunidade que máis recibe. *(Aplausos.)*

E hai tres semanas pedímoslle ao ministerio que nos deixara seguir vacinando, porque estaba demostrado que vacinar por franxas de idade era bo, como están facendo agora o resto de comunidades autónomas.

Esas son as dúas incidencias sobre as vacinas das que eu non falei na miña intervención e que vostede sacou a colación.

Por suposto que estamos encantados con poder vacinar e que vacinen os nosos profesionais. Eu non teño ningún interese en poñer ningunha vacina. A min chégame con poñer os medios, a estrutura e a organización para que os galegos sexan citados, acudan aos puntos masivos cun alto grao de satisfacción e os traballadores fagan o seu traballo do xeito tan brillante que o fan. Ese é o noso labor, e non o meu, o dos coordinadores de vacinación, os directivos das áreas sanitarias e tamén, por certo, todas as persoas voluntarias, membros dos recintos feirais, que están traballando, en moitos casos desinteresadamente, para conseguir ese éxito que é colectivo. En ningún momento eu na miña intervención —insisto— quixen poñer ese... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, a vostede pode parecerlle un pouquiño pero, dende logo, non era esa a miña intención. Creo que a vacinación foi un proceso importante.

Si falei da vacinación por unha cuestión. A vacinación en Galicia fíxose sen a atención primaria. Foi unha decisión estratéxica, moi criticada por certo. Recordo un alcalde que dicía que por que non vacinabamos en todos os concellos, que era iso de ter que desprazarse cincuenta quilómetros a un punto de vacinación masiva; claro, o problema era que había un problema de tráfico gordo nese recinto e non ía asumilo. Pero repito e insistimos nos puntos masivos precisamente porque tiñamos claro que había que preservar a atención primaria nese proceso. Soamente fomos a atención primaria nos maiores de 80 anos e con algunha dificultade ao final, por iso decidimos rapidamente deixar ese modelo e basearnos nos puntos masivos.



Como hoxe estamos a falar aquí da carga de atención primaria, eu falei da vacinación por dous motivos: porque a vacinación está a descargar a atención primaria e a atención hospitalaria deses efectos graves, que afortunadamente fan que os galegos e as galegas estean pasando moitos deles esta enfermidade pero cunha situación moi leve. Insisto en que Galicia ten os métodos de vacinación e probablemente por iso a repercusión hospitalaria desta onda é a menor de todo o Estado. En todo o Estado español a comunidade autónoma que dende que empezou esta onda, incluso dende que rematou a anterior que enlazou con esta —a delta— e empezou a actual, sempre Galicia estivo no último lugar de ocupación hospitalaria, tanto convencional como de UCI. Iso seguramente será por ese alto grao de vacinación da primeira e segunda dose, e tamén seguramente polo alto grao de doses de reforzo que estamos a acadar entre todos.

Pero —insisto— insistía neste asunto porque tamén foi unha cuestión estratéxica. Cando outras comunidades autónomas co inicio da vacinación dos nenos decidiron empezar nos centros de saúde —e ademais anunciárono: imos ir aos centros de saúde—, nós dixemos que non. Volvemos abrir os centros masivos, non sen esforzo, e vacinamos en tres días todas as doses que nos chegaron de recordo o 10 de decembro. Volvemos poñer todas as doses na segunda e na terceira, tamén todas —insisto—, para non sobrecargar a atención primaria.

Como moitas das medidas que comentamos aquí hoxe, incluída, señora Prado, a última modificación do protocolo. É un protocolo axustado, primeiro, ás características de ómicron, evidentemente, pero tamén axustado para diminuír esa incidencia na atención primaria.

Vostede sabe que os contactos estreitos antes tiñan que ser chamados a diario, neste caso polos militares, que eran os que o facían; ese labor quitóuselles e os militares puideron tamén estar chamando os casos positivos. Os contactos estreitos requirían dunha proba PCR aínda que estiveran vacinados e esa proba PCR quitouse; xa non había que facela porque esa proba a requirían no centro de atención primaria fundamentalmente.

É dicir, tomáronse moitas medidas de actuación do protocolo, primeiro pola levidade da patoloxía, e, segundo, para descargala.

Ben, de verdade, a variante ómicron descóbrese o 24 de novembro en Sudáfrica. ¿Como alguén pode dicir que xa estaba en Galicia a principios de novembro? Eu xa sei que alguén o di, pero non é certo; a variante ómicron descóbrese o 24 de novembro e en Galicia secuenciábase —que é o xeito de momento de identificar variantes— o 8 de decembro, non en Galicia, en España. A primeira secuenciación de ómicron en España faise no Servizo de Microbioloxía de Vigo cunha máquina acreditada, homologada e trazando cunha base de datos internacional de variante ómicron. Polo tanto, se alguén di que xa a viu nas augas residuais —ou onde fora— a principios de novembro pois ao mellor temos que fichala para que traballe aínda máis con nós nesa detección. *(Aplausos.)*

A variante ómicron —dicíamos— chegou a Galicia o 8 de decembro, fixemos un seguimento detallado de todos aqueles casos dese primeiro caso, monitorizamos a gravidade da patoloxía deste grupo de persoas que foron crescendo. E, como dicíamos, foi a partir do 20 de decembro cando empezamos a notar eses efectos tan altos no número de contaxios. Ata aí quero insistir



en que estaban baixando os casos en Galicia e incluso estaba baixando a ocupación hospitalaria.

Ben, pasounos en Galicia como no resto do Estado, algunhas comunidades empezaron antes; e, a partir de aí, tomamos as medidas que naquel momento pareceron razoables, e creo que estiveron ben tomadas, incluso as medidas que se tomaron de cara a diminuír na medida do posible eses contactos, especialmente no ámbito da Fin de Ano.

Polo tanto, seguimos a traballar nese momento para atallar estes efectos. Seguimos a ter 3.134 profesionais máis no sistema sanitario público que no ano 2019. Incrementamos en 3.000 profesionais o número de persoas que están traballando con nós. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Non é certo, hai 3.134 persoas traballando con nós máis que no ano 2019, esa é unha realidade aínda que a vostede non lle guste. Tamén seguimos reforzando a atención primaria con máis facultativos e máis recursos.

Vostede dime que o presuposto vai contar as prazas. Eu fágolle outro reto, señor Torrado: dígame vostede o presuposto deste ano para atención primaria en capítulo I e dígame o presuposto do ano 2009, *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* o presuposto, non as prazas. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* O presuposto, o presuposto en capítulo I ¿é menos? Non. É 100 millóns de euros máis. E este ano respecto do ano pasado en capítulo I, 5,5 millóns de euros máis. É que a realidade é terca, é terca. Vaia vostede ao presuposto e dígame se non hai 5,5 millóns de euros máis este ano. A vostedes gústalles dicir: non, é que este ano o presuposto de primaria baixa. Si, baixa —xa o dixen antes e vólvo dicir— no Fondo covid e na construción de centros de saúde, aí é onde baixa. Pero en capítulo I sobe 5,5 e baixa no capítulo de infraestruturas, porque non hai Fondo covid este ano, por iso baixa. Iso sábeno vostedes perfectamente, pero gústalles máis dicir que a atención primaria baixa no seu presuposto e ademais din que hai menos prazas. É mentira, hai máis prazas, máis presuposto e só baixa no Fondo covid para obras.

Si, eu sei que tamén lle pode disgustar. Hai 1.250 TIS por facultativo en Galicia, é a media, iso sae da media; pero é a mesma media que se un fai clic en Castela-León, onde sae moito máis alta. Ou é o número que nese Plan de acción de atención primaria do Goberno do Estado de 2019, e o que acaba de presentar agora mesmo, que fala de 1.500. É o mesmo sistema de medir, non hai dúas varas de medir para saber cantos profesionais, cantas TIS por facultativo temos que ter.

Evidentemente, fáltannos médicos. Xa o dixemos e levámolo dicindo hai tempo: non hai posibilidade de contratar médicos de familia substitutos, porque non os hai, hai moi poucos e os poucos —volvo insistir— dedicámoslos en primaria ao labor que consideramos máis importante, que é a cobertura dos PAC. E é aí onde vai o noso maior esforzo, en cubrir os PAC para que todos os cidadáns teñan unha atención de atención primaria urxente garantida.

E teño que dicir que incluso nesta variante —que chegou a ter máis de 1.400 profesionais infectados do Servizo Galego de Saúde— nin un só PAC dos case 100 que temos na nosa ampla rede quedou sen cobertura ningún día. Ese é un dato que está aí, irrefutable. ¿Gustaríanos que non faltara ningún médico nalgún turno? Pois por suposto, claro que si, pero a



realidade é que nin un só dos PAC perdeu. E logo nos centros de saúde ordinaria a maior parte dos centros de saúde non tiveron implicacións.

Falouse aquí, e sobre todo fóra de aquí, dos famosos 14 centros de saúde de Vigo. Miren, vostedes saben —e, se non o saben, deberían sabelo— que eses centros, un, non pecharon —¿por que falan de peche?—, non pecharon os centros de saúde. Dous, atenderon pacientes practicamente igual que sempre. Vostedes saben —ou deberían saber— que o que se fixo foi bloquear a sobredemanda. Neses 14 centros as consultas ordinarias deses facultativos fixéronse sen ningún tipo de incidencia, unha media de 35 consultas por facultativo deses 14 centros nese período —que, por certo, foron tres días: o día 4, o día 5 e o día 7 de decembro, e o día 10 xa non estaba esa medida—. Repito: unha medida que permitiu que todos os pacientes ordinarios programados se viran neses centros de saúde, todos, e que fixo que para a sobredemanda algúns dos profesionais puideran aplicar un criterio de só atender urxencias ou derivado de covid. Unha medida, ademais, que pediron os propios profesionais e que foi consensuada con eles.

¿Que queren facer con isto? Unha vez máis, dicir: desmantelamento, peche. Eu escoitei moitos membros dos partidos políticos falar de peche dos centros de saúde, e incluso algún alcalde. Non se pechou ningún centro de saúde. Deixen de enganar, deixen de manipular. Non se pechou ningún centro de saúde. Nin sequera no momento de incidencia da variante máis transmisíbel que temos visto nestes dous últimos anos, co maior número de profesionais sanitarios contaxiados e coa maior carga de traballo, nin un só centro se pechou. (*Aplausos.*) E isto non é mérito deste conselleiro nin desta consellería, é mérito dos traballadores que fixeron este traballo. Deixen de implicalos nun peche que non existiu.

Repito: foron a maior parte deles —como ademais se pode ver nunha declaración en medios de comunicación— os que pediron esta medida. É unha medida que, por outra parte, se toma en certas ocasións, especialmente nos períodos de vacacións. E —como ben dicía a señora Amigo— tomou, por exemplo, o Goberno de Cantabria non tres días, todo o mes de xaneiro. A día de hoxe os centros de atención primaria de Cantabria seguen con esta medida. Polo tanto, non debe ser tan extraordinario tomala. Pero —repito— en Galicia soamente eses 14 centros e nesas condicións atendendo á atención ordinaria.

Dinme vostedes que temos que reforzar a saúde mental. Eu non sei por que vimos aquí e contamos que levamos 99 profesionais no Plan de saúde mental. Eses non contan, ¿non? E eses profesionais que ademais están en atención primaria tampouco contan. Non están en atención primaria, están noutro sitio. Temos 7 psicólogos de enlace entre a atención primaria e a atención hospitalaria, señora Prado, 7, 1 por área sanitaria. E temos facultativos de enlace tamén na atención hospitalaria. Temos as unidades de saúde mental, temos as unidades de suicidio, 99 profesionais. ¿Podían ser máis? Si, claro que podían ser moitos máis, pero de momento van 99 dos 120 previstos.

Ben, eu —insisto— hoxe vin contar aquí a situación, en primeiro lugar, que estamos a vivir agora na sanidade pública galega, as medidas fundamentalmente que se puxeron en marcha —non agora senón en toda a pandemia— para protexer na medida do posible a atención primaria. Insisto: fundamentalmente, a vacinación, o axuste dos protocolos, é feito sempre coa máxima transparencia.



Volvo reivindicar aquí o modelo de datos galegos, que sempre puxo os datos encima da mesa, absolutamente todos, os casos activos que se incorporaban e que deixaban de ser activos aos catorce días e agora aos dez, ou os casos de autotests positivos declarados.

Falei tamén das medidas propias que tomamos, as que dependen de nós, como eses 331 profesionais máis en atención primaria do Plan galego de atención primaria 2019-2021, con 80 médicos de familia máis. Esa aposta polas enfermeiras de medicina familiar e comunitaria, que, como ben dicía a señora Amigo, agora o Goberno de España empeza a dicir que hai que implantalas; insisto: aquí non soamente as hai senón que xa teñen praza en propiedade. Tamén reivindicar ese Plan de saúde mental, tan fundamental no ámbito da atención primaria. Os contratos de continuidade, tan criticados neste parlamento e que tiveron a posibilidade tanto no ámbito médico como no ámbito de enfermería de facer contratos estables, de xeito que a xente puidera non estar renovando eses contratos que tanto desgustan e que a min tampouco me gustan, evidentemente; gustaríame que todos foran contratos longos. Ferramentas como o sistema da xestión á demanda, que tamén inclúe o plan de acción do ministerio, ferramentas para xestionar a demanda e adaptala aos profesionais de cada categoría; por suposto que cremos no resto de categorías: na enfermeira —por suposto—, no traballador social, nos psicólogos das unidades de saúde mental e tamén por suposto nos PSX, que cremos que poden e están a xogar un papel fundamental.

Nese sentido, insistir nas ferramentas que puxemos de comunicación para os cidadáns, esa ferramenta da CRM 100, que xa está implantada en corenta centros de saúde.

E, ben, seguiremos traballando para formar máis médicos. Se o problema fundamental que temos é que non hai médicos especialistas, un dos nosos labores principais ten que ser tratar de formar máis. E insistiremos ao ministerio para que canto antes nos acredite todas as prazas que pedimos.

E respecto da súa pregunta, non vou escapar dela, señor Torrado. Nós queremos unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR. Dixémoslle ao ministerio —insisto— no mes de xuño que, se faciamos as cousas rápido e ben entre todos, neste exame do 29 de xaneiro —a semana que vén— poderían estar esas 60 prazas incorporadas. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, é unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR. Se me pregunta o que eu quero, eu dígoille: unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR. Opción un: metela nesta convocatoria; o Goberno decidiu que non. Opción dous: a que queira o ministerio, a que queira. O que queremos é que, canto antes, estes especialistas poidan empezar a formarse, porque canto antes empecen a formarse están aquí. Se o ministerio decide que, en vez de esperar á seguinte convocatoria dentro dun ano pode facer algunha antes, Galicia non vai poñer ningún problema. Galicia deulle a oportunidade de convocalas no exame da semana que vén e o ministerio dixo que non tiña capacidade de revisar as prazas que as comunidades autónomas lle solicitaban. Polo tanto, esa pelota de acreditar está no ministerio e de momento non baixou dese tellado; cando baixe, nós remataremos, que é colocar o orzamento correspondente e formar. Xa fixemos o primeiro paso, que é convencer moitos profesionais —e dende aquí recoñézolles ese esforzo— de onde non estaban formando ser capaces de dar un paso a adiante para formar 65 máis, case o dobre dos que tiñamos. Ese esforzo dos nosos profesionais por querer ser titores e ter unidades



docentes non se veu acompañado polo ministerio, que decidiu esperar un pouquiño máis a acreditarlas e esperar ao ano que vén. Unha mágoa, poderían telo feito antes e non o fixeron. Os seus motivos terán. (*Aplausos.*)

En todo caso, nós seguiremos insistindo nese punto. Tamén seguiremos insistindo en que hai que relaxar os criterios de acreditación das unidades, temos que poder formar médicos residentes en unidades de dous ou tres facultativos. Teñen que estar máis tempo na atención primaria e non tanto tempo no hospital. Ben, todas as medidas que —como digo— xa lle trasladamos ao ministerio, e, dende logo, estaremos dispostos a discutir con eles o que es-timen oportuno para mellorar nese sentido.

Mentres tanto, as medidas que dependen de nós, dúas fundamentais, á parte das prazas que xa incorporamos e as que estamos incorporando: esa categoría de facultativo espe-cialista de atención primaria, que, en breve, sacaremos, orientada a que cando os MIR deste ano rematen a primaria sexa algo atractivo para eles e a maior parte quede en aten-ción primaria; e eses técnicos de saúde, que —como dicía— rematou onte o período de incorporarse ás listas de contratación, para igual que están a facer agora os xubilados. Por certo, somos a comunidade autónoma que máis xubilados contratou de longo. Pri-meiro, somos das poucas que contratou xubilados, porque hai moitas que non os contra-taron, e das que contrataron, de lonxe a que máis contratou. E agradecer novamente a estes profesionais ese paso que deron adiante por botar unha man. Botar unha man en tarefas nas que Galicia xa se adiantara creando ou retomando esa figura do técnico de saúde, para precisamente colaborar neses labores sanitarios si, pero que non precisan dun especialista en medicina familiar e comunitaria, que, como queda claro, é o noso principal problema agora mesmo.

Insisto: nós seguiremos traballando. Estou seguro de que tamén contaremos co apoio dos grupos parlamentarios, cada un na medida das súas posibilidades, para tratar de conseguir que a atención primaria, non agora nesta onda, que baixará, pero tamén é certo que pode haber outras posteriores, e temos que seguir traballando para liberar xa en condicións nor-mais os médicos de atención primaria e os profesionais desas tarefas burocráticas sanitarias administrativas coas ferramentas que estamos a comentar, apoiándonos —iso si— na aten-ción non presencial.

Non volvamos outra vez dicir que o cento por cento da atención ten que ser presencial. A poboación non quere iso; a poboación quere activar unha receita cunha chamada telefónica ou unha mensaxe, se é renovación de medicación crónica. ¿Que queremos?, ¿que vaian todos ao centro de saúde facer alí cola na porta coa carpa antes de renovar? Pois se podemos re-novarlle a medicación a través dun xeito sinxelo, ¿por que non o imos facer, por Deus? Se-guiremos traballando nesa liña, como leva facendo Galicia moito tempo, telemonitorizando os pacientes no seu domicilio sen facelos ir ao centro de saúde, utilizando todas as ferra-mentas, utilizando a figura dos cuidadores, por suposto, fundamental, utilizando as resi-dencias; traballando para que a atención primaria se dedique fundamentalmente a aquilo que aporta valor e que, de verdade, tal e como recolle o Plan vertebrador de atención primaria sexa non a porta de entrada, como dicía antes, senón o eixo vertebrador fundamental da atención sanitaria.



Nese sentido, dende a Consellería e da Xunta seguiremos traballando nesa liña e, por suposto, virei dar conta da situación cada vez que o estime oportuno e cada vez que sexa requirido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos ao punto 2º da orde do día, mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da atención temperá

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

No pasado pleno, o Grupo Socialista interpelamos a conselleira de Política Social sobre un recurso fundamental para os nenos e nenas de 0 a 6 anos como é a atención temperá. Fundamental para poder previr un déficit no desenvolvemento e tamén para tratalo, porque a saúde da parte da poboación galega infantil afectada depende en gran medida deste servizo. Este servizo é en gran parte descoñecido para unha maioría da cidadanía, pero é vital para ese once por cento aproximadamente da poboación infantil de 0 a 6 anos que se prevé que pode ter problemas evolutivos ou na saúde física ou cognitiva ou no propio desenvolvemento. Non falamos dun gasto —isto quero deixalo claro—, senón dun investimento e un aforro de futuros recursos e prevención da saúde destes menores. É un servizo que traballa directamente non só cos menores, senón tamén coas súas familias, en coordinación cos propios pediatras, escolas infantís, centros escolares, servizos sociais, etc., nunha visión multidisciplinar e transversal.

Como representantes da cidadanía temos tamén o deber non só de traballar nesta cuestión, senón tamén de dar a coñecer á cidadanía galega a vital importancia que teñen certas cuestións, porque con iso lograremos tamén ademais sensibilizar o conxunto da cidadanía que poida ao mellor descoñecer este tipo de recursos, pero que unha vez coñecidos é perfectamente consciente e ten a suficiente empatía para saber que non podemos prescindir dun recurso tan importante como é este.

Por iso no escalafón de prioridades é evidente que, independentemente do grupo político que representemos, todos temos a saúde dos menores de xeito prioritario nese escalafón de prioridades para as nosas políticas e para a propia sociedade. Nun momento no que Galicia recibiu máis recursos por parte do Estado que nunca e que posúe a maior capacidade de gasto que nunca, é o momento de investir no que de verdade importa: na atención temperá, entre



outras cuestións. Pero investir non de calquera xeito, senón con coñecemento da cuestión, con coñecemento desta casuística e con coñecemento tamén de xeito responsable para poder optimizar e espremer ao máximo os beneficios destes recursos.

Os estudos indican que a poboación diana se sitúa arredor dun once por cento dos nenos e nenas de entre 0 a 6. Entón, en función disto e partindo disto, deberemos distribuír e optimizar os recursos para lograr o obxectivo común, que é chegar a todos os nenos e nenas que precisen de atención temperá.

En Galicia —como saben— existen tempos de espera de incluso un ano. E o acceso ao servizo amosa unha evidente desigualdade territorial, o que evidencia que non existe a mesma accesibilidade ao servizo para todos e todas as nenas de Galicia. Por iso temos que traballar no asunto, porque isto non podemos consentir que continúe a suceder.

E se falamos da atención temperá partindo sempre da premisa do interese superior do menor, unha condición *sine qua non* será lograr que sexa de uso inmediato e accesible unha vez que se prescribe polo facultativo, neste caso Pediatría, ou se solicite a través das familias. Xa que o feito de que as listas de espera demoren o acceso aos menores ao servizo pode supoñer un detrimento na propia saúde, nas facultades, ou un detrimento no propio desenvolvemento do menor que o precisa. E iso non o podemos consentir.

E por suposto, vaia por diante, que valoramos que a atención temperá en Galicia ten experimentado un crecemento constante nos últimos anos, pero non suficiente cando comparamos co resto das comunidades autónomas. Noutras como Cataluña ou Cantabria, por exemplo, sen ir máis lonxe, xa están atendendo a ese once por cento da poboación de 0 a 6 anos demandante deste servizo, e non necesariamente pola propia capacidade de investimento, que tamén, senón polo xeito de investir, polo xeito ordenado e eficiente do uso dos propios recursos para optimizar os resultados.

Non esquezamos que Galicia é a comunidade autónoma que menos inviste por habitante potencialmente en situación de dependencia. Partimos de desvantaxe neste asunto. Por iso temos que ter unha discriminación positiva á hora de falar deste tipo de cuestións, e sobre todo cando falamos das oportunidades e da igualdade de oportunidades que aportamos para os menores.

E se no pasado pleno falabamos de, por exemplo, a Mancomunidade de Conso-Frieiras, os menores que quedan sen servizo sete meses ao ano, nesta ocasión podemos falar de Sarria, onde o proceso de contratación do servizo de atención temperá se suspendeu cauteladamente, o que deixa ás familias e aos propios menores sen servizo. O que debera facernos reflexionar nunha cuestión: a necesidade de reconceptualizar a planificación e o dimensionamento do servizo, así como as propias condicións a longo prazo e ao longo do tempo do propio servizo en Galicia.

O Goberno galego ten que artellar de xeito inmediato o mecanismo que habilite e garanta o servizo con estabilidade no tempo, e non de xeito anual e periódico como ata agora, xa que as consecuencias da interrupción do servizo derivada destas cuestións invalida os propios beneficios da atención temperá, e non podemos permitir ningún fallo nesta cuestión.



É preciso, polo tanto, de xeito urxente, estudar este tipo de cuestións e elaborar unha estratexia de planificación en función da poboación diana. Temos que coñecer realmente cal é a poboación diana que queremos atender e, en función diso, redistribuír os propios recursos para optimizar ao máximo os beneficios.

Tras a nosa proposta, a Consellería indicou que cubriría o cen por cento do custo, que ata agora que era do 90 %, e trátase, por suposto, dun paso importante, e agradecemos por suposto que acepten parte das nosas propostas. Pero si que nos gustaría ir un paso máis alá, porque temos que encamiñarnos cara a proporcionar unha estabilidade presupostaria e funcional a longo prazo, para blindar o propio servizo e mantemento do persoal e o aproveitamento da súa especialización.

Do mesmo xeito que, por poñer un exemplo, non entenderíamos mudar a un cirurxián ano tras ano ou, por exemplo, variar as súas propias condicións contractuais de xeito periódico, coa atención temperá pasa o mesmo. Non podemos variar as súas propias condicións ano tras ano. Non podemos prescindir dese talento que se forma, ese capital humano que se adquire a través do tempo cando temos servizos a longo prazo, e nunha cuestión tan importante, porque falamos dun traballo directo con menores e coas familias de menores que son vulnerables, que teñen problemas no seu desenvolvemento.

Entón, temos que blindar esta cuestión, e sobre todo aos profesionais aportarlles ese plus de formación que se pode facer con contratos estables no tempo, e non de xeito periódico e renovables de xeito anual. Temos que encamiñarnos a un servizo plurianual que non dependa e que poida blindar estas condicións dos profesionais, por suposto, para o beneficio dos nenos e nenas.

Por todo iso, un, é fundamental garantir a universalidade do dereito á atención temperá, a equidade e a igualdade de oportunidades mediante a implementación en coordinación coa Fegamp dun plan de extensión dos servizos comunitarios da atención temperá, ata cubrir ese once por cento da poboación diana de 0 a 6 anos que precisa este recurso e que é o noso obxectivo.

Dous, revisar o modelo actual de financiamento que sustenta a Rede de servizos comunitarios de atención temperá mediante subvencións anuais e cambiar a un novo modelo plurianual e que facilite a formación dos profesionais cun plan de formación potente e a consolidación dos propios equipos tan necesario e a continuidade asistencial dos apoios aos nenos e ás familias.

Terceiro, optimizar a rendibilidade do investimento e a cobertura, encamiñados sempre e adaptados sempre á poboación diana que se vai tratar, eliminando con iso os custos directos e os custos tamén indirectos que as familias agora mesmo teñen, e asegurando a proximidade dos recursos aos lugares de vida das familias. Temos que optimizar o investimento para fuxir das asimetrías de recursos.

E cuarto, e non menos importante, estudar as necesidades de atención posttemperá que están reclamando tanto as familias. Pero partindo dunha premisa: precisamente a atención tem-



perá ten ese nome, «temperá», porque céntrase nos primeiros anos de vida, tendo en conta que especialmente o período de 0 a 3 anos é crítico para aproveitar esa plasticidade cerebral que se ten neses anos, e que despois existen para a atención postemperá, despois de 6 anos, recursos, que temos, pero temos que adaptalos —porque para os menores non temos agora mesmo as mesmas circunstancias de hai vinte ou trinta anos— aos novos tempos, e, por suposto, blindar e poñer no foco da cuestión a saúde mental infantojuvenil. É moi importante porque a saúde mental dos nenos e dos adolescentes no noso país estase a ver resentida e temos datos preocupantes, e temos que actuar xa de xeito inmediato porque é unha cuestión clave.

Apostar pola prevención na primeira infancia, como dixen ao principio, —remato— non é un gasto, senón o mellor investimento que pode facer unha sociedade. Un dos indicadores fundamentais de resultados óptimos é o traballo preventivo, polo que ao longo prazo será un aforro. Pero non serve investir sen unha planificación adaptada á poboación afectada. O Goberno galego ten que ordenar os propios recursos para que se poidan aproveitar ao máximo ou ser optimizados.

Todo esforzo que poida determinar o benestar e a saúde...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...das nenas e dos nenos galegos vale a pena.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Nós, dende o BNG, imos votar a favor desta moción. E vaia por diante que trouxemos ademais recentemente, sen pasar moito tempo, iniciativas neste mesmo sentido. De feito, impulsamos un acordo o pasado mes de novembro na Comisión 5ª co obxectivo de reforzar e ampliar a Rede galega de atención temperá, para garantir o mantemento, o reforzo e o sostemento dun servizo fundamental, que —como xa se dicía— atende crianzas de entre 0 e 6 anos que teñen trastornos do desenvolvemento. É unha rede interdepartamental —digámolo así— ou que está atravesada por tres áreas do Goberno: Educación, Sanidade e Política Social, que é na que se centrou neste caso o Partido Socialista con ese servizo de atención temperá comunitario. Son trinta e nove unidades en total en toda Galiza que atenden por volta de mil setecentas crianzas.



A señora Ortega facía fincapé en que a prevalencia —digamos— deses trastornos do desenvolvemento no conxunto da poboación menor de seis anos se sitúa en Galicia —ela dicía— entre o once por cento e o dez o cento da poboación. Esas cifras indícanos que estamos nun nivel de atención moi por baixo do que deberían ser os obxectivos de calquera goberno. Por dicilo dalgunha maneira máis clara: temos unha rede que aínda hoxe é insuficiente, aínda que certamente —tamén o dicía a señora Ortega— se foi ampliando nos últimos anos. Creouse de feito a partir de 2009, entre 2009 e 2013 fundamentalmente.

Pero o obxectivo ten que ser ampliála e reforzala para garantir ese dereito fundamental de calquera neno ou nena do noso país con trastorno do desenvolvemento de ver como reciben as terapias ou os tratamentos que necesitan para poder garantirles unha calidade e unhas condicións de vida digna, porque estamos falando de nenas e nenos. E hai moitos graos que nos podemos atopar neses trastornos do desenvolvemento, pero é que en moitos casos recibir esa atención temperá, eses tratamentos de maneira áxil nos primeiros anos das súas vidas, pode garantirles unhas condicións de vida mellores ou peores, non só no inmediato senón no futuro. Estamos falando de poder garantir unhas condicións de vida e de autonomía das propias nenas e dos propios nenos, o que nos dá un pouco a magnitude do que estamos a falar.

E os tres principios que deben rexer —así se recolle nos decretos que regulan a Rede galega de atención temperá— sempre no despregamento destes servizos de atención temperá son —dicíao a señora Ortega—, a universalidade, a descentralización e a proximidade, é dicir, que non teñas que percorrer 70, 80, 100 ou 150 quilómetros para poder recibir unha atención de logopedia ou de fisioterapia que necesitas.

E unha cuestión fundamental para nós, para o BNG, é a prevención. É dicir, canto máis rápido reciban eses tratamentos e poidan entrar neses servizos de atención temperá, mellor será o diagnóstico —insisto— e mellores condicións de vida terán no inmediato e sobre todo no futuro. E esa prevención e esa universalidade non se están cumprindo, pois hai listaxes de agarda que superan o ano. Isto depende moito tamén da área xeográfica da que falemos, o que nos dá unha boa conta tamén das desvantaxes ou da falta desa equidade no acceso aos servizos en función de se vives no rural ou no urbano, no eixo atlántico ou no interior do país.

Eu trouxen dous casos e falámolos no seu momento na propia comisión. Eu traio dous casos moi semellantes onde se ve clarísimamente que é insuficiente o que hai: unha é a comarca de Arousa e outra é a comarca da Mariña. Hoxe teñen uns recursos moi limitados para atender a poboación á que teñen que dar cobertura.

No caso da Mariña, por exemplo, a finais de 2021, tiñamos a máis de trinta nenas e nenos menores de 6 anos atendidas a penas por dúas especialistas. Saben que as unidades teñen que ter tres profesionais, pero non se poden cubrir as baixas porque a subvención coa que se financian non prevé esas baixas. A terceira, polo tanto, estaba de baixa e non podía traballar. E atenden —insisto— a trece crianzas de once concellos que teñen máis de dúas mil oitocentas nenas e nenos de entre 0-6 anos. Isto é precariedade absoluta, tanto nas condicións laborais das e dos profesionais como tamén das nenas e nenos das familias que son usuarias destes servizos de atención temperá.



E no caso da unidade de Arousa, que ademais é unha unidade de atención temperá moi interesante —e digo moi interesante porque esta foi creada pola Asociación Galega de Atención Temperá—, esa unidade formada por catro profesionais atende a setenta familias da comarca. E hai moitas delas que están agardando durante meses a esas listaxes de agarda para poder acceder a un servizo que é claramente —insisto— insuficiente para a porcentaxe de poboación menor de seis anos que é potencial usuaria do propio servizo.

Isto, ademais, viuse moi agravado pola pandemia da covid-19. Non se reforzaron os equipos, a pesar de que os protocolos que houbo que aplicar por prevención da covid-19 o que fixeron foi engordar aínda máis as listaxes de agarda, e non só pola dificultade de acceder ao propio servizo de atención temperá, senón que cada vez que pasaba unha persoa usuaria había despois que limpar todo, e iso ralentizou moito o número de persoas que se podían atender nun só día ou nunha soa semana. Insisto en que non se reforzaron en ningún caso eses equipos durante a pandemia. E esta situación déixanos pois con case unha única vía de saída, que é ir á privada para recibir esa atención e eses tratamentos que necesitan as crianzas.

Dicía en resposta á interpelación a conselleira que ela se poñía na pel dunha nai ou dun pai que ve como, ao pouquiño de nacer, a súa filla ou o seu fillo pois non evoluciona como debería evolucionar de maneira normalizada. Efectivamente, calquera das que estamos aquí podemos poñernos na pel desa nai ou dese pai, desas familias. E agora imaxinemos que vives nunha situación de precariedade económica, que é bastante normal para moitísimas familias do noso país, e ter que asumir un sobrecusto de 300 ou 400 euros por ir recibir eses tratamentos á privada porque hai unha listaxe de agarda ou unha precariedade no servizo do teu concello ou da túa comarca que fai imposible que poidan acceder a ela a través da pública.

Isto xera, ademais, dunha discriminación por territorio, por localización, unha discriminación por cuestión económica, que é dende calquera punto de vista inadmisíbel. E ademais vai en contra do interese superior do menor e do dereito do acceso con carácter de universalidade dun servizo, que —insisto— é fundamental para as crianzas de menos de 6 anos do noso país.

Isto en canto á precariedade e ás listaxes de agarda e á insuficiencia nos servizos. Pero hai outro elemento que para nós é o máis importante da moción que presenta hoxe o Partido Socialista, que vai un pouco máis alá do que nós formulamos hai pouco máis dun mes na Comisión 5ª, e que ten que ver coa necesidade de reformular o modelo de financiamento destes servizos comunitarios de atención temperá e que ten que ver con superar esas subvencións que dende calquera punto de vista non serven para garantir a estabilidade e a continuidade na prestación do servizo e a estabilidade no caso do persoal.

Falábase dun caso concreto, desa Mancomunidade de Conso-Frieiras, que aglutina os concellos da Gudiña, Viana, Vilariño de Conso, Riós, A Mezquita e Manzaneda, que só está funcionando cinco meses ao ano, e ademais que o fai entre o 4 de xuño e o 31 de outubro, é dicir, nos meses do verán, que é cando as familias moitas veces nin tan sequera están no propio concello. Eu presupño que non hai unha mala intención por parte de ningún concello. E a explicación que se daba no Goberno que neste ano pasado do 2021 sostíña este servizo era porque o custo de mantemento nos meses ata que chegaba a renovación desa subvención



era inasumible para concellos tan pequenos. Efectivamente, soste un servizo única e exclusivamente cos recursos propios que teñen concellos pequenos do interior do país, falamos de comarcas na provincia de Ourense, pero poderíamos falar de calquera outro en Lugo ou na Coruña, ou en Pontevedra, é imposible.

Entón, non hai que camiñar só cara a esa plurianualidade da que falaba a señora Ortega, senón cambiar o sistema de financiamento e substituír esas subvencións por outro que dea —insisto— maior estabilidade ao persoal e, sobre todo, continuidade ao servizo, e axudar, por suposto. Porque é unha responsabilidade do Goberno galego, é competencia do Goberno galego, e non unha competencia municipal, o mantemento destes servizos.

Nós imos votar a favor, e cun obxectivo fundamental, que é garantir os dereitos das nenas e dos nenos que teñen un trastorno no seu desenvolvemento no noso país, as crianzas que o teñen hoxe e aquelas que poidan telo no futuro. Porque non falamos dunha cuestión menor, senón das condicións de vida que van ter no inmediato, pero, sobre todo, as condicións de vida que van ter cando sexan persoas adultas. Poden ter unha maior autonomía e un maior benestar ao longo de toda a súa vida se reciben esa atención que merecen nos primeiros anos. E iso é un dereito fundamental e un dereito humano.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías, nesta mañá fresquiña neste parlamento.

Eu quero empezar a miña intervención resaltando algunhas coincidencias, porque creo que algunha ten que haber. E penso que todos podemos estar de acordo polo menos en dous puntos. O primeiro, na conveniencia de perfeccionar a atención das nenas e dos nenos con necesidades especiais a través da mellora permanente da Rede galega de atención temperá. E un segundo, que creo que todos coincidiremos en que ese obxectivo común estará máis cerca se existe un diálogo sincero e construtivo entre todos os actores implicados nesta tarefa, nomeadamente nos grupos parlamentarios aquí representados.

Polo tanto, agradeceréi que evitemos os xuízos de intención sobre cales son os propósitos de cadaquén respecto deste tema. Eu asumo que todos os que aquí estamos queremos o mellor para esas nenas e nenos. Asumo que todos somos quen de poñernos na pel desas nais e deses pais, aos que se aludía anteriormente, que detectan que o seu fillo precisa dun apoio especial. E agradecería a reciprocidade nese tratamento, porque creo que, efectivamente, todos pretendemos o mesmo.



E dende esa base de común confianza, se me permiten, pois que todos fixésemos as propostas que cada un estime máis acaídas para mellorar esta situación. A propia señora Ortega recoñecía que incorporamos algunhas das suxestións que se fixeron, porque, efectivamente, se se fan propostas razoables, o lóxico é incorporalas e intentar traballar nesas liñas de mellora. Pero asumindo sempre que a diferenza que poidamos ter, as discrepancias que poidan existir respecto do modelo de xestión e cal é o modelo de xestión máis acaído para xestionar este ou calquera outro tema, acabamos de falar do tema da sanidade, pois non implica que ninguén teña nin escuros intereses nin axendas ocultas nin nada polo estilo.

Polo tanto, creo que dende ese mutuo acordo, o último que eu agradecería é que se chegamos a un acordo, como fixemos o pasado mes de decembro nesta cuestión concreta, pois asumamos lealmente e vixiemos o seu cumprimento atendendo a uns prazos razoables. Porque eu creo sinceramente que dende o pasado 17 de decembro que chegamos a ese acordo do que falaba a señora Rodil —e leo o acordo: «O Parlamento insta a Xunta de Galicia a reforzar e ampliar a Rede galega de atención temperá dotándoa dos recursos necesarios co obxectivo de que todas as nenas e nenos ata os 6 anos con trastorno no seu desenvolvemento poidan recibir as terapias que precisen. E para tal fin este fortalecemento da Rede galega de atención temperá debe estar debidamente orzado e calanderizado»—, pois nin nos deu tempo a cumprilo, nin nos deu tempo a incumprilo. Démoslle un prazo razoable á Xunta para que poida orzar e calanderizar estas medidas.

Porque creo que o compromiso da Xunta debe estar fóra de dúbida. O certo é que ese compromiso coa atención temperá é máis que evidente, máis evidente dende a chegada de Alberto Núñez Feijóo ao Goberno galego, como amosa o feito de que durante todos estes anos os recursos de atención temperá se teñan multiplicado exponencialmente.

E lonxe de rebaixar ese nivel de compromiso, o Parlamento moi recentemente aprobou o orzamento galego para este ano 2022, que contén o maior investimento en atención temperá da historia de Galicia, máis de seis millóns de euros. A min gustaríame estas dúas afirmacións que acabo de facer poñelas un pouco en contexto.

Mire: no ano 2009, cando este presidente, este goberno alcanzou o goberno da Xunta de Galicia, en Galicia xa existían dúas unidades de atención temperá; no día de hoxe existen trinta e tres. Os concellos que atendían aquelas dúas unidades eran catorce; hoxe son cento corenta e cinco. E os nenos atendidos entón en 2009 eran 160 fronte aos máis de dous mil que se atenden actualmente. Polo tanto, incrementamos en máis dun mil cincocentos por cento as unidades de atención temperá, incrementamos en máis dun novecientos por cento a cobertura dos concellos e incrementamos en máis dun mil cento cincuenta por cento os nenos e nenas que reciben este tipo de atención.

E isto non significa que estean cubertas as necesidades, non é un exercicio de triunfalismo; non significa que non teñamos que seguir mellorando; non significa que nos deamos por satisfeitos. Pero si creo que amosa claramente o compromiso e nega certas críticas exacerbadas, e serve de estímulo para seguir avanzando, porque iso é o que queremos, pois a Xunta é consciente da necesidade de seguir avanzando. Por iso, tamén neste ano, aumentou radicalmente o orzamento, amosando que a atención a eses nenos e nenas de 0 a 6 anos con necesidades específicas continúa a ser unha prioridade para este goberno.



Iso amósase, primeiro, porque dos 3,6 millóns que se dedicaban no orzamento de 2021 á atención temperá, neste ano 2022 pasamos a 6,2 millóns; practicamente duplicamos o orzamento.

Dicía a señora Ortega: é que Galicia non é das comunidades que máis gasta, ao contrario, está nunha ratio tal, e ten que gastar máis e ser máis eficiente. Eu creo que podemos discutir se temos que gastar máis. Evidentemente, é obvio, por iso estámolo facendo, por iso aumentamos dunha maneira tan importante ese orzamento. Pero mellor, mellor é difícil.

Porque vostede citou en moitas ocasións aquí o informe, ¿verdade?, da Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, que é no que ratifica esa afirmación de que Galicia está na parte baixa da dedicación de recursos aos servizos sociais. Pero é que ese mesmo informe —e isto vostede non o menciona— sinala que Galicia é a comunidade máis eficiente no uso dos recursos en servizos sociais. Non o digo eu, dino os directores e xerentes de servizos sociais de España. Polo tanto, creo que aos galegos lles gustará saber que Galicia é a comunidade que mellor inviste cada euro que se dedica a servizos sociais. E para nós esa eficiencia é un motivo de orgullo, porque, efectivamente, o que teñen que saber os galegos é que cada euro que lle dan á Xunta de Galicia, cada euro que poñen na responsabilidade de xestión do Goberno galego é un euro xestionado eficientemente; mellor que ningunha outra comunidade autónoma española. (*Aplausos.*) E a min iso éncheme de orgullo.

Noutra cuestión recordo que tamén o propio Goberno de España reconece que temos o sistema educativo máis inclusivo de toda España. Polo tanto, creo que o nivel de compromiso do Goberno galego é máis que evidente.

A min o que me sorprende é que o Grupo Socialista reclame agora un aumento de orzamento para a atención temperá cando ese incremento non formou parte das súas prioridades durante o recente trámite de aprobación orzamentaria. Dicía a señora Ortega que isto é unha cuestión de prioridades e que había que situar esta cuestión na parte alta do escalafón de prioridades. Eu teño aquí (*O señor Pazos Couñago amósalle á Cámara un folio tamaño A3.*) as emendas de gasto social presentadas polo Grupo Socialista, e non hai ningunha emenda referida á atención temperá, ningunha. Eu non o critico. O BNG tampouco presentou a emenda. Pero entendo —e parece razoable entender isto— que é porque consideraban que o aumento era moi importante e, polo tanto, esta cuestión estaba cuberta para este ano.

O que non entendo é que ao mesmo tempo se nos exixa aumentar o orzamento, pero non se solicite formalmente ese aumento de orzamento. Ou non é unha prioridade, ou simplemente, sinceramente, creo que é un caso de incoherencia flagrante, porque a súa prioridade nestas emendas era o investimento en equipamentos, iso que vostedes chaman habitualmente «o ladrillo», e aquí hai centros de día, fogares residenciais, rehabilitación de centros, dotacións para escolas infantís. Todo iso si, pero a atención temperá non formaba parte das prioridades, non é un problema. Creo sinceramente que todos podemos coincidir en que a dotación económica para a atención temperá neste ano 2022 é substancialmente superior a anos anteriores e, polo tanto, está máis que cuberta.

A outra cuestión que a min me resulta sorprendente é que nun servizo que está previsto, contido na Lei de dependencia, que deberíamos financiar ao 50 % as comunidades, o Estado



este a poñer o foco sobre a Xunta de Galicia, que aporta o 70 % do custo deste servizo, na- mentres se mantén silencio sobre a responsabilidade do Estado, que para iso aporta o 30 %. E pregaría —e dígollelo sinceramente— que non entendan isto como unha crítica partidista, porque eu non teño ningún inconveniente en recoñecer a mellora que o Goberno do señor Pedro Sánchez fixo en materia de financiamento de dependencia: Non lle recoñezo moitos méritos ao Goberno, e este non teño ningún inconveniente —créanme— en recoñecelo.

Pero creo que esta situación, esta realidade matemática que acabo de relatar debería levarnos a unha reflexión, unha reflexión importante. Mire: o orzamento máis importante en materia de gasto da historia de España, só dá para que o Estado aporte un 30 % do custo do finan- ciamiento da Lei de dependencia en Galicia. Isto tenos que levar á preocupación, porque ¿que vai pasar nos vindeiros orzamentos? Porque todos asumimos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...a nivel nacional e internacional —remato xa, presidente— que van vir orzamentos de maior contracción no gasto; sabémolo todos. E iso tennos que levar a preguntar cal é o futuro que vai sufrir o financiamento da Lei de dependencia.

Abre moitas incógnitas, abre, certamente, incertezas. E eu o que podo dicir é que este grupo ante estas incertezas o que vai facer é depositar a súa confianza no Goberno...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que amosou ata agora compromiso, prudencia e capacidade e planificación para resolver un problema que precisa do compromiso de todos, pero que non pode ser resolto con solucións máxicas.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Non sei se está ben informado o portavoz do Partido Popular, pero dende o Grupo Socialista, loxicamente, en coherencia coas nosas propostas, incidimos na emenda dos orzamentos adicionais ao presupostado. (A señora Ortega Otero amósalle á Cámara un folio con texto.) Aquí está para a Rede galega de atención temperá, con 4 millóns adicionais, que cando queira pois lle amoso, (Aplausos.) por se non está enterado.

Fala tamén de críticas exacerbadas. Eu non sei se me expresei ben, ao mellor erreí, pero moi lonxe disto estamos dende o Grupo Socialista. Nós o que queremos é todo contrario, é facer



propostas. E teñen que cambiar o chip. Non pode ser que cada vez que un grupo parlamentario trae unha proposta —que para iso estamos aquí, para iso ponnos a cidadanía—, e máis en materias tan sensibles, que se tome como un ataque ao Goberno, como unha crítica. Porque para iso estamos, se non, ¿que pintamos nas bancadas os grupos da oposición? Para iso estamos.

Este é o mapa (*A señora Ortega Otero expón un mapa de Galicia en cores.*) onde claramente observamos un desequilibrio territorial nos recursos de atención temperá. E aquí podemos ver os servizos comunitarios de atención temperá, o consolidado en 2021. Aquí evidénciase, lóxicamente, no mapa galego o desequilibrio territorial que temos nesta materia.

Por iso si que se incrementaron os recursos, pero ¿como? Este é o tema que temos que enfrontar. ¿Como se incrementan eses recursos?, ¿como estamos a investir os recursos en materias tan sensibles? Pois temos quizais que reorganizar e poder optimizar estes recursos para poder chegar a todos os nenos e nenas que o precisen, que ao final esa é a cuestión.

Porque logo, a consecuencia dese desequilibrio territorial, plásmase tamén nos medios de comunicación: «*Esperas de hasta nueve meses para terapias infantiles en atención temprana hospitalaria*». Como tamén, en canto a tempos de espera, pero logo tamén en canto a desequilibrio territorial (*A señora Ortega Otero llelle á Cámara un texto dun folio.*): «*Suspenden proceso de contratación del Servicio de Atención Temprana de Sarria*». Tamén (*A señora Ortega Otero amósalle á Cámara unha fotocopia.*) alcaldes de Arbo e Crecente teñen que tramitar novamente o servizo que debe ser mancomunado entre os tres concellos, e indican textualmente ás familias dos tres concellos: «*Manifestaban ayer su preocupación por la sorpresiva interrupción del Servicio Mancomunado de Atención Temprana, argumentado que les afecta mucho, porque estamos hablando de menores con dificultades, en su mayoría con espectro autista, que necesitan que se trabaje con ellos ininterrumpidamente, puesto que se trata de niños y niñas menores especialmente vulnerables*».

Logo, aquí teño máis exemplos e poderíamos..., ben, non teño tempo para citalos. Pero si que é verdade que é unha cuestión que evidencia —os medios de comunicación así o están a amosar— que hai que revisar, que hai que reconceptualizar e hai que poñer os recursos á disposición, pero de xeito ordenado. Por iso, evidentemente, o que temos é que optimizar, temos que revisar o modelo de financiamento.

E, claro, houbo un acordo, pero non é suficiente ese acordo, porque temos que revisar este modelo de financiamento de xeito que concretemos a plurianualidade que se require para poder garantir a estabilidade contractual e a estabilidade dos propios servizos e dos propios equipos, que garantan e espremen ao máximo as capacidades destes nenos e nenas. Que, ao final, estamos condicionando o futuro destas persoas menores, e non podemos escatimar nin un só recurso, nin tempo tampouco, nin traballo en optimizar este servizo. Porque que non sexa coñecido para a maioría da poboación non quere dicir que sexa menos importante.

Temos tamén que eliminar os custos directos e indirectos que comentaba tamén. E como custos directos podemos poñer o exemplo dos desprazamentos, pero como indirectos podemos poñer como exemplo tamén estas mulleres, porque a maioría soen ser as nais, que teñen que deixar o traballo por incompatibilidade. Pero a maiores tamén o que falabamos nas anteriores intervencións, que, ao final, tamén polos fillos se fai o que faga falta, evi-



dentemente, como deixar o traballo e incluso aínda sen recursos buscar da forma que sexa acudir a un servizo de xeito privado porque non o teñamos ao alcance.

Por iso é que temos que optimizar os recursos, que si que se están a poñer sobre a mesa, pero optimizalos para espremelos ao máximo e chegar a todos os menores que o precisen.

E dar continuidade tamén ao traballo cos menores na atención posttemperá, que este é un tema que hai falar, porque hai recursos existentes que se se optimizan e se se coordinan entre eles pódese garantir isto que están a solicitar as familias.

E, realmente, —repito— poñamos o foco na cuestión da saúde mental dos menores. Tras a pandemia, como saben, resentíuse...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...—remato, presidente— e as unidades de saúde mental infan-toxuvenil teñen que ser prioritarias.

O Goberno galego ten que poñer agora mesmo xa os recursos e o tempo e a cabeza nesta cuestión, crear o dispositivo en función da poboación diana, como ben dixeran ao principio. E os indicadores fundamentais de óptimo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora ORTEGA OTERO: ...traballo preventivo sempre na primeira infancia van dar resultados positivos e vai ser un aforro no futuro. Non escatimemos porque é o máis xusto e o máis coherente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á seguinte moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentouse unha emenda por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noelia Otero Lago, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta moción.



Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un estudo e enquisas propias sobre o estado do parque residencial de Galicia e a cuantificación de vivenda baleira.*
- Desenvolver un marco regulatorio sobre a vivenda baleira en Galicia que estea harmonizado e en consonancia coa que será futura nova Lei do Dereito a Vivenda do Estado: 1. Que regule o procedemento de declaración de vivenda baleira, a definición de tipos de propietarios e a creación dun rexistro de vivendas baleiras. 2. Que contemple a declaración das zonas de mercado residencial tensionado na comunidade de acordo cos criterios previstos na tramitación da nova Lei do Dereito a Vivenda.*
- Impulsar nos ámbitos de acreditada demanda e necesidade de vivenda medidas encamiñadas a equilibrar e minorar os prezos do alugueiro como a aplicación das medidas fiscais determinadas no Anteproxecto de Lei do dereito a Vivenda para garantir a función social da propiedade de vivendas. Medidas que contemplarán os diferentes tipos de propietarios en atención aos definidos como grandes tenedores.*
- Articular medidas de fomento para mobilizar as vivendas baleiras, tendo en conta a demanda do ámbito e as capacidades económicas e tipo de propietario.>>)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Bo día a todos e a todas.

En Galiza temos un gran paradoxo que cando menos debería facernos reflexionar a todos e a todas. Temos, por un lado, uns datos de emancipación moi malos, pois neste país catro de cada dez mozos de entre 30 e 34 anos non logran emanciparse; temos a segunda peor taxa de emancipación de todo o Estado, só por detrás de Canarias. E, ao mesmo tempo, neste país case unha de cada cinco das vivendas que temos están baleiras.

¿Como é posible que teñamos esas cifras, case das peores de emancipación, e ao mesmo tempo lideremos o *ranking* de vivenda baleira? ¿Como é posible que hoxe en cidades como Vigo se pague por un piso até tres mil euros máis ao ano que hai cinco anos, ao mesmo tempo que hai case vinte mil vivendas baleiras tan só nesa cidade? E tamén deberíamos preguntarnos: ¿onde nos leva este modelo a medio prazo?, ¿que proxeccións de futuro podemos facer con estes datos na man?

É doado saber cara a onde imos porque o estamos vendo no día a día, cando a xente nova ten tantas dificultades para lograr poder custear unha vivenda e vese obrigada a poñer en *stand by* outros proxectos vitais importantes, que van dende o ámbito académico, onde, por exemplo, hai moita xente que compromete os seus estudos por non poder pagar as rendas



de alugueiro, compromete proxectos profesionais e tamén outros proxectos vitais como poder formar unha familia. Estes afectan en primeira persoa a toda esa xente moza que o sofre, pero tamén ten outras consecuencias sociais que nos interpelan a todos e todas nós.

Este, por tanto, non é un problema menor. As dificultades no acceso á vivenda de hoxe están roubándolle o futuro á xeración máis moza, pero tamén están empobrecendo e facendo máis desigual a sociedade de mañá. E mentres tanto en Galiza hai trescentas mil vivendas pechadas e baleiras.

Pero, ademais, tamén deberíamos preguntarnos que modelo territorial estamos construíndo cando unha de cada cinco vivendas está sen uso. Do pasado inmediato herdamos un éxodo rural que deixou tras de si unha chea de vivendas baleiras que esmorecen e un patrimonio que non deberíamos perder. Pero é que actualmente estamos inmersos nun proceso de desprazamento dos centros de atracción da poboación do sistema urbano galego. Porque o aumento do prezo da vivenda no centro das cidades está obrigando moita xente a mudarse a concellos e a parroquias periurbanas dentro das áreas metropolitanas. Todo este proceso de contraurbanización está estancando as cidades e ocupa sistematicamente novo solo nunha extensión difusa polo territorio.

E en lugar de promover dende a administración pública o mantemento e a rehabilitación do xa construído, na práctica o libre mercado impón unhas regras de continua dinámica de ocupación de solo difusa. Isto repercute negativamente en moitos aspectos como, por exemplo, na mobilidade, nos custos de mantemento de toda esa urbanización ou na prestación de servizos. Por tanto, a falta de políticas que incentiven a rehabilitación e a accesibilidade á vivenda nas zonas urbanas deriva tamén nun modelo territorialmente insostible dende o punto de vista ambiental, económico e social.

Por outra parte, o feito de que as políticas das últimas décadas promovesen a prevalencia do valor de mercado da vivenda por riba do valor de uso, é dicir, da súa función real, tivo tamén consecuencias nun modelo económico excesivamente dependente do valor inmobiliario. Vímolos na crise de 2007 e estámolo vendo agora mesmo tamén coa burbulla no prezo do alugueiro.

Por tanto, o debate da vivenda baleira non é un dilema sobre os dereitos do propietario a arrendar ou non a súa vivenda, senón que é un debate social de calado que toca de forma transversal moitos aspectos. Este debate vai de aumentar o grao de accesibilidade á vivenda para acadar un modelo social máis xusto e de futuro; (*Aplausos.*) vai de acadar un modelo territorial coherente, no que se reduza o consumo do solo e se fomente a rehabilitación, e vai tamén de dotarnos dun modelo económico menos dependente da dinámica especulativa inmobiliaria.

É posible outro modelo distinto ao de libre mercado onde as administracións públicas regulen sobre a vivenda baleira para acadar estes obxectivos. A única explicación de que en Galiza non se faga é porque o Grupo Popular non quere.

Un exemplo de que é posible son, por exemplo, as políticas que levan á práctica estados como Francia, o Reino Unido ou Dinamarca, que teñen aprobadas medidas de carácter tributario



que consideran a desocupación da vivenda como un feito gravable. Dentro do Estado tamén temos outros exemplos, como Cataluña, Euskadi e a Comunidade Valenciana, que como resultado da crise de 2007 veñen desenvolvendo tamén lexislación neste sentido.

¿Por que en Galiza non? Esa é a pregunta que deberíamos facernos. Deberían vostedes explicarlles aos galegos e ás galegas os seus obxectivos reais en materia de vivenda e deixarse de propaganda, de puro *marketing* para encher titulares que nunca teñen resultado. Explíquenlles aos galegos e ás galegas, señores do Partido Popular, por que absolutamente todas as medidas en materia de vivenda baleira fracasaron. Pois a resposta é moi sinxela: porque as fixeron especificamente pensadas para fracasar, porque non hai ningunha vontade para abordar este problema.

Na miña anterior intervención, na interpelación, analizaba de forma comparada as distintas lexislacións postas en marcha no Estado. Pero hoxe quero centrarme na parte propositiva que traemos dende o Bloque Nacionalista Galego, pensada por e para Galiza, porque a realidade do parque inmobiliario en Galiza é singular, entre outros aspectos, por unha evolución histórica específica da estrutura da propiedade e do modelo territorial. De aí que con esta moción exixamos á Xunta de Galiza o desenvolvemento dun marco regulatorio propio, é dicir, un marco galego para abordar o problema da vivenda baleira.

A vostedes, señorías do Partido Popular, hai que recordarlles unha e outra vez que as competencias en materia de vivenda son do Goberno galego, e debe exercelas. (*Aplausos.*) E eu recoñezo que isto xa case resulta pesado traérllelo unha e outra vez a esta cámara. Pero vostedes acórdanse agora cando o Goberno central saca a Lei estatal de vivenda de que as competencias en materia de vivenda son da Xunta. Pois ben, o resto do ano practíquenlas, que son unha competencia galega. (*Aplausos.*) E iso é o que lles propoñemos aquí, que se poñan a lexislar en materia de vivenda baleira.

Propoñémoslles que esa nova lexislación se desenvolva a partir dos seguintes eixos:

En primeiro lugar, establecer uns criterios xerais de actuación con base na estrutura singular galega. Primeiramente, regular o procedemento e a declaración de vivenda baleira e crear un rexistro da vivenda baleira que hai en Galicia. Facer unha definición dos tipos de propietario co obxectivo de discernir entre grandes propietarios e pequenos propietarios. Porque nós entendemos que non está na mesma situación, por exemplo, unha persoa pensionista que ten unha propiedade para complementar as súas rendas, e que circunstancialmente pode tela baleira, ou que non ten cartos suficientes para reformala, do que é a situación na que pode estar un gran propietario que acumula ducias de vivendas baleiras, que as ten simplemente sen poñer no mercado por unha pura lóxica de rendibilidade.

Entendemos que as políticas deben ter un carácter redistributivo e, por tanto, as exixencias a un e a outro tipo de propietarios deben ser diferentes e graduais segundo o número de vivendas baleiras e o total de metros cadrados. Tamén entendemos que neses criterios debe tamén fixarse a delimitación das áreas onde serán de aplicación as medidas de intervención sobre as vivendas baleiras. Porque non se pode aplicar de forma homoxénea para todo o territorio galego por igual, xa que hai que ter en conta que hai moitas zonas no noso país onde



un propietario pode ter dificultades reais á hora de alugar ou vender a vivenda por falta de demanda. Por tanto, as medidas que teñan un carácter impositivo deberían aplicarse só onde exista unha demanda acreditada de vivenda.

Unha vez definidos estes criterios xerais, propóñense dous mecanismos de actuación combinados: por un lado, de carácter impositivo e, por outro, de fomento e de axudas para lograr que esas vivendas desocupadas inxustificadamente se incorporen ao mercado inmobiliario.

É necesario regular medidas impositivas que graven as vivendas baleiras para incentivar os propietarios a incorporalas no mercado inmobiliario. Como xa mencionei, este imposto só sería de aplicación naquelas áreas onde exista unha demanda e unha necesidade acreditada de vivenda. O principio xeral que debe rexer é que se existe unha demanda de vivenda e o propietario se nega a poñela no mercado, iso é un feito gravable polo incumprimento da función social da propiedade da vivenda.

Dende o BNG entendemos que as cotas deste imposto ademais deberían regularse cun criterio redistributivo, definindo tipos progresivos en relación co tipo de propietario e o total de metros cadrados acumulados; é dicir, que cantas máis vivendas e máis metros cadrados manteñas fóra do mercado, maior será a porcentaxe da recarga. Así mesmo, tamén contemplamos a posibilidade de aplicar reducións nese imposto cun criterio redistributivo; é dicir, que por cada vivenda baleira mobilizada cara ao alugueiro a prezos accesibles se lle bonifique nas cotas desa recarga, de forma que se bonifique e se contribúa a mellorar o acceso á vivenda ás rendas máis baixas.

Da outra parte, estarían as medidas de fomento que deberá pór en marcha a administración pública, e que neste caso si serían aplicables ao conxunto do territorio, independentemente da demanda; iso si, mantendo un criterio redistributivo segundo as capacidades económicas e o tipo de propietario. E aquí incluímos dúas propostas: liñas de axudas dirixidas a mellorar a habitabilidade, a accesibilidade ou a eficiencia enerxética, e un programa de mediación por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Señorías, en definitiva, hai alternativas fronte a este modelo especulativo, que acelera as desigualdades sociais, que é insostible ambientalmente e que volverá golpear a nosa economía cando volva...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...estoupar a nova burbulla.

—Acabo xa.— Os países do noso contorno están tomando medidas; outras comunidades están protexéndose adoptando este tipo de medidas. E é o momento de que Galiza tome as súas competencias, faga unha política de vivenda que nos coloque na vangarda e non na posición de cola do Estado.

Pídolles sobre todo ás portavoces dos restantes grupos...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...—acabo xa— e sobre todo á do Grupo Popular que discutamos sobre as medidas, sobre a eficacia e a eficiencia que poderían ter. Pero que se absteñan de dicir simplemente que todo vai ben, porque non vai ben, non vai ben cando temos das peores taxas de desemprego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...cando lideramos o *ranking* de vivenda baleira. E non vai ben cando todas as medidas deste goberno en materia de vivenda baleira fracasaron.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Ten vostede despois outra quenda.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Por tanto, emenden, rectifiquen e lexislen. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e todos.

Nós, dende o Grupo Socialista, queríamos comezar o debate desta moción lembrando un pouco a postura que mantivo no último pleno a titular de Vivenda nese debate da interpe-lación, e tanto na xustificación de quen tiña a culpa do gran problema dese número elevadísimo de vivendas baleiras en Galicia como tamén arredor das competencias. Decía a conselleira: parece que tan só uns teñen competencias e os demais simplemente dan leccións, e hai que facer algo máis que dar leccións.

Pois moi ben, señora conselleira, vostede lanzaba este recado e finalmente limitaba e xustificaba ese estrepitoso fracaso nestes anos na mobilización dese elevadísimo número de vivenda baleira nos concellos. Toda a culpa —dixo a conselleira— é dos concellos.

Unha intervención, evidentemente, na que ademais de botar balóns fóra, de fuxir das competencias, de dicir que a culpa dese fracaso do Plan de mobilización de vivendas era dos concellos, pois tamén a tiña en parte, ¿como non?, o Estado xunto ao chachachá, como xa é habitual. Un plan —decía— que se botaba de menos, o Plan estatal de vivenda, que ben lembramos que hai unha semana foi aprobado, e ademais cuxos beneficios con carácter retro-activo están en vigor dende o pasado 1 de xaneiro.

Lembramos tamén aquí que as críticas ao Anteproxecto de lei de garantía do dereito da vivenda estaban aí por parte do Partido Popular e do Goberno da Xunta de Galicia. Mesmo



antes de coñecer unha soa liña dese anteproxecto (*Aplausos.*) xa anunciaron con boicotealo e acudir aos tribunais. Neste novo modelo de oposición en tempos de crise, responsable, facendo seguidismo de Vox, calquera avance, medida social, pois ameazamos co boicot e con acudir aos tribunais. Todo —como dicíamos— moi responsable.

E falando desas incoherencias e de competencias, o Partido Popular aplaude a estas horas moi feliz e airadamente eses informes de dous vogais conservadores do Poder Xudicial, que o que din é que o anteproxecto de lei que pretende impulsar o Goberno —tan necesario— ten o problema de que invade competencias autonómicas. Nós aplaudimos estes informes, pero, por outra banda, non dicimos cando nos toca...

facen políticas que non temos responsabilidade. Porque nese debate da interpelación arredor das vivendas baleiras, a conselleira dicía aquí que era o Goberno do Estado paradoxalmente o que tiña que definir que é unha vivenda baleira, cales son as zonas tensionadas, cales son os grandes tedores, e agora aplaudimos que eses vogais conservadores do Consello do Poder Xudicial digan que as competencias están nas comunidades. Poñámonos de acordo. (*Aplausos.*)

E nós preguntamos, e fagamos valer as competencias propias en materia de vivenda: ¿que fixeron arredor deste programa nestes anos?, ¿que están a facer?, ¿que van facer? Porque o outro día non quedou claro. E hai un problema gordo, importante como punto de partida escoitando a conselleira, e é que nin sequera somos quen de poñernos de acordo no punto de partida. Porque tamén empregou o negacionismo máis grande coas cifras. A señora Fernández trasladaba esa cifra de que son máis de trescentas mil —dos números máis elevados do Estado— as vivendas baleiras en Galicia. E dicía a conselleira que non é tal. Cifras que están penduradas na páxina do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que son informes do propio Instituto e do Observatorio Galego da Vivenda. Pero di a conselleira que non son esas as cifras de vivendas baleiras en Galicia.

Se quere contrastar tamén poderíamos ir ás cifras que trasladaba a mediados do ano pasado a Axencia Tributaria, as cifras do Catastro, que sitúan en 337.000 —coincidindo— as vivendas baleiras en Galicia, as cifras máis altas do Estado.

Pero, ademais, trasládanos outra información, que tamén nega o que di a conselleira: que non son maioritariamente moitas vivendas en ruínas; son moitas vivendas que se concentran nas provincias da Coruña e de Pontevedra construídas entre os anos 2002 e 2011, en pleno *boom* da construción inmobiliario. Son vivendas construídas nestes anos e nestas cidades, máis tensionadas, como podemos comprobar no Rexistro de demandantes, e onde os mozos e as mozas galegas, efectivamente, están a vivir neste último ano os datos máis preocupantes de emancipación desde que hai rexistros no Instituto Nacional de Estatística. Tamén son vivendas que se concentran nas cidades onde máis subiron os prezos do alugueiro nestes últimos cinco anos.

Xunto a eles, as persoas con discapacidade, vulnerables social e economicamente, ou as vítimas de violencia, que non atopan resposta nas políticas da Xunta de Galicia.

E o mellor exemplo cal é: acudir ao proxecto de orzamentos que ano tras ano en materia de vivenda traen a este parlamento e aproban coa maioría do Partido Popular. Este 2022, Pro-



grama de acceso á vivenda, un 40 % menos dos cartos que destinou o Bipartito no último orzamento do ano 2009. En plena crise, un 40 % por baixo. Pero non queda aquí esta falta de vontade, xa non son as cifras, é o nivel de execución, que en materia de vivenda é certamente preocupante e sangrante ano tras ano.

Orzamento 2020, Programa de acceso á vivenda, 27 millóns de euros. Executaron unicamente de 27 millóns de euros, que xa non é unha cifra para botar foguetes, 9 millóns de euros.

Pero non só se falamos de fondos propios. O Plan de vivenda 2018-2020, un plan dotado con 82 millóns de euros, e deron uso apenas á metade.

Tal é a realidade, a desafección e o desleixo que hai poucos días a Delegación do Goberno en Galicia se viu na obriga de trasladar unha carta á conselleira de Vivenda na que preguntaba que pasa coa figura dos xestores de rehabilitación, que é unha figura que se acordou coas comunidades autónomas para dar saída e poder usar e xestionar os fondos millonarios que están contemplados en materia de vivenda e rehabilitación para as comunidades autónomas. Para Galicia en distintas convocatorias son máis de douscentos trinta millóns de euros. E precisase que se poña en marcha tal e como se acordou a figura deses xestores de rehabilitación, que se poñan á disposición deses concellos que critica a Xunta de Galicia e que precisan deste apoio precisamente para dar saída, para tramitar e axilizar, e que non quede sen usar toda esta cantidade de fondos que están dentro —como dicimos— dese Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Porque o que se atopa é a crítica, o botar balóns fóra e non se responde nin sequera se cumpre co comprometido. Así que no canto de confrontar nesta materia toca orzar, xestionar, executar, aumentar a cooperación e traballar de xeito coordinado xunto ás políticas estatais para facer vivenda, e da vivenda o quinto piar do Estado.

O Goberno central acaba de aprobar precisamente o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, que ten eminentemente un carácter social para prestar atención ás persoas máis vulnerables. Tamén a creación dese bono alugueiro novo, que, ¿como non?, tamén criticou este Goberno galego, para posibilitar ese acceso ás mozas e aos mozos que dicíamos. Nós teríamos que ser os primeiros porque temos os peores datos de emancipación a nivel estatal dende que hai rexistros no Estado. E porque os esforzos, ademais, hai que dedicalos, como apuntan absolutamente o Rexistro de demandantes e todos os estudos, a incrementar a oferta de vivenda en réxime de alugueiro, e máis en concreto a incrementar a oferta de vivenda en alugueiro social mediante o impulso do raquíptico parque público de vivendas.

Por iso nós presentamos unha emenda tamén, porque pensamos que, efectivamente, hai que avanzar e hai que poñer no marco das competencias en materia de vivenda solucións sobre a mesa. Pero tamén pensamos —e de aí o sentido da nosa emenda— que hai que facelo en coordinación e non en confrontación coas políticas que se están a impulsar dende o Goberno do Estado.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señorías, antes de nada teño que pedir desculpas á Cámara por esta afonía consecuencia do frío dos últimos días. Tentarei falar a modo.

Señora Otero, menten vostedes máis que falan. O que fixo recortes no orzamento de vivenda foi o Bipartito. O Goberno galego da Xunta de Galicia o que fai é aumentar ano a ano en cada orzamento os presupostos en materia de vivenda. E o mesmo pasa cos datos da execución, pois sempre repiten o mesmo dato cando saben vostedes que é un mantra que repiten continuamente. Non son certos os datos de execución e xa se explicaron repetidamente en varias ocasións.

Fala tamén de balóns fóra. Mire: balóns fóra fíxoo e faino o Goberno de Pedro Sánchez cando quería quedar con 204 millóns da liquidación do IVE de 2017 que lle correspondían a Galicia, e que o Goberno galego lle tivo que reclamar xudicialmente. *(Aplausos.)* E agora tamén Pedro Sánchez pretende quedar con 450 millóns en fondos europeos que lle corresponden a Galicia. Por tanto, defender dende Galicia o Goberno de Pedro Sánchez penso que hai que ter máis coidadiño.

Señora Fernández, o Goberno galego traballa cunha política transversal, traballa para que todos os galegos dispoñan dunha vivenda digna e a prezos accesibles, construíndo vivenda pública e apostando tamén por rehabilitar o construído, para poñela en valor e facilitar ás familias o acceso a unha vivenda.

Diversos programas de axudas en alugueiro, en compravenda, en rehabilitación, en accesibilidade, no rural, nos cascos históricos, con máis oportunidades para que os mozos galegos poidan acceder á súa primeira vivenda e, por suposto, para os que máis o necesitan.

Indo a algunhas afirmacións que se fixeron aquí. Segue a señora Fernández —tamén o repite a señora Otero— a facer afirmacións falsas, como dicir que actualmente existen en Galicia trescentas mil vivendas baleiras. E sabe perfectamente que ese dato non é de 2021, que é un dato de 2011, de hai unha década. E tamén sabe que o dato inclúe vivendas que non reunían condicións mínimas de habitabilidade, incluso antigas vivendas en estado ruinoso. Con todo, non descoñece o Goberno galego a existencia de vivendas baleiras que non están á disposición no mercado, e iso por diferentes circunstancias.

Fala a señora Fernández de vivendas baleiras pertencentes a entidades financeiras e grandes tedores. Pero todos sabemos que a estrutura da propiedade da vivenda en Galicia é moi di-



ferente á de Madrid ou de Barcelona. Os grandes propietarios, tanto persoas físicas como xurídicas, son escasos en Galicia. A maior parte do parque de vivenda en Galicia é de pequenos propietarios privados que investiron os seus aforros nunha vivenda, nalgúns casos á súa disposición como segunda residencia, noutros casos que se a poden arrendar repórtalles os únicos ingresos dos que dispoñen, e noutros casos os propietarios non poden arrendar o inmoble por non poder facer fronte aos custos de reforma; ao meu xuízo, esta é unha gran porcentaxe.

Repetidas veces a Xunta de Galicia expuxo neste parlamento a necesidade de incentivar a posta á disposición dos cidadáns das vivendas que non se atopan en uso. E nesa liña traballouse poñendo en marcha o Programa de vivendas baleiras, que fora creado a partir dun convenio entre o IGVS e a Fegamp, no que o IGVS financiaba integramente o custo dos seguros e das axudas aos propietarios, e no que se precisaba a colaboración dos concellos. A falta de implicación dos grandes concellos, onde se concentra a maior demanda, impediu acadar os resultados esperados porque renunciaron a poñer en marcha esta ferramenta que lle ofrecía a Xunta á Fegamp, renunciando ademais ás competencias. Concellos gobernados polo PSOE e polas Mareas renunciaron adherirse ao Programa de vivendas baleiras. Iso xa se explicou aí e xa se explicou tamén na Comisión 3ª.

A Xunta tivo que reformular o programa, que agora pasa a xestionarse directamente polo IGVS. O programa reformulouse no marco do Observatorio da Vivenda de Galicia, no que están presentes todos os colectivos relacionados co mundo da vivenda, e onde se aprobou por unanimidade o Pacto social pola vivenda, como saben. Ese pacto indica respecto da mobilización das vivendas baleiras que este programa será de xestión directa por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e nel contará coa colaboración das axencias e os administradores da propiedade inmobiliaria, co obxectivo de mobilizar o maior número posible de vivendas baleiras de titularidade privada, para que se incorporen ao mercado do alugueiro a prezo accesible para as persoas arrendatarias.

Vantaxes para as persoas propietarias: seguridade xurídica para o alugueiro a través de coberturas de impago, multirrisco do fogar e asistencia xurídica; axudas a fondo perdido de ata 8.000 euros á propiedade para realizar arranxos nas vivendas con cargo ao Programa Rehaluga; prioridade no acceso aos préstamos para a rehabilitación sen xuros. As persoas arrendatarias: rendas ilimitadas, axudas ás persoas inquilinas con máis dificultades.

Céntrase fundamentalmente nas zonas e nos concellos onde se concentra a demanda de vivenda en alugueiro e existe unha maior tensión nos prezos da vivenda.

Así mesmo, o IGVS impulsará que os inmobles inscritos no Censo de vivendas baleiras da comunidade autónoma poidan utilizarse neste programa, o que favorecerá a súa ocupación.

Polo tanto, señorías, a Xunta de Galicia xa dispón dun programa de mobilización de vivendas para alugueiro, que xestionará o Instituto Galego da Vivenda e Solo en colaboración cos axentes da propiedade inmobiliaria e os administradores de fincas a través dos seus colexios profesionais. O programa está listo para a súa posta en marcha, pero era preciso agardar á aprobación do Plan de vivenda 2022-2025, no que o Goberno prevía incluír un programa de



vivendas baleiras. Resultaba lóxico e prudente agardar a coñecer as disposicións do Plan de vivenda antes de lanzar o programa autonómico, para evitar duplicidades na mesma materia.

Agora que o Plan de vivenda foi aprobado, a Xunta realizará os axustes necesarios para poñer en marcha un programa que xestionará directamente o IGVS e que permitirá seguir traballando para mobilizar para alugueiro social vivendas que actualmente non están en uso.

Espero que a implicación que non se mostrou antes se mostre agora, porque a mala política non beneficia a ninguén e a boa política, veña de quen veña, beneficia aos galegos e ás galegas, que é o fin último ao que todos temos que atender.

Como se sinalou, a Xunta de Galicia opta por medidas positivas fronte ás medidas punitivas doutras administracións. E dende o Grupo Parlamentario Popular aplaudimos ese enfoque que opta por medidas positivas fronte ás anunciadas medidas penalizadoras do Goberno central e ás que nos propón o Bloque Nacionalista Galego, e que pasa por ofrecer seguridade xurídica aos propietarios que poñen as súas vivendas en alugueiro a prezo razoable, incentivalos con garantías de cobro do alugueiro e de mantemento das condicións das súas propiedades e con axudas para a rehabilitación ou adaptación das vivendas.

Fronte ás medidas que pasan por ofrecer seguridade xurídica e incentivos aos propietarios para traer esa vivenda ao mercado do alugueiro, o BNG plantéxanos unha vez máis medidas penalizadoras. O BNG plantexa, en primeiro lugar, a adopción de medidas punitivas a través de recargas impositivas, que non deron resultados positivos en ningún sitio e que o Goberno galego non comparte.

O BNG tamén prevé na súa moción medidas de intervención que teñen difícil encaixe xurídico no mercado libre como é a vivenda, e que o Goberno galego tampouco comparte. Voulles poñer os exemplos de casos en que o BNG nos plantexa recargas, impostos e medidas de intervención:

Un matrimonio maior cos aforros da súa vida conseguiron comprar un inmovible. Non dispoñen de cartos para reformalo e alquilalo, viven dunha pequena pensión. O BNG propón recargas impositivas e medidas de intervención.

Matrimonio que cos aforros da súa vida conseguiu reformar a casa da aldea na que naceron e herdou de seus pais. A saúde e as circunstancias de mobilidade impídenlles desfrutala. O BNG propón recargas impositivas e medidas de intervención.

Galego que traballa nun país de fóra que cos seus aforros comprou un pisiño para poder volver a Galicia cando se xubile. O BNG propón recargas impositivas e medidas de intervención.

Son casos reais, non estamos falando de grandes tedores, nin tampouco de propietarios que nun telediario conseguiron un casoplón.

Pero imos saber cales son esas recargas impositivas e medidas de intervención ás que si se refire o BNG. Barcelona, no caso de que os pisos non se poñan en alugueiro nun prazo dun



mes, medidas sancionadoras como multas ou advertencias de expropiación. Valencia, multas coercitivas de carácter mensual. País Vasco, canon de 10 euros/metro cadrado, alugueiro forzoso e incluso expropiación.

Miren: Galicia non vai facer a política de vivenda do Bipartito, PSOE-BNG na Xunta, nin a do BNG, que xa sabemos cal foi. Esa política de vivenda si que foi unha auténtica desfeita, un auténtico fracaso. Fracaso de vangarda, señora Fernández, e non só polas famosas normas do hábitat senón tamén pola absoluta incapacidade para xestionar.

Galicia non ten que importar nada nin de Barcelona nin de Valencia, pois é quen de facer as súas propias políticas de vivenda. Políticas que saen da experiencia, da mellora continua, do diálogo, do traballo, da posta en común, coa xente, cos axentes implicados, sectores e consumidores, cos que máis saben da vivenda e da súa situación en Galicia.

O Goberno galego continuará apostando por medidas positivas e incentivadoras fronte ás restritivas e penalizadoras que plantexan vostedes na súa moción e as que contemplan no Anteproxecto da lei estatal de vivenda, cunha recarga do 150 % do IBI ás vivendas non ocupadas durante dous anos.

Lei estatal de vivenda, que, por certo, acaba de darlle un espaldarazo o Consello Xeral do Poder Xudicial por invadir as competencias das comunidades autónomas; cousa que xa se viña advertindo dende a Xunta de Galicia.

Causa vergoña que o Goberno de España renuncie na pandemia a exercer as súas propias competencias e coa Lei de vivenda pretenda invadir as que non son súas. O caso é que sería o mesmo, porque cando existe un problema Pedro Sánchez levanta as mans e di: *Apáñense ustedes.*

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Freire.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Señora Freire, vostede mente sen pudor cando fala de que se aumentaron os orzamentos durante o período Feijóo en materia de vivenda. Hai até 1.700 millóns de recortes acumulados en materia de vivenda respecto de se se tivese aplicado o nivel de investimento orzamentario que había no Bipartito. (Aplausos.) Vostede mente sen ningún pudor.

Pero é que, ademais, hoxe trouxo outra vez unha chea de *totum revolutum* de todas as iniciativas que ten a Xunta postas en marcha en materia de vivenda, porque como non teñen cousas específicas en materia de vivenda baleira tráenos sempre todo. Podemos falar de vivenda baleira, de vivenda protexida, vostedes traen o Combo sempre, como non teñen ningunha efectiva.



Pero eu non lle quería falar das medidas que ten en marcha por unha cuestión de até pudor, porque xa lle saquei á conselleira o outro día o fracaso auténtico de todas as políticas en materia de vivenda baleira. Pero hoxe que vostede volve sacalas pois terei que facerlle o repaso de novo.

En catro anos conseguiron mobilizar trinta vivendas baleiras. Pero é que ese Programa de vivenda baleira está paralizado. Hai un ano que a conselleira se sentaba aquí e dicía que ía reformular ese programa, e aínda no día de hoxe non había nada en marcha. Pero é que, ademais, o único programa que hai, a única cousa que hai neste momento son axudas á rehabilitación para a mobilización de vivenda baleira, que tiña un orzamento de 150.000 euros, e do que se executaron 6.907 euros no pasado exercicio orzamentario; dunhas axudas que eran de 8.000 euros, executaron 6.907 euros. ¿É que como non lle dá vergoña volver aquí unha e outra vez relatar unhas medidas que son ficticias, (*Aplausos.*) que son mentira, que non funcionan, que están fracasadas? Deixen de traer sempre esas mentiras.

Pero é que, ademais, vostede fai unha caricatura impostada da nosa proposta, como que case que aquí vai vir alguén asaltar vellos e que non sei que máis, metendo medo á xente. Porque vostede, á parte da mentira, practica a política do medo á xente para que non se fagan este tipo de políticas, deturpando as propostas. Porque a proposta é de sentido común, e creo que se entende de forma moi fácil: se hai unha vivenda baleira que está desocupada de forma inxustificada, estase incumprindo a función social da vivenda, e de aí que o propietario teña unha obriga de que esa vivenda cumpra cunha función social. Isto é exactamente o mesmo que se di, por exemplo, na lei vasca.

¿Vostedes cren que o Goberno vasco está tratando de impoñer unha serie de mecanismos de expropiación e de non sei que socialcomunistas que van asaltar pensionistas? Non. É unha medida racional, de xustiza social, de modelo territorial coherente, dun modelo económico menos dependente das burbullas inmobiliarias. É unha medida que protexe non só á xente que padece problemas de acceso a vivenda, senón a todos nós como sociedade. (*Aplausos.*)

Polo tanto, deixen de deturpar e caracterizar sinceramente mentindo. O feito é que moitos países están aplicando estas medidas; moitas diferentes cores políticas están poñendo en marcha estas medidas. Tanto é así que vou lerlles unha cita, a ver se adiviñan de quen é: «*Con los incentivos que existen en la actualidad para el aquiler, quien tiene una vivienda vacía y no la alquila es porque no quiere, y lo justo es que pague más por ello*». ¿Saben quen é? O señor Gallardón, cunha proposta estrela para Madrid. Claro, a Gallardón parece que lle pasa como a Feijóo, que ás veces van disfrazados de progresistas, sobre todo coa axuda mediática, pero á hora da verdade son máis ultras de dereitas que ninguén. (*Aplausos.*)

E a forma en que vostedes están tildando este tipo de medidas, case como de extrema dereita, en realidade o que retrata é a vostedes, que prefiren ser parte dese último bastión da política do pelotazo antes que ter un país cunha mínima planificación en materia de vivenda.

E acabo xa posicionándome sobre a emenda do Partido Socialista. Sinceramente creo que a súa emenda é unha decepción, e láméntoo enormemente. Entendo tamén que non defendese a súa emenda na súa intervención precisamente por isto. Creo que é unha decepción igual



tamén —teño que dicilo— que o proxecto de lei estatal. Creo que neste caso ao Partido Socialista lle pasa como moitas outras veces, que á hora da verdade cando hai que tomar as decisións parece que se pregan ante os que máis mandan. E a lei estatal fica moi lonxe dos postulados que tiña inicialmente, para acabar amoldándose a determinados intereses.

A súa emenda, lamentablemente, vai no mesmo sentido, que é rebaixar as demandas que traemos dende o Bloque Nacionalista Galego até deixalas na nada. En primeiro lugar, vostedes eliminan as medidas de carácter impositivo, e limítanse exclusivamente a aquela política de incentivos fiscais que determina a lei estatal, é dicir, sufragar con cartos públicos as disparadas marxes de beneficios actuais. Pero, ademais, o máis paradigmático da emenda do Partido Socialista é que pretende ese modelo unificado do Estado, que é á baixa. Porque o que fai esa lei estatal é dicirlles ás comunidades autónomas que teñen unha política máis avanzada que teñen que baixar as súas aspiracións, pero ao mesmo tempo tampouco establece unhas exixencias mínimas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...para a aplicación nas restantes comunidades autónomas.

Polo tanto, é unha recentralización que tira á baixa. E vostedes fan o mesmo nesta emenda, porque o que propoñen é que a política de vivenda baleira se rexa mediante os criterios fixados na Lei estatal de vivenda para declarar unha zona de mercado tensionado...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Alexandra...

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Acabo xa.

E só quería ensinarlles unha imaxe. *(A señor Fernández Gómez amósalle á Cámara un mapa de Galicia.)* Se aplicamos ese criterio, en laranxa temos o único concello de Galicia no que se aplicaría, o concello de Trives. Nós cremos que a política de vivenda baleira debería aplicarse en moitos máis sitios que o concello de Trives, e non só mediante estas políticas de bonificacións fiscais, senón tamén mediante políticas de imposición. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Fernández.

Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto dos conflitos entre bateiros e percebeiros

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción non se presentaron emendas.

Ten a palabra para formular a moción a señora Pérez Fernández.



A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Moi bo día a todos e a todas.

Grazas, señor presidente.

Señorías, no último pleno antes do Nadal interpelabamos a conselleira do Mar por mor dunha situación que non é nova, que se vén producindo dende hai anos, pero que realmente nunca chegara aos extremos nos que está neste momento.

A nosa intención principal con aquela interpelación era saber se por unha vez a Consellería ía exercer as súas responsabilidades, as súas competencias exclusivas, porque aquí non caben outras administracións, na extracción de semente de mexillón en bancos naturais, e ía tratar de evitar os conflitos que xa se producían na campaña 2019-2020 e que, como non houbo nada nin ninguén que os evitara, se volveron repetir na campaña de 2020-2021.

Coma sempre, a conselleira non deu resposta ás nosas preguntas e —o que é aínda bastante peor— non deu resposta nin solución ningunha ás dúas partes implicadas no conflito: os bateiros e os percebeiros. Agora si, o que fixo foi aproveitar aquela interpelación para a propaganda —que iso se lle dá moi ben—, insistindo ata a saciedade naquel debate nun chamamento aos bateiros ao diálogo; un diálogo, señorías, que en todos estes anos a Consellería non propiciou nin promoveu. Moi ao contrario, precisamente esa falla de diálogo, de consenso e, sobre todo, a imposición que a Consellería acaba de levar a cabo coa resolución de finais de novembro, xusto o día antes de comezar a campaña actual, a campaña 2021-2022, da extracción da mexilla, foi a que veu dar agora na situación na que estamos.

Esa situación ten uns antecedentes dos que xa temos falado moito neste parlamento, na propia Comisión 8ª e tamén neste pleno.

Existe unha normativa, a Orde do 26 de outubro do 2000 que —e leo textualmente—: «regula a extracción de semente de mexillón en bancos naturais». Unha orde —insisto— do ano 2000 que di quen pode recoller a mexilla. A que estea destinada ao cultivo en viveiros pode ser recollida polos propios concesionarios ou por acordo suscrito coas confrarías ou agrupación de mariscadoras. Esa mesma orde establece as zonas de extracción, que veñen sendo o litoral das provincias da Coruña e Pontevedra e determinadas zonas nas illas atlánticas. Tamén establece o período de extracción, do 1 de decembro ao 30 de abril. Tamén dispón que cantidades máximas se poden extraer: 3.500 quilos de semente por batea en cada período. E esa orde tamén di quen toma a decisión sobre as solicitudes: o delegado ou delegada territorial de turno.

No caso da extracción de semente, acordado coas confrarías, esa orde recolle claramente —e leo outra vez textualmente—, que «estas» —ou sexa, as confrarías— «subministraranlle a semente de mexillón extraída das rochas do litoral, incluída en zonas de autorización ou plans de explotación aprobados».

E ten, como case todas as normas, unha disposición adicional perversa, que foi, precisamente, á que vostedes se viñeron acollendo durante anos para seguir mirando para outro lado. A disposición adicional di: «En función das características conxunturais de cada cam-



paña e cando o seguimento e a avaliación dos recursos o aconselle, a delegación territorial poderá modificar as zonas, as cantidades e os períodos de extracción mediante resolución motivada». É unha disposición adicional que en si mesma derroga todo o establecido minuciosamente pola propia orde que contén esa disposición. Porque xustamente despois de detallar as condicións en que se pode extraer a mexilla, quen, cando e onde se pode extraer, esa disposición deixa ao albur das decisións das delegacións territoriais todo o procedemento, sen establecer cales son esas que lle chama «características conxunturais», quen as establece e con base en que.

Con todo, esa lexislación do 2000 valeulles á Consellería, ao Partido Popular na Xunta de Galiza, para durante case vinte anos manter as dúas partes máis ou menos nunha convivencia tamén máis ou menos estábel. E digo «máis ou menos» porque en todo ese tempo tamén se produciron enfrontamentos e conflitos, pero a Consellería agarrouse á norma e fixo na inmensa maioría dos casos como a avestruz, agachou a cabeza e deixou que os dous sectores resolvesen como puidesen por si mesmos. Pasaron —como digo— case vinte anos até que a Xunta tomou a decisión de que por fin había que poñer orde na extracción da mexilla. Pero non a tomou por iniciativa propia, nin moito menos; esa decisión veu obrigada polos conflitos de certa gravidade que xa se estaban a producir na campaña —como antes mencionei— do 2019-2020.

A decisión que tomou a Consellería plasmouse nun decreto, no Decreto 153/2019 —leo textualmente outra vez—, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e as algas. É dicir, a Consellería aproveita, vinte anos despois, un decreto no que non se regula a extracción da mexilla, senón que se regula a conservación e a explotación dos recursos marisqueiros —entre eles, o percebe— para introducir un artigo —o xa famosísimo artigo 13.2— onde se recolle que os plans de xestión de percebe poderán reservar zonas para a extracción da semente do mexillón. Por primeira vez desde o ano 2000 cámbiase a norma pola porta de atrás e régúlase a extracción da mexilla, ademais de pola Orde do 2000, agora por un decreto no ano 2019, entrando nunha contradición entre as dúas regulacións da que só a Consellería é responsábel; nin os bateiros nin os percebeiros, a Consellería do Mar, que foi quen provocou a confusión entre as dúas normativas e o malestar tamén das dúas partes porque cada unha se aviña á regulación das dúas existentes —á orde e ao decreto— que máis lle acaía en cada momento. Así, o conflito e a confusión foron *in crescendo* —como dixen antes—, e isto non só foi permitido senón provocado exclusivamente por unha consellería ausente durante vinte anos e que agora, no 2019, regulaba non precisamente para solucionar problemas senón para acrecentalos, como vimos e como seguimos a ver no día de hoxe.

Á vista da situación, a Consellería anuncia en xuño do 2020 —lembramos, o decreto era do 2019— a creación dunha mesa de traballo na que se analizarían cos dous sectores distintos aspectos para que os conflitos non volveran ter lugar. Iso, en xuño do 2020, pero seis meses despois, en decembro de 2020, a directora xeral de Acuicultura, como resposta ás preguntas deste grupo parlamentario na Comisión 8ª, non foi quen —insisto, seis meses despois— de trasladarnos as conclusións desa mesa de traballo. Simplemente se limitou a constatar que existía esa mesa de traballo e a dicir que se estaba analizando toda a normativa e as propostas tamén que había enriba da mesa, porque, segundo ela, non só se



quería regular esa campaña, senón que ademais se quería dar continuidade de futuro a esa regulación. Seis meses máis tarde, en xuño de 2021, a Mesa de traballo aínda non concluíra nada, a pesar de que as tensións continuaban. As confrarías reclamaban mediación, fixérono varias veces, en varias ocasións durante esa campaña, e a Administración, en fin, deu a calada por resposta. A todo isto, seguía dicindo que a Mesa de traballo continuaba, e as propias confrarías acusaron a Consellería de ter elaborado un borrador de orde que non fora consultado con elas.

Bueno, pois así transcorreu todo isto, cun ir e vir de declaracións neste último ano e pico, e comeza a campaña actual na que estamos, 2021-2022. É dicir, ano e medio despois da constitución da Mesa de traballo e sen existir —tal cal dixera a directora xeral— aínda unha nova regulación nin un consenso entre os dous sectores. E, bueno, xusto o día antes da campaña e apurada —apuradísima— polas tensións entre as dúas partes, o 29 de novembro —a campaña comeza o 1 de decembro— a Consellería convoca a Mesa do mexillón —non a mesa de traballo entre os dous sectores e a Administración, senón a Mesa do mexillón— e ponlle encima da mesa unha resolución absolutamente unilateral onde establece unha zonificación que, evidentemente, causou un grandísimo malestar.

Todo isto, señorías, é o resumo —vou acabando, señor presidente— dunha inacción absoluta e continuada, de esquivar exercer as súas competencias —insisto— exclusivas. E agora, despois do Nadal, que se está retomando a campaña de extracción da mexilla, agardemos que esta falta de actuación non traia consecuencias aínda maiores.

Ben, nós traemos hoxe na moción, consecuencia...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, señor presidente— daquela interpelación, unha proposta que resumidamente significa volverse sentar. A Consellería non pode seguir tendo a dous sectores importantísimos na nosa economía, no sector do mar, enfrontados. E, polo tanto, os ofrecementos de diálogo e de volverse sentar non poden ser só de boquilla...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...teñen que efectivizarse. Polo tanto, nós facemos tamén nesta moción esa proposta.

Ademais —remato xa, señor presidente—, evidentemente, que non se entende como despois de tantos anos estes sectores están a expensas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...de que haxa investimentos reais para que a semente de mexillón...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pérez.



Ten vostede despois outro turno.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...se críe fóra do medio natural. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bo día de novo.

A evolución do conflito foi explicada pola ponente da iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, co seu percorrer histórico, que non é menor pola sucesión das situacións e das ordes, e que ten moito sentido para explicar por que estamos aquí, pero a realidade é que estamos, evidentemente, ante un conflito que xera moitísimos riscos e moitas tensións, porque estamos falando daquilo co que unha boa parte do sector do mar vive e traballa. E, por tanto, hai unha evidente tensión entre os sectores, que sofren como hai unha consellería alimentando un conflito. E isto provoca situacións —algunhas xa as coñecemos durante o ano pasado— que nós desexariamos que non se volveran repetir, pero en realidade provoca unhas situacións bastante preocupantes. Por iso cremos que a Consellería debe de deixar este perigoso xogo de alimentar conflitos entre sectores por un interese político estraño de comprender, aínda que sorprendente, cando se entende.

Non é un conflito duns contra outros; isto non é un conflito —como a Consellería pretende facer ver— de bateiros contra percebeiros. Non é nin duns, nin doutros, nin duns contra outros, e non é un conflito de bos contra malos. Este é un sector que leva convivindo aproximadamente setenta anos —imos poñelo así— e nunca tiveron este problema. ¿Por que? Pois probablemente porque o problema non é deles, e non é da mexilla que nace.

Por explicar o problema —que nós moitas veces falamos dos debates, pero quero intentar explicalo para maior facilidade—, a mexilla, como vostedes saben, é a cría que permite ter despois o mexillón que se cría nas bateas. E dáse nas mesmas rochas nas que se dá o percebe, pero non un enriba doutro —sexamos claros—, dáse nas mesmas rochas; moitas delas de difícil acceso. As que son de máis difícil acceso —tende a pasar como no percebe— teñen mellor mexilla, e o percebe tamén ten mellor produto nas rochas máis difíciles, como saben. Aínda que un deles se dá máis na fronte, diante do mar, e o outro máis nas gretas, por exemplo —esta é unha pequena diferenza—, danse, en todo caso, nas mesmas rochas.

Hai un problema agora, segundo a Consellería, polo cal hai que vedar que se recolla un dos dous produtos, neste caso vedar a mexilla, porque pode afectar o percebe. Entón, a partir deste problema —teoricamente un problema de produtividade do percebe por culpa da mexilla, segundo argumenta a Consellería—, un podería pensar: ¿hai algún informe técnico que avale que extraer a mexilla, con todo coidado, con toda a precaución e con todo o bo



facer do noso sector bateeiro, provoque problemas e perdas de produto de percebe? ¿Hai algún informe que o avale? Porque nós o que levamos tempo pedindo foron os informes que avalan a decisión dende o punto de vista técnico e que a Consellería di ter. Voulles dar unha pista. A Consellería dixo na última comisión que xa os enviara. Advertímoslle que non, corríxiu e dixo: pode ser certo, desculpen, xa llelos imos enviar. Pero hai máis dun mes, e aínda non están.

Por tanto, primeira cuestión, imos saber se eses informes din iso que a Consellería afirma dicir, imos sabelo. Porque probablemente as subas e baixadas da capacidade produtiva do percebe teñen que ver con moitas cousas e probablemente tamén cun déficit da Consellería, que non fixo ben as cousas, e iso pode que o estean intentando tapar. Pero non existen eses informes aínda en público. Imos esperar, imos dar o beneficio da dúbida.

Segundo. Hai quen podería pensar que malamente os bateeiros que van ás rochas por mexilla tamén collen percebe, e non poden. Se iso fose así, estaríamos todos defendendo que, evidentemente, esa conduta hai que castigala. ¿Hai algunha denuncia, algún requisito dalgún caso semellante? ¿Non? Os sectores saben, e os que vivimos no contorno do mar sabemos que normalmente as vixilancias son, nunhas épocas máis intensas e noutras, menos, pero son. E a Garda Civil en moitos casos fai esas revisións, pero non existe ese problema. Polo tanto, se non existe ese problema e aínda non está acreditado que exista un problema biolóxico en si, ¿por que vetar a recollida de mexilla? Ou, o que é o mesmo, ¿por que impedir que os bateeiros teñan acceso á súa mexilla para que poidan ou teñan menos dificultade para criar o mexillón? Pois probablemente porque a política da Consellería, neste caso, ante un sector que demanda, un sector que reclama e un sector que se mobiliza, é, tendo esa espiña cravada de que lle pararon a Lei de acuicultura, dividir para vencer. E esta é a explicación política do asunto. A Consellería pretende dividir o sector para ir contra uns e pretende utilizar outra parte do sector para ir contra outros; enfrontalos. Divide e vencerás, como xa dicía Julio César. Esta é a cuestión. Estamos ante esa situación... Por certo, agora dividindo para utilizar a uns e ir contra outros, como noutras ocasións utilizaron a outros para ir contra uns. Isto é o que fai a Consellería, provocar conflitos no sector, dividilo, para, ao final, entrar e intentar quedar como que a solución que propón é a única existente. E, ao final, o único que está facendo a Consellería é alimentar conflitos para dominar un sector; un sector que protesta, un sector que reclama e que ten moita forza, como todos sabemos. E sobre todo aproveito para dicir que os que vivimos en territorio máis de mar sabemos que este é un sector que reivindica moito, e isto é o que lle preocupa á Consellería. Este é o debate, esta é a cuestión.

A partir de aquí, constrúan o relato que queiran, pero esta é a cuestión. En setenta anos convivindo non existiu este problema nunca. ¿Por que agora? Non hai nada que o xustifique; e, se o hai, non se sabe. Por tanto, parece problemático.

¿Que vai provocar esta situación? Vai provocar probablemente un aumento de custos que vai repercutir no sector, o que suele provocar que se eleven os prezos, se acaso; vai provocar que toda a cadea do sector mar-industria se vexa prexudicada porque van entrar prezos maiores. E dirán vostedes: ¿por que os prezos? Porque, ao final, a mexilla vaise recoller; non a van recoller os bateeiros, pero vai haber quen a vaia recoller, e vanlla cobrar. Ou van entrar



empresas de fóra que recollan noutros lugares, e vanlla cobrar. E a aí é a onde vai o problema, a que o que antes se daba de forma natural e construíamos o proceso completo, agora vaise cortar o proceso nun punto para que entre un sistema polo cal unha parte do sector vai ter que pagar por un produto que antes collía de forma natural e que nunca deu ningún problema.

Esta é a explicación do asunto, por iso o sector se tensiona e por iso se provocan as situacións que se provocan. E por iso, cando a Consellería, en vez de resolver o problema, se burla dicindo cousas como que o 83 % da costa está liberada para coller mexilla, hai que dicirle que o problema está no 17 % restante, porque nas praias non se dá, dáse nas rochas, sobre todo nas de fóra. Por iso non se pode un burlar do sector nin rirse deles, ou estar ofrecendo man tendida para chegar ás reunións da man tendida e logo dicir: bueno, nós non imos cambiar nada, pero agardamos que vós aceptedes o diálogo. O diálogo é aceptar o que propoñemos, que non é diálogo. Hai que cambiar un pouquiño o concepto de diálogo. Aquí está o problema. Déanlle as voltas que queiran. Por ende, nós imos apoiar esta iniciativa.

Alimentar un conflito nunca é boa maneira de facer política, nunca, e neste caso non é un conflito que existira, senón que é un conflito creado por quen interveu legalmente e que foi creado para enfrontar a uns contra outros, que non teñen culpa nin uns nin outros, bastante teñen con facer o seu traballo e con identificarnos. É un traballo profundamente arraigado na nosa sociedade, que nos científica claramente, que nos define culturalmente. ¿Por que entrar a alimentar este problema? Xa que o mar é esa nosa identidade, ¿que necesidade había de entrar neste problema?

E, a partir de aquí, constrúan o que queiran. Nós defendemos que o conflito non é a solución, que o conflito nunca vai traer nada bo, salvo para quen quere dividir, que, neste caso, evidentemente, é a Consellería. Permitan que o sector funcione con normalidade. Existen camiños para que funcione, teñen setenta anos de experiencia. E aquilo que funciona non o toquen para ter máis poder, porque a cuestión do sector do mar non é que a Consellería teña máis poder, senón que sexa un sector máis produtivo, e non é o que están conseguindo, senón máis ben o contrario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señorías.

Falaba a señora Pérez de vinte anos cunha convivencia estable. O que hai que dicir aquí, cando falan vostedes de conflito, é que a Xunta traballa para que se manteña esa convivencia



estable. E esta decisión de poñer «orde» —entre aspas—, que tamén dixo a señora Pérez, como di vostede, non a tomaron vostedes cando gobernaban. Vostedes preferiron tamén «tirar para adiante» —entre aspas—, como tamén dixo vostede, para que seguise esa convivencia estable. Polo tanto, vostede non pode acusar aquí a ninguén de mirar para outro lado porque realmente non se fai nada pola porta de atrás, precisamente faise a petición de iniciativas dos grupos da oposición, das que falarei tamén na miña intervención.

Fala de confusión. Pois aclaremos a confusión. Se vostede cre que isto é soamente unha confusión, aclaremos a confusión. Porque teño que dicir, ademais, que me gustaría apuntar que, nada máis comezar, na última xuntanza mantida o 15 de decembro entre a Consellería do Mar cos representantes das principais asociacións de mexilloeiros, alí si que houbo man tendida e diálogo. E quen se levantou da mesa non foi a Xunta de Galicia. A disposición e o diálogo seguen enriba da mesa, e a man tendida estivo sempre por parte da Consellería do Mar.

Fala de inacción, de se realmente isto é consecuencia de actuar. Esta moción —e esta interpelación, que vostedes plantexaron no anterior pleno— é consecuencia de actuar; polo tanto, as súas intervencións están cheas de contradicións; e isto non é unha inacción, isto é unha acción. Vostede fala tamén de que isto, ademais, é unha confusión. Pois, polo tanto, imos falar realmente do que pasa.

Nesa mesa —insisto— houbo diálogo, e ademais a conselleira do Mar plantexou diálogo facendo cinco propostas para avanzar. A primeira delas e a máis inmediata centrábase en analizar as alegacións presentadas á orde que delimita as zonas de extracción de semente de mexillón e en ver a posibilidade de flexibilizar as zonas acoutadas, que iso é o que realmente xeraba ese conflito. Cuestión na que se estivo traballando e que permitiu flexibilizar algunha das zonas; incluso se abriu a porta a que se puideran enviar máis datos para buscar unha mellor afianzación desas zonas. Vostedes saberán que había seis alegacións: unha delas era nuns termos xurídicos e en discrepancias en asuntos alleos á problemática; outras eran tamén sobre a pretensión das zonas, pola que estamos nesta análise. Realmente, esa mesa era para analizar esas alegacións. Pero houbo quen dixo que soamente quería a retirada do artigo 13, e que sen retirar ese artigo non comezaría a negociación.

Ben, as outras catro propostas da Consellería do Mar pasan por flexibilizar o número de cordas colectoras e a época de despregamento, pasan por manter a extracción da mexilla durante todo o ano e pasan pola instalación de criadeiras específicos para a cría de semente —os coñecidos como *hatcheries*— e pola creación de polígonos de cordas colectoras. Son tamén demandas e peticións que se levan facendo e que levan enriba da mesa moito tempo. O sector bateiro, pola súa banda, pediu —como digo—, sinalando como única condición para negociar, a retirada do artigo 13, que permite delimitar esas zonas de extracción; unha limitación de zonas da que se leva falando máis dun ano.

Polo tanto, esa retirada pola que empezou esa mesa e a xustificación da Consellería chocaría coa Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que di que os plans de xestión do percebe son o marco no que se deben valorar as medidas para protexer este crustáceo cando coexiste coa mexilla. Nós sabemos que a vostedes as resolucións dos tribunais superiores



ou do Supremo pois non lles importan nada; tiran para adiante, e non lles fan caso. Pero nós si que lles facemos caso, porque esa é a maneira na que hai que legislar, e todos os puntos hai que telos en conta. Polo tanto, chocaría coa Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza e chocaría tamén cos informes técnicos — señor Torrado, si, cos informes técnicos— que apuntan a necesidade de modificar as zonas de traballo para unha explotación sustentable da mexilla e do percebe. A Consellería do Mar sempre apostou e segue a apostar —como digo— polo diálogo, e por iso leva meses traballando na busca de acordos e realizando distintas propostas a bateeiros; meses traballando nestes acordos e anos traballando con diálogo permanente co sector.

Vou incidir en que a conselleira Rosa Quintana sempre apostou e segue apostando por unha palabra que hoxe está moi manida e moi viciada, que é a cogobernanza, pero que sempre estivo nos seus plantexamentos; unha cogobernanza para estar da man do sector e para estar en diálogo permanente tanto cos mexilloeiros como cos percebeiros; para que nos entendamos todos, con ambos os sectores. Porque non poden vostedes aquí acusar nin a Consellería nin este partido de estar do lado duns ou de estar do lado doutros. Esa é unha cousa que fan vostedes e que é puro oportunismo. Alí onde ven que se actúa e que se pode buscar conflito, señor Torrado, están vostedes. E apelou vostede a Julio César —o seu tocayo— e a «divide e vencerás», porque realmente iso é o que está facendo vostede e o que queren facer os grupos da oposición: dividir, vencer e acusar a Xunta de Galicia de algo que non é para nada responsabilidade súa. (*Aplausos.*)

Dende a Consellería do Mar as medidas adoptadas buscan garantir a convivencia equilibrada e unha axeitada protección dos intereses que concorren na explotación da mexilla e do percebe. Xa explicaron vostedes —ademais claramente— en que consistía toda esta interpelación, en que consistía esta orde e que se pretendía facer. E, repito, sempre coa man tendida e co diálogo. E, ademais, nestes días pódese avanzar no debate de propostas xa ofrecidas para o futuro do sector. Porque, ¿que é o que se está buscando? Unha norma que perdure no tempo.

Falaban agora de que levan vinte anos cunha convivencia cordial. Búscase unha norma agora porque os tempos evolucionan. Tamén dende hai setenta anos, como falaba o señor Torrado. Por suposto que hai que evolucionar, que hai que avanzar e que hai que buscar unha norma agora que poida permitir esa convivencia e que perdure tamén no tempo. Polo tanto, imos poñernos todos a facer propostas, a traballar, e non a intentar buscar un conflito onde non o hai, porque o diálogo, como digo, e a man tendida segue aberta por parte da Consellería do Mar.

O interesante desta moción é a postura dos grupos da oposición, porque vostedes andan dando bandazos. Deberían explicarnos por que os cambios de rumbo do seu discurso dobre. Nós non imos dicir unha cousa no Salnés e outra cousa na Costa da Morte, cousa que vostedes fan en moitas ocasións. Nós temos un discurso claro e queremos o mellor para todos os subsectores de todo o entramado, de todo o sector marítimo-pesqueiro. E vostedes non poden acusar —como dixen antes— a Consellería nin este partido de estar do lado duns ou do lado doutros. Iso é o que a vostedes lles interesa, pero a nós non, porque nós queremos esa norma que é importante e que vostedes mesmos pediron na comisión.



O Bloque Nacionalista, por exemplo, debería dar explicacións cando pedía que «se realice un estudo sobre o modelo de aproveitamento de cría de mexillón, de xeito que se determine en que zona se pode proceder á súa extracción sen poñer en risco o percebe. Nas zonas onde ese estudo o determine e que sexa compatíbel, fomentará a realización dun plan de explotación nas confrarías respectivas para levar a cabo polo sector do percebe». E cando se fai e cando a Xunta atende as resolucións, protestan.

Tamén protestan cando din que a Xunta non atende as resolucións do Parlamento, pero, bueno, tamén tería que dar explicacións aquí o señor Torrado, por parte do Partido Socialista, que cambiou de opinión. Vostede, en marzo do 2019, na emenda pedía «que se acouten aquelas zonas de especial sensibilidade para o percebe como zonas exentas de extracción de mexilla ou outras especies que poidan poñer en perigo este recurso»; e cando se actúa, protesta.

Polo tanto, realmente, os que están traballando, os que nunca nos movemos do sitio no que estamos, os que sempre fixemos e dixemos que había que traballar e actuar aquí, todos da man —porque ofrecemos, ademais, colaboración na Comisión 8ª— somos nós; todos da man dende o punto de vista político e en cogobernanza cos sectores e co Partido Popular. Polo tanto, aquí os únicos que están intentando facer ruído onde non ten que habelo son os partidos da oposición, o Bloque Nacionalista e o Partido Socialista.

Mire, deberían explicar o cambio de postura, porque critican que a Xunta faga exactamente o que vostedes nos pedían: gobernar e decidir. Gobernar para o Partido Popular é pensar nos dous sectores, en Galicia e en todo o sector pesqueiro. Polo tanto, vostedes cando escoitan algún ruído ou discrepancia, van como esas especies invasoras alí para poder intentar boicotear os discursos ou os procesos de diálogo e de regulación, que, por outra parte —insisto—, nos discursos no Parlamento piden. Entón, veñen aquí, critican a Xunta, acusan a Xunta de xerar un conflito, pero, por outra banda, pídenlle á Xunta que regule este tema. A verdade é que non saben onde están, e nótase que non saben onde están.

Cando vostedes clarexen isto, seguramente teñamos máis preto a saída desta discrepancia. Nós estamos e estivemos —como dixen— sempre onde dixemos. E esta moción imos apoiala. Imos apoiala, señora Pérez, por varios motivos, porque no punto primeiro vostede fala de non cesar as reunións do grupo de traballo. As reunións do grupo de traballo non están cesadas, e, como digo, a Xunta non se levantou desa mesa; polo tanto, segue aberta, e o diálogo segue aberto.

A respecto do segundo punto, fala vostede de realizar investimentos necesarios en investigación. Os investimentos están ao dispor do sector, como sempre estiveron, a través das ordes de axudas para a acuicultura e para a asociación entre profesionais e investigadores, como os medios propios que así o demandan. Gustaríame lembrar aquí que vostedes nos orzamentos, nas emendas, sempre detraen os cartos da partida de acuicultura; sempre, nos anos que eu levo aquí nesta comisión.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: E, por último, o terceiro punto, é a respecto das accións necesarias para evitar, dende a mediación e o diálogo, calquera enfrontamento. E a respecto



dese punto, digo que estivo sempre a Consellería cumprindo todas e cada unha das propostas neste proceso.

Polo tanto, cando piden que a Xunta actúe e a Xunta actúa para regularizar un tema importante para Galicia, aí estamos. E o conflito soamente o xeran vostedes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Apoiaremos esta moción, señora Pérez. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Egerique, señor Torrado, comezo por agradecerlles o seu voto a favor da nosa moción. Agora só haberá que agardar a ver que parte dela finalmente se leva a cabo.

Fálase aquí de que na Mesa de diálogo e na reunión que houbo na Consellería o pasado día 15 de decembro —iso xa o dixoo a conselleira no propio debate da interpelación— se ofreceron unha serie de cuestións, en concreto, ao sector mexilloeiro, como, por exemplo, flexibilizar as zonas, que antes se impuxeran —pouco tempo antes, unilateralmente pola Consellería—, ofreceuse tamén flexibilizar as cordas colectoras, a extracción da mexilla todo o ano, polígonos con cordas colectoras, *hatcheries*...; unha serie de cuestións que aquí nomeou tamén a conselleira antes do Nadal. E nós preguntámonos agora o mesmo que nos preguntabamos naquel momento: ¿por que despois de vinte anos estas medidas e estes ofrecementos chegaron por parte da Consellería do Mar xusto cando o sector estaba —nunca mellor dito— coa auga ao pescozo? ¿Por que en todos estes anos non se sentaron cos dous sectores e se puxeron a traballar nestas e noutras propostas que xa podían estar en vigor e, polo tanto, podían estar evitando un problema gravísimo que agora temos e que agora teñen dous sectores moi importantes da nosa economía no mar?

Claro, tamén se fala de que aínda estes días —díxoo vostede— se pode conseguir unha norma que perdure no tempo. É que levamos ano e medio, señora Egerique —jano e medio!—, cunha mesa de diálogo —en teoría unha mesa de traballo, jeh!, e en teoría constituída— que tiña como obxectivo chegar a un acordo non só para a campaña 2019-2020, senón para establecer unha regulación que puidese perdurar no tempo. E seguimos ano e medio despois, non igual que hai ano e medio, senón bastante peor. Porque nese medio de tempo o que fixo a Consellería foi —e nós non temos a mesma versión que ten vostede daquela reunión do día 15 de decembro— levantarse da mesa, despois de poñer, precisamente —e valla a redundancia—, encima da mesa, unha zonificación e unhas normas unilateralmente, e sen admitir ningún tipo de flexibilización. Iso no mes de decembro, claro, o 15 de decembro. Se o 21 ou o 22, cando debatemos aquí a interpelación coa conselleira xa resulta



que flexibilizaban, pois lástima non teren empezado antes a flexibilizar. ¿Non? Porque iso supoñería que non estaríamos agora neste gravísimo problema.

E vostede, na liña tamén da conselleira, señora Egerique, volve insistir no diálogo e na man tendida. Pero, ¿de que diálogo e de que man tendida estamos a falar cando a campaña da mexilla comezaba o 1 de decembro do 2021 e o día 29, é dicir, a véspera, se lle planta —sen máis diálogo, como vostedes din— enriba da mesa uns mapas e unha resolución onde o sector en concreto, neste caso o sector mexilloeiro, non ten posibilidades de moverse.

Polo tanto, señora Egerique —insisto—, vostedes din que son os únicos que están onde estaban, que non se moveron. E iso é certo, non se moveron, ¡non se moveron! Foi o que tratei de dicir na miña primeira intervención. Ao mellor, non me entenderon ben. En vinte anos non se moveron. Por iso vimos dar a onde estamos; é dicir, a un conflito grave que non se tería producido precisamente se vostedes se moveran, señora Egerique; quero dicir, o Partido Popular no Goberno da Xunta de Galiza.

En todo caso, queredamos tomar moi en serio que, efectivamente, houbera ese diálogo e esa man tendida que vostedes din. Os feitos estannos demostrando xustamente todo o contrario. Polo tanto, será o Partido Popular na Xunta de Galiza, a Consellería do Mar, quen se terá que tomar este tema en serio porque a campaña avanza xusto despois do parón, por dicilo dalgunha maneira, do Nadal, e non vaia ser que logo nos teñamos que lamentar todos e todas das diferenzas que se poden dar entre os dous sectores.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rematado o debate das mocións, procedemos á votación.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona Marina Ortega.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da atención temperá.

Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez, sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 52.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a política da Xunta de Galicia respecto dos conflitos entre bateiros e percebeiros.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a sesión ata as 16.15, catro e cuarto.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta minutos da tarde e retómase ás catro e dezasete minutos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Boas tardes.

Reiniciamos a sesión.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para recuperar progresivamente a presencialidade na atención primaria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva pola que segue a continuación:

«O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Cambiar o actual modelo fracasado de atención primaria por un baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación.

2.- Realizar, no prazo máximo de seis meses, un Plan de Ordenación de Recursos Humanos que permita coñecer a situación real do cadro de persoal e establecer, as rateos axeitados para ofrecer unha calidade asistencial digna.

3.- Normalizar a asistencia en atención primaria, adoptando cando menos as seguintes medidas:

a) Atención presencial para o 100% das persoas que o precisen e soliciten, con todas as medidas hixiénicas e sanitarias que garantan un entorno seguro.

b) Limitar as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias.

c) Garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responder ao aumento exponencial da demanda.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

É unha fantástica hora para os debates parlamentarios. Despois de comer sempre é un luxo ter esta oportunidade de poder dirixirme —cando probablemente estea máis atento— ao arco parlamentario. Eu, se fose vostedes, non me atendería moito, xa llelo adianto.

Á mañá falamos moito da atención primaria e predicamos todos. A nosa intención é traer esta PNL porque despois de predicar imos ver quen dá trigo e quen queda co trigo para si. Porque isto xa se sabe. Falar podemos falar todos pero a cousa é despois tomar medidas ou decisións consecuentes co que un afirma ou co que un plantexa nesta tribuna. Nós falamos hoxe a partir desta iniciativa, que pon o foco na presencialidade como resultado dun proceso de deterioración da atención primaria que nos trae ata aquí.



Como xa debatemos pola mañá, o froito desta situación dáse a través dun problema en dous termos fundamentais: en termos de recursos e en termos de modelo. Probablemente poderíamos explicar a dificultade da presencialidade en termos de pandemia. É indiscutible. Ninguén pode dudar de que a pandemia alterou por completo o sistema sanitario, como alterou por completo o sistema de convivencia en xeral. Pero é certo que non pode servir como escusa, e isto é o que está facendo a Consellería de Sanidade —á parte do Goberno en todas as súas funcións, pero corresponde neste momento falar de sanidade—. Está a utilizar a pandemia como unha escusa porque hai moitísimas cuestións que están pasando —imos tratar de contalo outra vez— que non teñen que ver unicamente coa pandemia; e, inclusive, nin sequera teñen que ver practicamente nada coa pandemia, porque estabamos bastante mal antes de entrar na pandemia e o único que ocorreu agora foi que se visualizaron as costuras.

A presencialidade, por tanto, é un problema que deriva disto: de recursos e de modelo. Temos unha continuidade de recortes nos recursos e temos un modelo que funcionou pero que xa non funciona para a atención primaria. E isto leva a que hoxe teñamos algo sorprendente. E é que neste país se poida acceder con máis facilidade a un estadio de fútbol que a un centro de saúde. Hai moito tempo que este Pleno ten a todos os seus membros presentes —antes tiñamos as nosas restricións— pero non recuperamos o mesmo nivel de presencialidade na atención primaria. Pódese entrar a moitísimos eventos culturais pero non aos centros de saúde e pódese entrar con máis facilidade a un acto relixioso que a un centro de saúde. E, en definitiva, parece que o centro de saúde se está convertendo no último lugar que recupera a normalidade, cando, se algo deberamos aprender, é que precisamente é a sanidade a que debera recuperar canto antes toda a fortaleza, e ademais pasala e superar a que tiña antes.

Temos un problema de recursos froito dos recortes. Creo que os datos son evidentes a pesar dos intentos de diversificar os datos ou de contalos doutra maneira. Temos 976 profesionais menos que en 2009. Sigo sen atopar a ninguén que saiba discutir este dato, porque os orzamentos son, evidentemente, bastante palmarios e din exactamente os datos. Eu non sei se aínda alguén pode discutir que o persoal se paga a partir do que está orzado, e os orzamentos din, praza por praza, todos os contratos, todo o persoal, que ten a Xunta de Galicia, como non pode ser doutra maneira. E aí están os datos: 976 menos que no 2009.

Ademais, renunciámos durante os últimos anos a formar un número deles bastante grande —151—, e moitos dos que se forman en atención primaria non queren ir á atención primaria. Permítanme que pare nisto, porque debatemos sobre isto cos datos pero probablemente esta sexa unha das cuestións que nos levan a que a situación da primaria estea como está.

Hai unha realidade: os profesionais que se forman, os MIR, non queren ir á atención primaria. Queren algúns, pero non todos —e queren menos que antes—, e esta é a cuestión. Pero debemos preguntarnos por que queren ir pouco, ou por que prefiren outras especialidades. Isto pasaba antes en boa parte pero non en toda. ¿Por que? Probablemente pasa porque a atención primaria está absolutamente minusvalorada, con condicións laborais precarizadas, con bastante olvido por parte dos gobernos —aquí en Galicia, principalmente—, cunha priorización dalgunhas especializacións e dalgunhas áreas sanitarias, e non da atención primaria, que tiña un labor fundamental e que se foi esquecendo e arrinconando. Aí está a clave. ¿Por que os nosos estudantes de medicina non queren facer despois a espe-



cialidade de familia? Esta é a cuestión. Non a queren facer, ou quérena facer moito menos do que deberían.

Eu ben sei que me argumentarán que temos que facer a especialidade de urxencias. Miren, cando fagamos a especialidade de urxencias, moitos dos que hoxe fan a especialidade de medicina de familia para logo ir a urxencias farán a especialidade de urxencias. ¿Quere dicir iso que eses ocos que se xeran en atención primaria, en medicina de familia —en MIR— serán ocupados por máis profesionais? Non. ¿Por que? Porque xa non hai esa lista de espera. Por tanto, facer a especialidade de urxencias vai resolver, jollo!, o problema de urxencias, non vai resolver o problema da primaria. Podémonos contar milongas pero é así. Así que, a partir diso, intentemos construír un pouco máis.

Hai un problema de presencialidade tamén por unha cuestión de modelo. O sistema sanitario non son só os médicos, que son fundamentais, pero non son só os médicos. Habitualmente temos un problema —e eu declárome o primeiro— ao falar de sanidade e pensar nos médicos, que está moi ben pero non son só os médicos. Hai innumerables profesionais no sistema sanitario que, se xa pasa cos médicos de primaria, se están minusvalorando aínda máis. E temos un problema co modelo: que é absolutamente «medicocentrista». Dentro de pouco, o médico vai ter que organizar os turnos de limpeza do centro de saúde. É practicamente o que lle falta, pouco máis. Case todo o demais xa o fai.

Por tanto, debemos ir a un modelo máis amplo. ¿Por que? Porque, se temos déficit de profesionais de medicina, sería unha boa decisión que os que existen poidan facer o seu traballo clínico ao cento por cento de dedicación, e todo o que non lles corresponda poida pasar a outros profesionais. Por iso —e aí o teñen na iniciativa— dende o noso grupo defendemos a multidisciplinaria real, incorporando moitos profesionais que non son unicamente facultativos especialistas, senón que poidamos incorporar profesionais de distintas categorías e que teñamos un sistema de clasificación de casos para que, cando unha persoa entre nun centro de saúde, poida ser atendida por un especialista naquilo que necesita e non primeiro ir ao médico para despois ver para onde se deriva —se é que ten que derivarse, aínda que en moitas ocasións sexa que si—. E, se tivésemos maior presenza da saúde mental en atención primaria, non teríamos médicos de primaria tendo que facer traballos —nalgúns ocasións— como prescribir fármacos sobre saúde mental. Porque non poden dominar todas as especialidades, pero teñen que atender os casos que lles chegan. Teríamos tamén fisioterapeutas traballando problemas de mobilidade e non os médicos, que poden facelo pero poderían estar facendo outras cuestións.

Se en Galicia fixeramos con maior celeridade a facilitación de capacitacións que teñen as enfermeiras —por exemplo, penso na prescrición, que fomos a penúltima comunidade autónoma de España en incorporar a prescrición na enfermaría para aqueles casos en que o real decreto o permite— non teríamos que ter os médicos facendo un traballo que pode facer a súa compañeira enfermeira ou o seu compañeiro enfermeiro. Se fósemos capaces de incorporar verdadeiramente o sistema de traballo social á atención primaria, existirían moitísimos problemas de corte psicosocial que poderían resolver os traballadores sociais. Se puidésemos incorporar podólogos non teríamos que estar con problemas do pé nos médicos e, por tanto, os médicos e as médicas poderían estar facendo de ver-



dade clínica, e tamén prevención, saúde comunitaria, e educación e cuestións de saúde na colectividade.

E todo iso non o estamos facendo porque temos o sistema saturado. ¿Que significa un sistema saturado? Significa que hoxe non é posible argumentar —como escoitei hoxe á mañá— que Galicia ten unha das mellores ratios de profesionais por paciente, porque é mentira. E imos explicar onde está o truco —que todos o sabemos—.

Pensem nun centro de saúde con 10 cupos, 10 médicos ou médicas de primaria que teña cada un deles 1.300 pacientes. Alguén pechado na Consellería, cunha folla de excel diante, di: Cubrimos, estamos ben, temos 1.300. Pero a realidade é que nese centro de saúde, con case toda probabilidade, non hai 10 médicos, hai 10 prazas no papel, pero hai dous de baixa —que non se cobren—, un que se xubilou —que non se repuxo—, outro que ten uns días libres e outro que ten que estar cubrindo unha baixa noutro centro de saúde —que tampouco se repuxo pero onde hai un alcalde do PP que demanda algunha cousa e entón hai que facilitarlle ao alcalde do PP que lle vaia para alá o médico e entón temos outro centro de saúde máis grande sen el—. E, por tanto, pode haber seis. Polo que os mesmos pacientes, en vez de ser cubertos por dez, están cubertos por seis e —ata onde eu sei—, se o dividimos por dez, sae a ratio un pouco mellor que se dividimos por seis. A ratio do papel non ten nada que ver e é absolutamente irreal con respecto ao que ocorre realmente nos centros de saúde. E isto é do que se queixan os profesionais: de non ter tempo e de ter cincuenta pacientes ao día, que é o que está ocorrendo. Cincuenta pacientes ao día —se vostedes fan o cálculo— son seis minutos por consulta. A maior parte de vostedes sabe —calquera de nós— o que é ir cunha persoa maior a un centro de saúde, e seis minutos de consulta non dá nin para entrar. Esta é a realidade nos centros de saúde.

Por tanto, nós pretendemos que a presencialidade se resolva e que sexa un acordo entre profesional e paciente, pero que alí onde existan dúbidas teñamos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...a posibilidade de que a presencialidade sexa absolutamente eficiente. E, por tanto, sendo un acordo, que teñamos toda a presencialidade que poidamos. Para iso necesitamos cambiar os recursos e aumentalos. Intentamos cambiar o modelo, que funcionaba, pero non funciona. A iso vai dirixida a nosa proposta que, despois de todo, todo, todo o que falamos pola mañá...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...se trata de dar trigo. Imos ver agora quen vota a favor e quen non, que é o que pretendemos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Pois seguimos falando da atención primaria. Esta iniciativa que trae hoxe aquí o PSOE debátémola o pasado xoves na Comisión 5ª, e o BNG presentoulle unha emenda. Hoxe, como é a mesma iniciativa, volvemos presentarlle a mesma emenda, na que se fala, por certo, de multidisciplinariedade, señor Torrado; pero na súa, precisamente, non. Acaba de dicir que na súa iniciativa se fala de multidisciplinariedade, pero non está. Na súa fálase só de recuperar a presencialidade e de establecer triaxes. Dígoo por centrarnos na iniciativa que temos a debate e porque, se non, igual non se entende por que presentamos a emenda ou o que vou dicir.

É evidente —volvemos ao principio— que a atención primaria está nunha situación de auténtico colapso, de saturación, con déficits de profesionais, de recursos e con incapacidade resolutiva, e evidentemente non é consecuencia directa da pandemia. A pandemia agudizou, visibilizou e fixo que aflorase con toda a intensidade esta situación, mais é evidente que a situación da atención primaria cos seus déficits era moi anterior. De feito, están aí as emerxencias, os diarios de sesións, as mobilizacións e as queixas dos profesionais anteriores á pandemia. A atención primaria estaba saturada antes, e coa chegada da pandemia, tendo que facer ese control de positivos, ese seguimento, evidentemente non ten mans. Non as tiña antes e non ten mans agora para poder atender.

Neste contexto de pandemia procedeuse a restrinxir o acceso aos centros de saúde, a restrinxir a atención presencial nos centros de saúde. Nós, dende logo, dende o BNG, entendemos que ao principio da pandemia podía ter unha xustificación e que isto fora así por falta de información, non saber realmente ao que nos enfrontabamos —unha pandemia como non tiñamos coñecido— e a necesidade de protección dos profesionais e da poboación. Mais non se pode negar o que dixen antes, e é que esa necesidade de tomar esas medidas tan restrictivas veu ocasionada pola situación de estar tiritando xa a atención primaria, sen recursos humanos nin estruturais. Reduciuse a atención, creáronse barreiras de acceso, pecháronse consultorios e quendas de tarde, e primouse —en exclusiva, en moitos casos— a atención telefónica sen volver á atención presencial, sen ter medios suficientes para dar saída e contestación ás necesidades da poboación. Reducíronse drasticamente as visitas a domicilio, alongáronse as listas de espera..., unha situación excepcional.

Insisto, a aquela altura podía ser preciso, uns meses despois podía ser preciso, pero, dende logo, dous anos despois de iniciada a pandemia non ten xustificación manter estas restricións. A non presencialidade, as listas de agarda en primaria, para consulta presencial ou telefónica, non son aceptábeis. No BNG cremos que non son aceptábeis porque a atención primaria o que ten como premisa é a proximidade, a accesibilidade, a relación directa profesionais-doentes e a continuidade na asistencia. E neste momento a atención primaria non ten ningunha destas cuestións. En Galiza non están garantidas ningunha destas cuestións básicas. E, insisto, non é un problema orixinado pola pandemia.

¿Hai problemas de organización nos centros de saúde? Probablemente si, e probablemente solventables. Mais, dende logo, o problema fundamental non é ese. O problema fundamental



é a falta de profesionais. E o problema non é que non se saiba, cando chega alguén ao centro de saúde ou chama, que profesional o ten que atender. Porque, se a alguén lle doe unha moa e se hai dentista no centro de saúde, pide para o dentista; ou, se vai facer unha cura, sabe que ten que pedir para a enfermeira ou o enfermeiro. O problema prodúcese cando non hai profesionais para atender ningunha das cuestións que se necesitan —absolutamente ningún profesional— e resulta que lle din que ten que agardar quince días, vinte días ou unha semana para que o atendan. Ese é o problema da atención primaria. Ese é o problema fundamental da atención primaria e ese problema non se soluciona poñendo barreiras. O problema solúciónase poñendo recursos, poñendo profesionais, tomando medidas. (*Aplausos.*) E hai que desenvolver actuacións para garantir esa actividade presencial con axendas reais, non infinitas ou imprevisibles.

Falaba o conselleiro á mañá das axendas de calidade —gústalle moito falar diso continuamente, porque iso das axendas de calidade soa como algo realmente bo—. ¿Que axendas de calidade son posibles con cincuenta, sesenta ou setenta persoas para atender nun día? No papel pode quedar moi ben, na realidade é imposible. Igual que son mentira os 1.250 TIC por doente, jé mentira! É mentira porque a realidade do día a día é que un profesional ten que asumir o seu traballo e o dos tres ou catro que faltan. A realidade é que hai centros de saúde inmensos coa metade dos profesionais e que hai outros cun terzo dos profesionais. Esa é a realidade da que vostedes saben perfectamente, pero é bastante máis doado crear un relato alternativo.

En todo caso, a atención primaria non é de demanda urxente. É ter ocos porque, cando alguén se pon enfermo —non pode planificar que lle vai doer algo para dentro dunha semana—, necesita esa atención hoxe. En todo caso, outra cousa é establecer algún tipo de medidas para atender a demanda non urxente. Se houbese medios suficientes e profesionais suficientes, esa demanda urxente sería a mínima, porque a xente non tería que estar agardando e sabería que ten atención.

E por iso no BNG presentamos unha emenda á iniciativa do Partido Socialista, unha iniciativa na que demandamos cambiar ese modelo fracasado de atención primaria por outro baseado en equipos multidisciplinares —levámolo repetindo ata a saciedade— e incorporar novas categorías posibles con profesionais suficientes para que deixen de agochase detrás do mantra de que non teñen médicos de familia. Non explican por que non os teñen, pero comprámolo, non hai médicos de familia. Hai outros moitos profesionais, ¿por que non se inclúen? Porque vostedes non queren. Isto é o que lles pedimos na nosa emenda, e co número suficiente e con estabilidade laboral.

Vimos aquí á mañá unha serie de vidas laborais dalgunhas enfermeiras. A verdade é que é bastante... Non sei como cualificar o de escoitar o conselleiro dicir que hai que facer centos de contratos de día en día aos profesionais porque hai profesionais que piden un día de vacacións ou días libres. Todo o mundo sabe como se soluciona iso, que é o tema de ter persoas para ir cubrindo esas necesidades sen ter que facerlles un contrato cada día. Pero a mesquindade ás veces chega a estes niveis.

¿Que pedimos na nosa iniciativa? Realizar no prazo máximo de seis meses un plan de ordenación de recursos humanos. Ata aquí é tremendo. É dicir, os orzamentos din unha cousa,



os outros din tal, e vén o conselleiro e di que tres mil máis, catro mil máis... ¿Por que non hai un plan? ¿Por que non queren poñer branco sobre negro para que saibamos cantos profesionais hai? ¿Onde están? ¿Cales son as condicións? ¿Por que se negan? ¿Por que esa opacidade? ¿Por que teñen tanto que ocultar? Porque os números cantarían e botarían por terra o seu discurso.

¿Que pedimos? Normalizar a atención primaria. E volvo dicilo alto e claro: o cento por cento das persoas que soliciten e demanden atención presencial teñen que tela, todas aquelas que o precisen e o demanden, ¡todas aquelas que o precisen e o demanden! (*Aplausos.*) Non se pode diagnosticar a distancia, non se pode diagnosticar de oído, é preciso palpar, observar, tocar os doentes para saber o que lles pasa; sobre todo a aqueles que teñen máis dificultades de comunicarse e de expresarse. Por teléfono, moitísima xente, a xente maior, non sabe explicar o que lle pasa. Entón, o cento por cento das persoas que o precisen e o demanden teñen que ter esa atención presencial e é o que demanda o BNG: que as consultas telefónicas e telemáticas sexan para cuestións complementarias e para quen o solicite. Pero no servizo presencial teñen que ter o dereito a ter esa atención.

¿Que demandamos? Garantir a atención telefónica sen demora, mellorar as redes telefónicas e o número de profesionais para atender esa demanda. O conselleiro pola mañá dixo: «Contratamos trescentos PSX», como dicindo: ¡Pero que máis queren!, contratamos trescentos PSX. ¿Canto aumentou a atención telefónica? ¿Canto aumentaron as persoas que chaman unha e outra vez aos centros de saúde? ¿Canto aumentou a necesidade do centro de saúde de chamar para fóra a esas persoas para a atención telefónica? Exponencialmente, ¿verdade? ¿Sabe cantos centros de saúde hai en Galiza? Hai 470, hai 67 consultorios e 90 puntos de atención continuada; en total, hai 560 centros. Trescentos PSX son medio por centro de saúde. (*Aplausos.*) Así é o fácil que cae o discurso do Partido Popular. Din que contratamos trescentos, e a quen non coñeza os datos pareceralle que iso é unha inmensidade. ¡É insuficiente, moi insuficiente! Por iso demandamos que se contraten. ¿Ou acaso tampouco hai PSX? ¿Tamén hai que facer un MIR extraordinario para poder contratar PSX? Pregunto, ¡eh!, perdoen a miña ignorancia pero igual hai que facer un MIR extraordinario para contratar PSX e non hai para contratar, digo eu, ¿non?.

Igual que fixemos na comisión do pasado xoves, presentamos esta emenda para demandar estas cousas que acabo de dicir...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que me parece que van na dirección da presencialidade e da atención sen demoras. E sería bo que dunha vez por todas o Partido Popular deixara de crear o seu relato alternativo e fixera algunha cousiña das que pode e debería estar facendo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Volvemos debater hoxe en pleno unha proposición que xa foi obxecto de debate, en termos idénticos, o pasado xoves na Comisión 5ª desta Cámara. Iso si, señor Torrado, eu agradézolle que neste turno vostede nomeara a «presencialidade», que na comisión non a nomeou — xa llo dixo tamén a voceira do BNG na comisión —.

Pola nosa banda, eu hoxe vou actuar con coherencia e explicarlle aquí en sesión plenaria exactamente o mesmo que a semana pasada lle dixen en comisión, e defendendo máis, se cabe, a xestión que se está facendo desde o Goberno galego, que preside Alberto Núñez Feijóo, e desde a Consellería de Sanidade, tras escoitar esta mañá a súa sexta comparecencia desde que está desempeñando a súa función o conselleiro. Transparencia e boa xestión é o que nos transmitiu desde a primeira vez que subiu a esta tribuna —aló polo mes de novembro do ano 2020 para explicarnos as liñas xerais desta lexislatura— e posteriormente —xa sobre a pandemia—, en febreiro, en abril, en maio, en agosto do 2021 e a última desta mañá.

Galicia e a súa xestión é —como se comentou pola mañá— o exemplo que o mesmo Ministerio de Sanidade do Goberno de España lles deu ao resto das comunidades autónomas para a reforma da atención primaria. É o propio Ministerio quen lles di ao resto das comunidades que sigan os pasos que Galicia foi marcando. Esa é a solución do goberno socialista. E, curiosamente, contra esas medidas organizativas que toma a Xunta para intentar paliar en Galicia ese problema estatal, ao que o Goberno do Estado non dá ningunha solución, a oposición, cando se traen a este Parlamento, quere suprimilas ou vota en contra. Esa, señorías, é a coherencia da que vostedes falan.

Terán que explicar titulares como ese de que «o oitenta por cento dos MIR que se forman en Galicia non acaban traballando en Galicia». Xa se falou disto. O noventa por cento queda en Galicia, en atención primaria ou en urxencias, e o sesenta por cento ten prazas en propiedade. E efectivamente hai interinidades, porque a eventualidade no sistema sanitario é imprescindible. Non podemos non ter eventualidades, e é polo que se comentou esta mañá: porque para o señor que pida un día ou unha semana ten que haber xente que cubra esas prazas, porque todos teñen dereito a desfrutar dos seus días.

E, señor Torrado, realmente o que lle escoitei dicir da especialidade de medicina de familia —o de que está desprestixiada— a min, persoalmente, paréceme un insulto. Primeiro, porque a medicina é unha profesión que é vocacional; e, segundo, porque os médicos de familia son vocacionais. É unha especialidade que ten catro anos de formación, e na que se forman en todo. Cando un está enfermo é a onde primeiro acode. E ese médico de familia que está perfectamente formado igual nos ve un problema de diabetes que un problema de hipertensión arterial. A min paréceme que ao médico que decide ser médico de familia —os médicos de cabeceira que todos coñecemos de toda a vida— é para sacarles o sombreiro —e sobre todo polo labor que están facendo nesta pandemia—.



Se falamos de transformación da atención primaria, a nosa comunidade hai anos que iniciou esa transformación. Exemplo disto é o Plan galego para a mellora da atención primaria 2019-2021, que se empezou a xestar xa moitísimos anos antes. E en plena pandemia seguiu-se traballando. Escoitamos en reiteradas ocasións —como comentei antes— tanto o conselleiro de Sanidade como a directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria —que veu á comisión—explicar todas e cada unha das melloras de transformación que se están levando a cabo neste ámbito. E este traballo sempre se levou con sentido crítico, consensuando cos profesionais, coas asociacións de pacientes e cos sindicatos, escoitando e valorando eivas —porque as hai—, diagnosticando os problemas e buscando a forma de poñerlles a mellor solución posible segundo o contexto no que nos atopásemos en cada momento. E deste xeito é como Galicia está xestionando a crise desta pandemia. Miren por onde a miren sempre vai ir Galicia un paso por diante.

E, desde logo, tamén quero poñer en valor a responsabilidade do pobo galego, que tamén foi fundamental nisto, conxuntamente coa profesionalidade de todo o sector sanitario. Isto é o que fai o Goberno do Partido Popular e é o que ocorre na nosa comunidade autónoma. Outra cousa é o que vostedes queiran enredar, do que tratan, con tal de embarrar a situación. Están anclados no desprestixio e na confusión, e por máis que nos esforcemos en explicar minuciosamente todas e cada unha das medidas, por máis que se amosen todos e cada un dos datos que temos na nosa comunidade, vostedes seguen coa mesma teima: a terxiversación, a falta de veracidade e os oídos xordos a calquera información veraz que se poida transmitir. O seu é tentar desautorizar —por certo, con pouco éxito— a capacidade do Goberno galego de superar as circunstancias que van aparecendo polo camiño. Critican e alarman a poboación cando, por mor da pandemia, se toman medidas consensuadas cos profesionais como a de bloquear, por exemplo —como ocorreu hai pouco—, a sobredemanda durante tres días. Foron tres días en catorce centros sanitarios, pero, en cambio, cando en Cantabria un conselleiro do Partido Socialista —dos seus— bloquea durante case un mes todo o que é a primaria en todos os centros de saúde, vostedes non se pronuncian. Claro que vostedes teñen máis criterio e poden bloquear todo un mes todo o que queiran. Xa sei que onte se reabiron as citas de enfermería, pero aínda falta a atención primaria e a pediatría por reabrir en Cantabria. E quero deixar constancia de que eu, desde logo, non critico a medida. Estou criticando a incongruencia e o pouco criterio de vostedes, xa que, segundo quen o faga, critican ou non critican. Estamos en pandemia, vivindo momentos excepcionais, e non podemos deixar de tomar medidas para tratar de saír dela da mellor maneira posible e tratar de protexer a poboación. Se en Galicia todos os datos que temos son bos, eu non entendo por que non podemos todos arrimar o ombro, ou simplemente valorar o traballo ben feito.

E, falando de presencialidade, xa lle dixemos na comisión que temos recursos suficientes. E o conselleiro volveullo dicir esta mañá. O pasado ano puidemos ver como o obxectivo fixado nos acordos de xestión das áreas sanitarias de acadar o 60% se cumpría, sempre que a pandemia non condicionase o número de citas telefónicas que debería de atender o médico de familia. Está claro que non son precisos máis recursos para poder acadar unha presencialidade que responda ás necesidades tanto dos médicos como dos pacientes, xa que estes dous axentes son os que deben decidir as condicións nas que se presta a atención sanitaria. Como saben —porque o saben de sobra—, hai meses xa que calquera paciente —calquera— que chame ao seu médico de familia pode ter unha cita presencial ou unha cita telefónica. E na



atención programada os profesionais axustan a cita tamén ás necesidades do paciente, todo consensuado. Vostedes agora piden recuperar a atención presencial previa á pandemia, cando no pasado ano solicitaban que retirásemos o ADX porque lles parecía excesivo ese obxectivo fixado do 60 %.

Está claro, señor Torrado, que non pode falar de presencialidade nun momento no que unha parte importante das cifras diarias dos cupos debe ser telefónica para poder realizar os seguimentos de pacientes covid. Sinceramente custa entendelo, pero parece que ás veces non son conscientes da situación que se está a vivir non só en Galicia senón en todo o país. Piden consensual, e para iso o BNG pide o cento por cento de presencialidade sen consensual con ningún. Por poñer un exemplo, para que vostedes se dean conta da situación —e dicíao esta mañá o conselleiro—, para renovar as receitas ou para o resultado dunha proba analítica, Galicia está perfectamente, e ten hoxe moitos procesos avanzados nos que iso é posible. E, desde logo, créanme que moitos doentes agradecen esa cita non presencial. Son unha defensora da presencialidade, porque estou convencida de que, para facer un diagnóstico, un ten que mirarlle á cara ao paciente, ten que tocalo e ten que exploralo. Pero ambas as dúas cousas poden coexistir perfectamente. Os datos que temos son que, a pesar das dificultades durante estas semanas, actualmente o 85 % dos cupos da nosa comunidade teñen unha cita dispoñible en catro días, e durante a primeira semana do ano era do 81%. E a presencialidade, a 21 de novembro, era do 57 %.

Respecto da triaxe, xa lle dixo o conselleiro que non funcionou, e mesmo xa viu que a compañeira do BNG non o apoiou neste punto.

Señor Torrado, aí hai algo importante no que si se está traballando —falouse aquí—, que é a xestión da demanda a través do XIDE —non vou falar máis disto porque esta mañá xa falou o conselleiro desta e doutras medidas—. E sobre a necesidade de maiores espazos nas salas de espera e circuítos diferenciados direille que en Galicia todos os centros de saúde teñen circuítos diferenciados, cúmprense todos os protocolos seguros que precisa e marca a pandemia. As obras demóstranse con feitos. Os investimentos en atención primaria melloraron —non vou repetir todo o que o conselleiro esta mañá nos trasladou—, e os galegos confían na boa xestión que está realizando a Consellería de Sanidade do Goberno de Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Remato xa.

Podemos ver como o esforzo continúa. A semana pasada anunciouse a licitación da obra do CIS Olimpia Valencia, de Vigo. É unha mágoa que vostedes sigan na mesma dinámica de desprestixio ano tras ano; desde logo, é a súa elección, cada un ten que ver como mellor lle vai coas mensaxes que transmite. Para nós é o traballo, a xestión, a transparencia e a veracidade, nunca vai ser o engano, nunca a terxiversación, que para iso xa están vostedes.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Amigo.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Por intentar construír algunha cousa sobre o debate, o feito de que unha iniciativa pida máis recursos humanos e se asuma que só se están pedindo médicos demostra que este é un sistema medicocentrista por completo e que incluso aquí o debatemos. Porque é certo que, se se piden máis recursos e se fala da triaxe para poder discernir o tipo de caso, pois parece razoable que se está falando de multidiscipliniedade. Porque, se non, se facemos triaxe para só ter médicos, ¿que é o que estamos triando se van todos ao mesmo médico? Sería como meter as basuras en contedores distintos para que logo fosen todos para o mesmo caixón. Evidentemente estamos falando de presencialidade a través da multidiscipliniedade, se é que se quere entender; salvo que non se queira entender.

Non podemos estar de acordo con parte da emenda do Bloque Nacionalista Galego. A maior parte dela xa a temos votado numerosas veces, pero vainos permitir o BNG que neste caso queiramos votar sobre a que presentamos nós, non sobre as súas emendas. Non concordamos nalgunha cuestión, como na presencialidade do cento por cento, nin en que poidamos afirmar claramente que a xente sabe o que necesita dun centro de saúde, porque non é a súa responsabilidade sabelo en realidade. Se non, estaríamos descargando sobre as persoas a responsabilidade de ter ese primeiro paso da triaxe. Ese é o paso para que poidamos empezar a asimilar que, bueno, como saben o que necesitan, tamén saben cal é a solución, e igual hai algunhas cousas polas que non teñen que ir ao médico. Nós non compartimos pasarlles a responsabilidade individual no sistema sanitario. E tampouco compartimos que se poida afirmar que a presencialidade sexa para quen a precisa e quen a demande, porque poden ser contraditorios. Pode haber xente que non a precise pero a demande, e pode haber xente que non a demande pero que a precise, porque pode non saber exactamente que a necesita.

Nós defendemos o modelo que defendemos, que é retornar á presencialidade previa á pandemia, que funcionaba con razoable lóxica. O usuario demanda e o profesional avalía, e nese consenso pódese atopar unha solución. ¿Por que? Porque, ante a dúbida, sempre a presencialidade, sempre a presencialidade. Pero se un quere renovar unha receita, pois non ten tampouco tanta lóxica. Aínda que un paciente insista en renovar unha receita en presencial, se non hai ningún argumento para facelo, nós si entendemos que o profesional ten que ter a capacidade de non atender. Non podemos regular todo o que se desexa, senón o que é necesario, que sempre é máis infrutuoso pero cremos que é máis realista. É certo que iso nos leva á contraposición da posición do Partido Popular, que é defender que todo está funcionando perfectamente. Lamento que consideren que está todo ben e que está todo satisfactorio. Porque a realidade é que non temos nin de lonxe a presencialidade que tiñamos, pero é que non é posible, ademais, tela hoxe en día. É imposible que os profesionais a consigan, e por varias cuestións: primeiro, polo modelo que temos e, segundo, polos recursos. Defender que a presencialidade non é unha cuestión de recursos é facer xa non digo trampas ao solitario senón trampas a un solitario sen baralla. Se houberse moitísimos máis recursos sería máis fácil que tivéssemos presencialidade. Eu creo que isto é bastante sinxelo de entender.



Se onde había tres médicos hai quince, é máis fácil que teñamos presencialidade, por tanto, é unha cuestión de recursos, indiscutiblemente. Dicar que non...

Tampouco consideramos que poidamos facer algunha crítica contra alguén que propoña a necesidade de incorporar máis médicos. Porque verá, señora Amigo, eu non creo que o argumento de que a medicina de familia é algo vocacional sexa suficiente. En primeiro lugar, porque si que é certo que a medicina de atención primaria está minusvalorada polo sistema. Isto é unha evidencia. Pero non é por discrepar no plano persoal —que non o é, xa o sabe—. É unha evidencia, porque podemos acudir ás convocatorias de MIR e ás preferencias dos estudantes, podemos entrevistarnos cos estudantes de MIR, podemos entrevistarnos coas persoas que incluso fan a especialidade MIR de familia, que a fan algúns —poucos— porque non lles quedaba outra opción. Iso tamén é certo, sexamos realistas. Se non somos realistas, non imos poder resolver o problema. E isto ocorre porque a especialidade de primaria está minusvalorada polo sistema. Eu non digo que vostede a minusvalore, por suposto, nin eu tampouco. Cremos nela pero está minusvalorada. Porque igual o problema é deixarlle toda a vontade a iso —que é unha milonga coma un piano— de que a medicina é vocacional e os médicos de familia son vocacionais. Os carpinteiros tamén son vocacionais e cada vez hai menos. ¿Por que? Porque teñen menos traballos e as condicións laborais son horribles. E en medicina de familia igual pasa algo parecido dentro do sistema. As condicións son malas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, a ver se nos imos enganar agora con que resulta que somos unha potencia mundial e que temos dous millóns setecentos mil habitantes e dous millóns e medio deles son carpinteiros. A ver se imos facer esa tontería aquí agora.

Hai profesións que cada vez teñen menos porque están minusvaloradas dentro do sistema e dos mercados. E dentro do mercado que é o Sistema Nacional de Saúde —o Sergas, neste caso— e o da formación de profesionais a atención primaria está minusvalorada. Teñen vos-
tedes limitadas as capacitacións que teñen á hora de pedir probas, teñen unha saturación enorme de axendas, teñen menores capacidades de progreso dentro do sistema e teñen uns salarios menos competitivos que os demais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: E por iso non a queren. Podendo escoller, queren facer outras especialidades. Esta é unha verdade coma un templo. E non lle vou dicir que no seu grupo están de acordo comigo —que vostede sabe que están de acordo comigo, e incluso vostede—. Entón, a partir disto, construíamos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...o sistema. Non podemos dicir outras cousas. É unha cuestión de recursos —e aí houbo recortes— e é unha cuestión de modelo, e vostedes son claramente conformistas e nós non, esa é a diferenza. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Entendín que non aceptaba a emenda.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan de choque contra a sinistralidade laboral

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz e por iniciativa do deputado Daniel Pérez López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar un plan de choque contra a sinistralidade laboral, contando para a súa elaboración e aprobación cos organismos que teñen especificamente atribuídas as competencias en materia de promoción, asesoramento e vixilancia da seguridade e da saúde laboral: Issga e Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e todas.

A sinistralidade laboral é a frecuencia coa que se producen sinistros con ocasión ou por consecuencia do traballo, que pode ser orixinados por un accidente, métodos de traballo perigosos, falla de medidas de seguridade, etc. É unha lacra en ocasións invisible á que o Grupo Parlamentario Socialista quere darlle voz neste Parlamento.

As administracións estatal e autonómica empregan análises estatísticas para medir a sinistralidade laboral, as enfermidades profesionais e as continxencias comúns. Este sistema de cálculo facilita a tarefa de seguimento e control dos accidentes de traballo, cal é a orixe destes e a forma en que aconteceron. Tamén permite concretar a ubicación dos postos con maior incidencia e risco e os sectores nos que máis se producen. O feito de fixar os índices estatísticos permítenos marcar obxectivos para reducir a accidentabilidade, comparar os resultados empresariais cos índices oficiais por sectores e fixar indicadores para conseguir unha mellora das condicións laborais.

Nesta iniciativa analizaremos os preocupantes datos desta sinistralidade en Galicia. Na páxina do Issga —o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral—, organismo autónomo



que se configura como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais e adscrito organicamente á consellería competente en materia de emprego, figura a estatística de accidentes de traballo — neste momento, o resumo dos principais resultados, de xaneiro a setembro do ano 2021. E aproveitamos a ocasión para denunciar que na data de hoxe polo menos deberían figurar os datos estatísticos, incluíndo novembro, tal e como ten feito xa o Ministerio de Traballo e Seguridade Social. Polo tanto, só dispomos de datos pechados referentes ao primeiro semestre do 2021 á hora de facer comparativas anuais.

Tal como consta na proposición presentada nestes case dous anos da pandemia covid, púxose de manifesto de maneira dramática a contradición entre a saúde e a vida e as presións para manter a actividade económica; contradición que no eido da sinistralidade laboral, por desgraza, en moitas ocasións os representantes dos traballadores teñen que denunciar porque se produce tamén a diario. Así o demostran as cifras, porque o traballo debe ser decente, digno e de calidade, libre de riscos. Ninguén debería ter que elixir entre traballo e saúde. A sinistralidade laboral, a pesar da baixada da actividade laboral por mor da crise que se está a vivir motivada pola pandemia, segue presionando o mercado laboral galego. Hai 24.511 accidentes en Galicia no ano 2020, e 11.211 nos seis primeiros meses de 2021, que supoñen o 4,2 % do total dos sinistros rexistrados en todo o Estado, ben sexa porque son vítimas dos accidentes no traballo ou, no peor dos casos, porque, lamentablemente, faleceron no seu posto. Hai 59 falecidos na nosa comunidade autónoma no ano 2020, e 18 mortos nos seis primeiros meses do 2021. En datos de novembro pechados polo propio Issga, a lamentable cifra ascende a 45 falecidos; 41 asalariados e 4 por conta propia. E a cifra hoxe de accidentes ascendería a 24.336.

Non podemos menos que trasladar dende o Grupo Parlamentario Socialista o noso apoio e solidariedade ás familias e aos compañeiros e compañeiras das persoas falecidas vítimas de accidentes graves.

Digo, sen temor a equivocarme, que esta lacra nos preocupa a todos os grupos presentes nesta Cámara. Son as condicións de traballo as que están na orixe desta eiva, sobre todo nun mercado laboral como o galego, marcado pola precariedade, segundo indican as organizacións sindicais.

E voulle dar uns datos de precariedade no mercado laboral galego. En Galicia en 2021 asinábanse 872.427 contratos. Deles só o 5,1 % eran indefinidos, concretamente 44.188. No conxunto do Estado os contratos indefinidos, aínda que insuficientes, supuxeron o 6,7 %. De seren a mesma proporción en Galicia, habería 13.556 contratos máis.

Logo da gran recesión de 2008 e a imposición de políticas de austeridade polo Partido Popular como única vía posible da saída da crise, vimos como os recortes debilitaban servizos públicos que agora se revelan imprescindibles como a sanidade pública, como hoxe estamos a falar.

Paralelamente produciase unha redución de investimentos en prevención de riscos laborais nas empresas e de financiamento de políticas públicas activas en materia preventiva. Falando dos orzamentos da Xunta de Galicia, falando da aportación do Goberno galego cara á sinis-



tralidade e á prevención de riscos laborais, e facendo unha comparativa en materia de partidas presupostarias adicadas á prevención, concretamente a partida ao Programa 324B, vemos que os datos reflicten que o Goberno do Partido Popular reduce nun 44 % o orzamento adicado á prevención.

No ano 2009 na Consellería chamada daquela Trballo o investimento era de 14.651.590, e na Consellería de Presidencia, 1.152.912; un total de 15.804.502 millóns. Na actualidade a Consellería de Emprego emprega 8.049.625, a de Presidencia, 755.520; un total de 8.805.000. Vemos unha redución dun 44,3 %.

Na última década asistimos a un rebrote dos accidentes de traballo, á ocultación e subregistro das enfermidades profesionais, e afixémonos a que o lema das campañas sindicais fora: «a precariedade laboral mata». Segundo os datos oficiais, nos seis primeiros meses, como dicía, 10.991 accidentes tiveron carácter leve, pero 202, graves. Na actualidade, 352.

Por provinciais, en relación a hai anos, no mesmo período de xaneiro a xuño, a sinistralidade aumentaba en todas as provincias excepto en Pontevedra. Na Coruña pasaba de 4.990 entre xaneiro e xuño, un 11,78 % máis, porque pasaba a 5.573. En Lugo, un 11,3 % máis; e en Ourense, un 6,6 % máis.

Analizando os datos polo miúdo e achegando a análise aos subsectores que ofrece o Ministerio nas súas estatísticas e que non están computados os datos de accidentes *in itinere*, a realidade é que o sector servizos leva a peor parte, o 48,8 % da sinistralidade. E, concretamente, á cabeza está o comercio, con 1.389 sinistros, seguido de actividades administrativas e auxiliares, con 904, etc.

Detrás disto, da alta incidencia de sinistralidade neste sector, atópase a alta temporalidade que rexistran na contratación, o que provoca que moitas persoas traballadoras non reciban a formación necesaria en materia preventiva e que moitas empresas tampouco vixían a saúde da súa forza no traballo.

No caso da industria, o número total de sinistros foron 2.636; na construción, 1.643 e 157 noutras empresas de subministracións, como enerxéticos.

Resulta evidente que aqueles traballadores e traballadoras que estiveron á fronte nesta pandemia, que non cesaron a súa actividade, son os máis prexudicados pola sinistralidade. Xa o foron no ano 2020 e seguen a selo nos seis primeiros meses deste ano.

En canto aos índices de incidencia, é dicir, á relación que mide os accidentes mortais co número de afiliados á Seguridade Social, en Galicia, entre xaneiro e xuño de 2021, este foi de 0,271 puntos por enriba da media estatal, que é de 0,251. Destaca o caso de Pontevedra, onde chega a 0,385 puntos, e Ourense con 0,336.

É preciso reiterar que a alta temporalidade da contratación fai que moitas persoas traballadoras non reciban formación en materia preventiva nin se produza a necesaria vixilancia da saúde por parte das empresas, ambas as cuestións obrigatorias segundo a Lei de prevención de riscos



laborais; accidentes e incidentes producidos no traballo que son directa ou indirectamente froito dunhas condicións de traballo inadecuadas. Baséanse nun modelo empresarial que ignora a protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras, sustentado na competitividade e na falla de investimento en prevención, así como na frecuente ausencia dun plan de prevención real e efectivo que aspire a algo máis que a ser un mero documento preventivo para evitar sancións administrativas. Por outra banda, o incremento dos riscos psicosociais polas pésimas condicións laborais provoca que unha das máis importantes causas de morte durante a xornada de traballo sexa os infartos e derrames cerebrais, tamén o indica o informe do Isgsa referido ao ano 2020; o último que publicaba completo a Xunta de Galicia.

Por todo o que estamos a expor, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta esta iniciativa para instar a Xunta de Galicia a que a través da Mesa de diálogo social se articule un plan de choque contra a sinistralidade laboral de xeito inmediato, para acadar medidas que poñan fin a esta situación, que analicen a redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora, resultante de que a primeira causa de morte durante a xornada de traballo, como dicía antes, son os infartos e derrames cerebrais asociados a este tipo...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...— si, termino— de riscos.

Conclúo solicitando a aprobación, o voto favorable para esta proposición dos grupos presentes na Cámara.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Rodríguez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

É a quenda agora dos restantes grupos.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidenta.

Un mundo sen sinistralidade laboral e sen enfermidades profesionais é posíbel. As enfermidades e os accidentes nos lugares de traballo non son froito nin do destino, nin da casualidade, nin da mala sorte, senón que son o resultado de causas específicas.

Sen dúbida ningunha, as empresas teñen a obriga de prestar máis atención aos riscos para a saúde que afectan a seguridade e o benestar das traballadoras e dos traballadores. Isto dío Joachim Breuer, presidente da Asociación Internacional da Seguridade Social.

Dos estudos deste organismo pódese concluír que os investimentos realizados polas empresas en materia de prevención de riscos e de saúde laboral dos seus traballadores e traballa-



doras son altamente rendibles en termos económicos directamente cuantificables, estimándose que por cada euro investido en prevención se obtén, cando menos, unha rendibilidade de dous euros, á parte de constituír un importante factor competitivo que permite ás empresas dispoñer de man de obra sa e motivada.

Esta mensaxe parece non calar dentro do Estado español e moito menos no Goberno galego, que ten transferidas —hai que recordalo— as competencias en políticas de prevención de riscos e de saúde laboral dende hai moitos anos, pero que apenas exercen, á vista dos datos de sinistralidade que temos.

Mentres no marco da Unión Europea a sinistralidade laboral descende na maioría dos países desenvolto e faino segundo os períodos, pero faino de xeito constante e progresivo, no Estado español a sinistralidade experimenta cambios constantes en función sobre todo dos ciclos económicos. ¿Que significa isto? Que a maior activación económica, maior incremento da incidencia de accidentes laborais, e a menor actividade económica ou recesión, maior diminución do índice de incidencia.

Este paso descompasado en relación co resto dos países da contorna amosa as deficiencias do sistema preventivo español, caracterizado, entre outras cuestións e ao contrario que o resto de Europa, por unha prevención maiormente externalizada, na que as empresas se encargan e contratan a súa prevención a entidades privadas especializadas, os chamados «servizos de prevención alleos», o que supón que as empresas non son moitas veces, en moitas ocasións, suxeitos activos e directos da seguridade dos seus traballadores.

Pero hai máis diferenzas co resto dos países europeos. Hai unha lexislación e unhas normativas ineficientes que as empresas implementan dun xeito laxo e meramente formal para cubrir a aparencia legal do bo facer, e un insuficiente investimento público e empresarial en materia de prevención de riscos e de saúde laboral, motivado polo feito de que os custos de prevención seguen aínda no día de hoxe a considerarse como un custo gravoso e non como un investimento.

Tamén directamente relacionado co anterior, hai unha falla de cultura preventiva real que impide que a prevención se integre en todos os estamentos e na actividade das empresas.

Temos tamén unha acción inspectora insuficiente como consecuencia fundamentalmente da falta de medios humanos e materiais, propiciada por liñas políticas seguidas polos gobernos de turno. E un sistema de sancións ineficiente. Ademais, temos un sistema de control de baixas por IT, por continxencias profesionais, adxudicado ás mutuas, que non deixan de empregar criterios empresariais e así de aforrar cartos ás propias empresas e á Seguridade Social, ao non recoñecer en casos sangrantes e palmares unha parte importantísima dos accidentes de traballo e das enfermidades laborais que se producen, o que impide cuantificar de xeito claro a sinistralidade e, polo tanto, condiciona calquera intento de solucionar o problema.

A pesar de que foi xa no ano 1995 cando se promulgou a Lei xeral de prevención, segue sen existir unha cultura da prevención en moitísimas empresas. E a culpa tamén hai que buscala no escaso interese político en que esa cultura exista.



A figura do delegado de prevención segue a ser no día de hoxe para moitos traballadores e traballadoras un personaxe totalmente descoñecido. Ademais, dependendo do xénero, da idade, do sector, da cualificación, do tamaño e do tipo de empresa, do tipo de contrato ou da antigüidade da empresa, varía o coñecemento deste delegado de prevención.

Por isto, o caso de Galiza é terríbel en canto a prevención e saúde laboral. Temos un mercado laboral marcado por eivas estruturais como a temporalidade e a parcialidade, a estacionalidade, a dependencia excesiva do sector servizos, un mercado laboral que consagra a precariedade laboral sobre todo no colectivo da xente moza e das mulleres, e isto é o caldo perfecto para que a sinistralidade laboral campe ás súas anchas.

No ano 2019, antes da pandemia, o noso país consolidaba un perfil de alta sinistralidade, consecuencia en gran medida da falla de acción política deste goberno do PP en materia de prevención de riscos e de saúde laboral, pero tamén de racanería orzamentaria neste eido.

Neste ano, o noso país ocupaba o primeiro posto do ránking de sinistros laborais co resultado de morte no conxunto do Estado español, duplicando practicamente a taxa media do Estado. Dos traballadores falecidos no 2019 na Galiza, un 43 % eran traballadores con contratos temporais, cando este colectivo supón o 26 % dos traballadores suxeitos a esta modalidade contractual. ¿Que vén significar isto? Que é innegable a correlación entre a temporalidade e a precariedade laboral cos accidentes de traballo con resultado de morte. No ano 2020, debido á declaración do estado de alarma a partir de marzo, produciuse unha redución importante da actividade laboral económica, e como xa apuntabamos antes esa redución foi acompañada tamén dunha contracción en materia de accidentes de traballo. Aínda así, no primeiro cuatrimestre do 2020 Galiza volveu acadar o primeiro posto do Estado no índice de incidencia de accidentes laborais mortais: 17 persoas traballadoras galegas mortas como consecuencia do seu traballo, nun contexto —que hai que recordar— de paralización da actividade laboral nos nosos sectores produtivos.

Nos datos de incidencia, por comunidades autónomas, durante o período que vai de decembro do ano 2020 a novembro do 2021 —que é o último medido—, Galiza contou 47 accidentes mortais, ocupando outra vez os primeiros postos de sinistralidade laboral do Estado. Nesta dubidosa honra xoga un papel determinante o PP, que en doce anos de goberno do señor Feijóo acadou que nos consolidásemos nos primeiros postos de inequidade social e non prevención. Ante esta persistente e desastrosa situación preventiva que afecta a clase traballadora galega no seu conxunto, o PP foi incapaz de implementar políticas públicas en materia de prevención de riscos laborais e seguridade no traballo, e os números cantan dolorosamente en forma de accidentes laborais mortais. Como tamén canta, e amosa o compromiso do Goberno do PP con este problemón, que nos orzamentos do ano 2022, en plena pandemia, rebaixase a partida dedicada á mellora da organización e administración das relacións laborais e da prevención.

Se ao pouco músculo preventivo do noso tecido empresarial, no que hai unha maioría de microempresas e pequenas empresas, e á pouca cultura preventiva do noso tecido produtivo, no que segue véndose a prevención como un gasto e non como un investimento, lles sumamos a pouca importancia política que se lle outorgou á prevención de riscos e á seguridade laboral nos anos do Goberno do PP, na Galiza podemos entender cal é a situación actual.



Para o BNG a prevención de riscos laborais e a seguridade e a saúde no traballo constitúen elementos esenciais e irrenunciábeis para a clase traballadora no marco dunha sociedade xusta e democrática.

As deficiencias xa apuntadas do sistema de prevención vixente, en conxunción coa reforma laboral levada a cabo polo PP e tamén polo PSOE nos anos 2010 e 2012, abocan a maioría da clase traballadora galega á precariedade laboral e a uns niveis de desprotección social e laboral totalmente inaceptábeis; o que sumado á inacción política para promover políticas públicas, preventivas e eficaces, está a converter a sinistralidade laboral nunha característica estrutural do sistema produtivo galego, que se agrava pola falla histórica de recursos humanos e económicos destinados polo Goberno galego do PP ás políticas de prevención.

Por iso, é imprescindible abordar a reconfiguración do marco das relacións laborais e do actual sistema de prevención de riscos laborais, tanto por intelixencia económica como por xustiza social, sobre todo por esta última. Traballar non pode supoñer un risco nunca. Hai marxe de mellora, e por iso a Confederación Intersindical Galega, a CIG, promoveu no ano 2021 a creación dunha comisión técnica sobre accidentabilidade grave e mortal en Galicia, na que participa a Consellería de Emprego e Igualdade, o Issga e os axentes sociais, co obxecto de analizar as causas e promover actuacións necesarias para reducir os accidentes de traballo. Porque é nos órganos legalmente constituídos, como son o Issga e o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral, con competencias especificamente atribuídas en materia de promoción, asesoramento e vixilancia da seguridade e da saúde laboral, onde se debe impulsar este plan de choque. Estes son os foros lexítimos onde están representados todos os axentes sociais e o propio Goberno galego. Por iso sorprende —e así llelo temos que indicar— a parte resolutiva desta iniciativa que nós emendamos. Impulsar ese necesario plan contra a sinistralidade, a través da mal chamada Mesa de diálogo social, parece máis un intento, neste caso do PSdeG, de axustar contas con quen é o sindicato maioritario na Galiza, a CIG —e isto pésele a quen lle pese—, intentando deixalo fóra de xogo, ao mellor porque a CIG é moi crítica coa non reforma laboral anunciada hai ben pouco, que consolida os elementos máis lesivos da reforma laboral do ano 2012 do Partido Popular, posicionamento que o BNG comparte sen ambaxes. A non reforma laboral que foi acordada nunha mesa chamada do diálogo social, que é un foro —hai que recordar— absolutamente informal que substitúe o papel de institucións lexítimas como sería o Consello Económico e Social do Estado, no que participan todos os sindicatos coa condición de máis representativos, introduce melloras mínimas, pero consolida a reforma do 2012, e así o manifestou unha satisfeita patronal e incluso a Fundación FAES.

Señoras e señores do PSOE de Galiza, cumpran cos seus compromisos e posibiliten acordar no ámbito parlamentario estatal un texto que realmente signifique recuperar dereitos para a clase traballadora galega. Non caian no erro de confundirse de inimigo. Non nos fagamos trampas nin intentemos meternos goles neste tema tan sensible, e, sobre todo, non decepcionen as clases populares e as maiorías sociais deste país.

Acepten a nosa emenda, que concorda absolutamente coa necesidade dun plan de choque contra a sinistralidade laboral, pero que debe impulsarse nos foros que teñen especificamente atribuídas competencias en materia de promoción, de asesoramento e vixilancia de



seguridade e saúde laboral, o Issga e o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral. O resto, esa Mesa de diálogo social, o único que fai é lexitimar as políticas que se demostraron absolutamente ineficaces...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señor Pérez.

O señor PÉREZ LÓPEZ: ...do PP, sacando temas tan sensibles como é o da sinistralidade laboral das institucións propias e lexítimas onde deben tratarse, e rompendo un consenso que ata agora era histórico nunha materia tan sensible como é o da sinistralidade laboral.

Nada máis pola miña parte. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Pérez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, con carácter xeral, a este grupo parlamentario, ao Grupo Popular —e estou seguro tamén de que podo ata falar en nome do Goberno galego—, parécenos sempre axeitado abrir un debate construtivo que teña como horizonte incidir na cultura da prevención dos accidentes de traballo. Todos os traballadores temos o dereito de desenvolver a nosa actividade profesional con seguridade e con saúde, e sempre que se produza un accidente de traballo significa que algo fallou; polo tanto, significa que hai marxe para a mellora. Con todo, nós cremos que tanto en España como na nosa comunidade dispoñemos de ferramentas e avances moi significativos neste ámbito.

No deseño da actual estrutura normativa e técnica en materia de prevención de riscos están implicados non só a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, senón tamén o resto de administracións, incluído o Goberno central, así como os sindicatos e as organizacións empresariais. Existe, polo tanto, todo un conglomerado normativo que conta coa participación dos axentes sociais e que está sometido a revisión e a actualización periódicas, entre outras razóns, para incorporar todas as novidades técnicas que permiten facer o traballo máis seguro. Por exemplo, en Galicia temos moitas razóns para sentirnos orgullosos do labor do esforzo e do nivel dos profesionais que forman parte do Instituto Galego da Seguridade e Saúde Laboral, do Issga, exemplo para o resto de España, recoñecido internacionalmente, pero sobre todo aliado dos traballadores e das traballadoras galegas.

Vímolo durante os meses máis duros da pandemia, onde incluso as traballadoras e traballadores galegos dispoñían de guías, instrucións e asesoramento técnico sobre o xeito de facer os centros de traballo máis seguros ante a presenza do virus, e dispoñíamos deles grazas ao Issga, antes incluso de que o Ministerio de Traballo e Sanidade elaboraran as súas guías.



Como sabe, señoría, Galicia sempre foi un paso por diante. En Galicia anticipámonos, un factor determinante na boa xestión da pandemia. Polo tanto, señoría, nin podemos compartir, nin estamos identificados con esa Galicia en negro que vostedes sempre describen nas súas intervencións cando se trata de debater en materia laboral. E con isto non quero dicir que non existan problemas e ámbitos con marxe de mellora, pero non é xusto —e sobre todo non é honesto— aproveitar unhas estatísticas sesgadas, escollidas, para que dean o resultado que a vostedes lles interesa, sempre en negativo. E vou intentar resumir brevemente en que penso que vostedes se equivocan.

Primeiro, vostede omite —e non quero pensar que o faga de xeito deliberado— que hai unha correlación entre o aumento dos postos de traballo e o aumento dos sinistros laborais. Se vostede compara períodos temporais —que, por circunstancias da pandemia, había confinamentos e se reducía a actividade industrial—, coa situación actual ou cos meses máis recentes, nos que se estaba reactivando a economía e a nosa industria, con toda lóxica comprenderá que os accidentes aumentan. Pero se vostede acode aos últimos datos oficiais do ano 2021, que son os comprendidos entre xaneiro e novembro, verá que se reduciu un 11,76 % o número de accidentes mortais en xornada laboral, pasando de 54 a 45, e sendo accidentes por patoloxías non traumáticas 23 destes 45. E tanto na construción como en servizos, o incremento dos accidentes que citou veu acompañado do aumento do número de afiliados. Pero a incidencia dos incidentes é menor que o incremento deles. Na construción, os accidentes tiveron un aumento do 14 % e unha incidencia do 11 %. En servizos, o aumento dos accidentes foi case do 21 % e a incidencia dun 18 %. E en ámbitos como a pesca, os accidentes reducíronse preto dun 5 %, pasando de 715 a 680. Insisto, señorías, a maior número de persoas traballando, máis probabilidade de que aumente o número de accidentes.

En segundo lugar, vostede explica que a principal causa da morte dos traballadores son os infartos, e constrúe toda unha teoría en virtude da cal o estrés ou a presión laboral polo emprego precario son os causantes do infarto e do derrame cerebral.

Señora Rodríguez Dacosta, non hai nada que lle cause máis estres e máis presión a un traballador que quedar en paro. *(Aplausos.)* Nada lle causa máis estres nin máis presión, sobre todo, cando hai que pagar unha hipoteca ou hai que pagar moitas facturas. E diso, señores do Partido Socialista, de estrés e de depresión por deixar os traballadores en paro son vostedes uns auténticos espertos, os socialistas, o Partido Socialista, *(Risos.)* porque vostedes son os campións de desemprego. O Partido Socialista é o campión do desemprego. E tampouco é certo que o número de accidentes sexa consecuencia da falta de formación e de empregos de menor duración. Na nosa comunidade autónoma hai todo un sistema de formación en prevención que é de obrigado cumprimento —repito, que é de obrigado cumprimento— ata nos contratos de menor tempo e responsabilidade, mentres que no Partido Socialista xa sabemos ao que dedicaban vostedes o diñeiro destinado á formación. Pregúntelles vostede aos seus amigos de Andalucía, que tiveron no seu momento incluso que devolver —jaínda menos mal!, jaínda menos mal!, e xa non imos falar do resto— máis de mil millóns de euros nas políticas de formación para os traballadores.

Remato xa.



Non imos apoiar esta iniciativa. Votaremos en contra dela, porque vostede, ademais de fundamental en datos non veraces, que acabamos de demostrar e que non corresponden á Galicia real, senón a esa Galicia negra, imaxinaria da oposición, vostedes intentan restar valor ao traballo feito polo Goberno galego. E deberan saber que na actualidade si existe unha Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo en Galicia, acordada na Mesa do diálogo social, estratexia prorrogada durante o ano 2021 e 2022, co consenso dos axentes sociais, en tanto en canto se está a negociar a Estratexia española, que é o documento que vai servir de base. Esta estratexia desenvólvese principalmente a través dos sucesivos plans de actuacións do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral, do Issga, e con carácter anual consensúanse e acórdanse as actividades que figuran no plan de actuación. Estas actividades son obxecto de debate, completándose coas achegas e acordándose coas organizacións sindicais e empresariais. E, de feito, podo dicirlle que incluso xa se está a consensuar o Plan de actuación do Issga para o ano 2022, e estímase aprobalo proximamente.

Señorías, conclúo.

Evidentemente, detrás dos datos de accidentes, sempre hai persoas; polo tanto, nós sempre teremos o máximo dos respectos. É obrigación de todos, e das administracións das empresas, garantir a saúde e a seguridade dos traballadores, ademais do deber de cooperación, información e vixilancia laboral. Pero señoría, téñolle que dicir que é simplemente unha falacia dicir, como se afirma na proposición non de lei, que a norma xeral é que existen traballadores sen a efectiva protección legal.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Perdón, non teño que reafirmarme, senón que teño que corrixir: moitas grazas, señora presidenta.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para pechar o debate desta proposición non de lei, ten a palabra a súa autora, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Vou retirar unha frase que dixen na primeira parte do meu discurso sen que me chamara a atención a presidenta da Mesa do Parlamento, porque eu dixen textualmente...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Un momento, señora Rodríguez.

¿Non se escoita?

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: É que estaba coa mascarilla.



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): ¡Ah, perdón!

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Agora mellor.

Nada, dicía que vou retirar unha frase que dixen na miña primeira intervención, sen que me chamaran a atención. Teño que retirala porque, concretamente, textualmente dixen: «Sen temor a equivocarme, esta lacra preocúpanos a todos os grupos presentes na Cámara». Pois retíroa, ¡retíroa! Parece ser que lle preocupa ao Grupo Parlamentario Socialista e tamén ao Bloque Nacionalista Galego, pero nada ao Partido Popular. ¡Nada! (*Aplausos.*) Porque a frase de: «Nada lle causa máis estrés a unha persoa que quedar en paro» é rirse dos falecidos en accidentes, das persoas que tiveron sinistros graves con secuelas, que vostede sabe, señor Balseiro, que quedan de por vida, con todo o que lle acontece a esa persoa, á súa familia e con esas condicións, tamén no aspecto económico. Entón, dicir iso é deostar un problema que existe. E xa non quero entrar en se hai 5 ou 7 mortos máis no índice de incidencia estatal; dá igual, dá igual. Mentres existan mortos en Galicia por sinistros laborais, o Goberno galego ten que estar neste tema, ¡ten que estar neste tema! Porque vir a esta tribuna a dicir concretamente: é que a señora Dacosta utiliza uns datos que realmente son... Os datos son publicados polo Issga e polo Ministerio, nin máis nin menos. Pero o importante non era concretamente o índice superior de accidentes mortais ou de accidentes graves que temos en Galicia. Non era iso, era moito máis que iso.

En relación co Bloque Nacionalista Galego e coa emenda, entendo perfectamente que o plan ten que contar co Issga e co Consello Galego, obviamente; entón, nese caso, estamos de acordo. Pero eu son firme defensora do diálogo social, do diálogo social en Galicia e do diálogo social tamén no Estado.

E tamén creo necesario aprobar a reforma laboral impulsada polo Goberno do Estado e pactada polos axentes sociais, sindicatos e patronais en relación con esta temática, porque aposta por unha recuperación xusta, porque reduce a temporalidade — neste caso vai incidir na sinistralidade —, porque reforza a creación de emprego de calidade e ofrece seguridade xurídica ás empresas e porque se traduce nunha reforma que permitirá atallar as dúas principais eivas que temos en Galicia, que son a precariedade e o desemprego; o desemprego, señor Baleiro.

É por iso que unha das primeiras medidas, como sabedes, como saben vostedes, é a penalización da contratación de curta duración, incentivando a contratación indefinida e o emprego estable. Este novo marco laboral reducirá o número de tipos de contrato, xeneralizando o contrato indefinido, limitando a tres meses ao ano a contratación temporal e fomentando a figura do contrato fixo discontinuo, loitando contra a precariedade e contra a sinistralidade. O que pasa é que o Partido Popular di: mire, se temos traballo, aínda que sexa precario, pois temos que dar as grazas. É que eu non sei se saben o que son os riscos psicosociais, pero alongar as xornadas porque é un traballo precario e non podo protestar, por ter unha mala organización de servizo ou por non estar formado, iso ao Partido Popular dálle igual; dálle igual con tal de que o índice suba un tanto por cento, que non está a subir, por certo, porque temos 21.000 accidentes laborais. Lexislar para os xoves en Galicia, para que teñan un horizonte laboral estable, axudaría tamén, sen dúbida, a que os accidentes laborais pui-



desen diminuír. Resultan preocupantes as condicións laborais ás que se ven sometidos — como dicía— os traballadores e traballadoras das empresas subcontratistas, que distan aínda hoxe de alcanzar o nivel de dignidade e calidade que é preceptivo, e diso tamén se ten que ocupar o Goberno galego, porque ten as competencias transferidas, creo eu.

Unha das condicións que se viron agravadas pola aplicación da reforma do Partido Popular foi a precariedade, sen lugar a dúbidas, e iso está nas estatísticas.

O Grupo Parlamentario Socialista insiste na necesidade de crear un novo marco laboral que cese co abuso da temporalidade, coa parcialidade involuntaria, señor Balseiro, á vez que se recupere un marco de negociación colectiva equilibrado. E ese marco de diálogo social no que estarían os sindicatos, as consellerías competentes na materia, e obviamente o Issga, como di o Bloque Nacionalista Galego, será fundamental para que a sinistralidade se visibilice e se adopten medidas de forma inmediata.

Só se pedía unha proposición en positivo, pero dá igual o que se traia a esta Cámara. Traemos unha proposición en positivo, pero sempre din que non; ou están facendo ou van facer ou non lles preocupa. Neste caso, lamentablemente, temos un contador da vergoña, como din os sindicatos, para todos e todas: 45 traballadores falecidos por incumprimento dunha normativa, pero iso necesita un plan en Galicia, un plan que adopte a Consellería de Emprego cos axentes sociais e tamén cos organismos técnicos encargados da materia. Non o queren facer porque pouco lles preocupan nin o desemprego, nin a precariedade, nin a sinistralidade laboral.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Señora Rodríguez, ¿entendo que acepta a emenda? ¿Acepta a emenda?

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Imos transaccionar.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): ¡Ah!, van transaccionar. De acordo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Pasamos á terceira proposición non de lei da orde do día.

Proposición no de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego ante o incremento de casos covid-19 nos centros educativos

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para defender a proposición non de lei ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moi boa tarde, señorías.



Obrigada, señora presidenta.

O pasado 10 de xaneiro volvemos ás aulas, e a crónica dos partes diarios dunha nova repunta da pandemia —e xa van seis— alertaba da necesidade de poñer un punto e á parte.

Malia o considerable avance na vacinación xeral das persoas adultas e da recentemente iniciada nos menores, esta nova vaga caracterízase pola alta incidencia contaxiosa da variante Ómicron, co consecuente aumento de corentenas entre o alumnado e tamén de baixas entre o profesorado, ou ben por seren positivos ou ben por seren contactos directos de positivos, ou por teren que atender tamén a súa familia nas súas casas.

As leccións da experiencia e os informes epidemiolóxicos están aí para axudar sobre todo a evitar erros e para planificar mellor. Mais xa sabemos que o ser humano é o único animal capaz de tropezar varias veces na mesma pedra, e vai ser certo tamén que no caso do Partido Popular se cumpre esta máxima. Non queren aprender, parece ser, nin da primeira, nin da segunda, nin da terceira, nin da cuarta, nin da quinta, e nin tampouco agora da sexta vaga desta pandemia (*Aplausos.*)

O 10 de xaneiro abre o telón e comeza o segundo acto deste curso, que ben podería titularse: «*Educación en tempos avoltos*». O Goberno do Partido Popular —guionista principal desta obra— opta por aforrar recursos e por manter a escenografía previa como se nada acontecese. Un punto e seguido.

«¿Que táctica seguimos?», pregunta un membro do equipo de guionización. «A nosa marca propia, o estilo “ti vai facendo”», responde o mando. «¿E se volve saír mal outra vez?» «Xa miraremos a quen lle botar a culpa. Temos práctica abondo en levantar o dedo índice acusador cara a alguén, e humildade, ningunha. Nós, seguimos na nosa burbulla». Fin da escena.

Modo suspense activado ante un comezo de curso cos peores datos de incidencia da pandemia no noso país até o de agora ao longo de dous anos. Dez mil casos identificados de covid entre menores de idade nas dúas semanas anteriores, 13.000 positivos covid para comezar este curso o 10 de xaneiro, entre alumnado e profesorado contaxiado. Por suposto, sobra dicir que son datos públicos.

Xusto antes do Nadal as cifras eran de 3.000 persoas contaxiadas. Xorde, entón, a pregunta, á vista do diferencial destes datos: ¿non estaba xustificada reiniciar o curso do ano novo facendo un punto e á parte, mudando o rumbo? Parece ser que non. O Partido Popular decide abrir os centros educativos como se nada tivese acontecido no Nadal, reincidindo na improvisación, na falta de planificación e, sobre todo, na folla de ruta principal: na redución de profesorado nos colexios e nos institutos.

¿Quen nos ía dicir que sucedese isto en habendo cinco vagas previas e unha pandemia de xa case dous anos en curso? ¿Como se podía volver prever algo así? A prevención e a cautela son receitas do BNG, efectivamente. O Partido Popular adoita facer moitas veces mofa destas nosas consideracións. Xa o advertimos novamente en setembro neste Parlamento, en com-



parecencia, en comisión do conselleiro de Educación, mais o conselleiro, aínda así, teimou na certeza absoluta de que estamos nun perfecto curso en tránsito cara á normalidade. E negou a necesidade de facer calquera mudanza, neste curso actual, para así seguir xustificando e avalando a súa reiterada e propositiva política de recorte e de eliminación de prazas docentes nos nosos centros educativos.

Velaquí, logo, que estamos nun escenario entre interrogantes no profesorado, no alumnado, nos equipos directivos, nas familias, no inicio deste segundo trimestre, en que se agravan —non podía ser doutra maneira— os problemas xerados xa desde o comezo deste curso: falta de planificación, aulas masificadas, sobre todo nas cidades —confío en que non se volvan outra vez aquí reiterar esas ratios sesgadas coas que habitualmente pretenden confundir a sociedade—; falta de profesorado, por unha absolutamente ineficaz xestión das baixas; deixamento de funcións da Xunta de Galiza, que delega toda a responsabilidade sempre nos outros, ou nas familias ou no profesorado ou nos equipos directivos, ou en Madrid —que cadra un pouco máis lonxe, pero soa mellor—... Conclusión: caos de novo na xestión da pandemia nos centros educativos.

Mais, ¿como non?, a solución sempre acaba por chegar, e a palabra volve outra vez: o protocolo, ou máis ben protocolos sucesivos; sen guía, iso si, para non nos perder entre uns e outros e saber o que en cada momento temos que facer. Total, mentres protocolo vai e protocolo vén, os equipos docentes deixan de falar do verdadeiramente importante: da coordinación pedagóxica, da atención á diversidade, do reforzo da atención tutorial, do seguimento dos plans de prevención de suicidio, que están cada día máis presentes na actuación educativa diaria. Ou, ¿como non?, de intentar despistar sobre esa capacidade innata e persistente do Partido Popular para reducir profesorado un ano máis.

E todo isto nun segundo ano de pandemia inzado de vulnerabilidade sanitaria e, sobre todo, de desequilibrio social, económico e tamén emocional nos nosos centros educativos. O caso era non falar este Nadal do verdadeiramente importante, insisto: de como imos poder efectivizar, coas máximas garantías, a presencialidade, algo que nunca foi posto, por suposto, en entredito. Porque se algo nos aprendeu a pandemia —e de verdade que dou fe— é que a casa non é unha escola e que un computador, por moi bo que sexa, non substitúe un docente. (Aplausos.) A negativa da Xunta a manter os desdobramentos tan exitosos conseguidos no curso pasado, a negativa da Xunta a estender máis alá de decembro os contratos do profesorado «Arco», inicialmente para o primeiro trimestre escolar, pero que na súa maioría chegaron aos centros ben andado xa o mes de novembro, a decisión de reducir ou de anular os nomeamentos de substitución de profesorado durante todo o mes de decembro, deixaron centos de alumnos e alumnas sen a correcta atención; e, por suposto, a organización dos centros educativos no caos, e mesmo rompendo esa blindaxe que sempre se nos dicía que tiñan que ser os grupos burbulla. Porque ben saben —creo que deben saber— que, unha vez que falta un profesor ou unha profesora nunha aula, ese alumnado é atendido durante todo o día por diferentes profesores e profesoras; polo tanto, esa consideración protectora do grupo burbulla desaparecía absolutamente.

O chamado a ser curso de transición —en palabras do conselleiro— está a ser, efectivamente, o curso de transición acelerada cara a ningures e a porta de entrada ou unha nova



porta de entrada a ese non lugar que é a devaluación sistémica do ensino público galego. O Partido Popular entendeu que o Nadal era un tempo de vacacións para a Consellería de Educación, e no canto de se anticipar á problemática, que viamos como ía medrando día a día e que inevitabelmente ía repercutir na volta á escola en xaneiro, seguiu facendo coma de quen, instalado no país dos biosbardos e dedicando o seu tempo a pedir-lles aos demais os deberes feitos, a poder ser do Estado —que bastantes responsabilidades tamén terá—; recoñecendo, en definitiva, a súa incapacidade ou a falta de vontade para asumir as competencias en educación que lle son propias, e ademais exclusivas.

O que estamos a vivir son as consecuencias das decisións adoptadas no principio de curso xa: reducir a distancia física, ampliar as ratios de alumnado, demorar a protección da saúde, cun atraso inxustificable na repartición xeral de máscaras no ensino —especificamente, das FFP2 para o persoal coidador, para os mestres e mestras de educación infantil e para o profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe—, a desinformación para as familias e o caos na xestión das baixas docentes, o desconcerto coas indicacións do rastrexo de casos e as decisións que se deben adoptar en cada momento ante os contaxios e os contactos, o descoñecemento do seguimento do Plan de ensino virtual do que tanto faláron para o alumnado, a partir do momento en que é confinado de forma individual ou ben no momento en que se pechan as aulas, e o descontrol, a incerteza e a excesiva burocracia que non conduce cara a ningures —repítenos o profesorado—. Fin da representación.

A maior incidencia da pandemia, menor dotación do profesorado. A Xunta non muda a súa estratexia de reducir profesorado, nin de reducir orzamento —xa o volvemos ver nos orzamentos do ano 2022— para facer fronte á pandemia; unha irresponsabilidade que estamos a pagar, convertendo as escolas nun caos que retumba dobremente na vida das familias; colocando sempre, iso si, o profesorado como o escudo da mala administración. A experiencia adquirida na xestión da pandemia nestes dous anos debería primar a revisión da organización escolar de forma inmediata, achegando recursos humanos e materiais que impidan sobre todo que máis unha vez o virus da ignorancia, da desatención e da exclusión educativa se asente na sociedade galega. Non esquezamos, por favor, as conclusións do recente estudo da Universidade de Vigo, que confirma —si, confirma— e avala o abandono do alumnado en risco de exclusión durante a pandemia.

Comprometer do Goberno a dotación de suficientes recursos humanos e materiais para atender con garantías sanitarias e educativas quer o ensino presencial, quer o virtual, en casos de peches de aulas ou confinamentos parciais do alumnado, é o que demandamos desde o BNG con esta proposición non de lei e que agardamos conte co voto favorábel dos dous grupos parlamentarios.

Obrigada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Queixas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para posicionarse sobre esta proposición non de lei, é a quenda do Partido Socialista. Ten a palabra o señor Álvarez Martínez.



O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señora Queixas, alégrome de que vostedes repitan con esta iniciativa unha que o Grupo Parlamentario Socialista trouxo ao Pleno desta Cámara nada máis e nada menos que o día 26 de xuño do ano pasado; é dicir, hai practicamente sete meses. Naquela iniciativa pediamos que a Xunta de Galicia mantivese para o curso 2021-2022, cando menos, o mesmo número de docentes que no curso actual —é dicir, o curso anterior—, con independencia do incremento que derivase da ampliación de oferta educativa. Nese sentido, evidentemente, os argumentos que se esgrimían naquel momento seguen sendo idénticos aos deste momento. Creo que garantir a presencialidade no sistema educativo é un obxectivo compartido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e polas distintas comunidades autónomas —a Xunta de Galicia, evidentemente, incluída—, e sobre iso non teño a máis mínima dúbida.

Todos os que coñecemos o mundo da educación sabemos das dificultades que vostede citou na súa intervención sobre a activación do ensino virtual; dificultades que se dan en moitísimos ámbitos. Evidentemente, púxose de manifesto esa brecha dixital que supoñiamos que existía, pero que mostrou a súa faciana máis dura cando o alumnado —e o profesorado tamén— tivo que pasar a un ensino virtual. Como vostede di, un ordenador, por moi bo que sexa, non vai substituír nunca un docente; unha boa plataforma, por moi boa que sexa, non vai substituír nunca o ensino presencial, e, polo tanto, múltiples dificultades: dotación, acceso á rede, dificultades nos propios alumnos, certo grao de analfabetismo dixital nunha xeración aparentemente nativa dixital e tamén dificultades por parte do propio profesorado para enfrontarse a unha situación novidosa. Polo tanto, houbo un esforzo impresionante no curso anterior por parte de toda a comunidade educativa para facer fronte a esa situación.

Pero tamén estou convencido de que hai unha verdadeira vontade de facer dos centros educativos espazos seguros. É certo que iso dificilmente casa cunha redución de profesorado que é neste momento absolutamente innegable e que nin o propio Partido Popular cuestiona. E digo que nin o propio Partido Popular cuestiona porque, pese á cerimonia da confusión á que asistimos na comparecencia do señor conselleiro ao inicio deste curso, en setembro do ano pasado fomos quen, despois de desentrañar —non sen certa dificultade— o que se nos estaba a dicir, de, en primeiro lugar, ver que o conselleiro utilizaba como referente para xustificar un aparente incremento un curso prepándemico, o curso 2019-2020. E aí dicían que había un incremento con respecto a ese curso. E, claro, se damos por superada a pandemia e a súa incidencia nos centros educativos, creo que estamos errando absolutamente en todo o que fagamos a continuación, porque estamos asumindo como axioma algo que non é certo.

Polo tanto, partindo dese sistema axiomático inconsistente, atopámonos con esta situación. Atopámonos con que se reduciron, con respecto ao curso anterior —e falo do curso pandémico—, nada máis e nada menos que 453 profesores. E a Consellería intentaba dicir que había un incremento, con respecto ao curso 2019-2020, de 220 mestres e de 625 de educación secundaria; iso si, sacaban peito de que, deses 625, 110 eran para facilitar o tránsito cara a unha dixitalización coherente dos centros educativos. Pero, claro, ¿cal é o problema?



Todos sabemos que eses 110 docentes que se contrataron para reforzar a dixitalización non dan clase e, polo tanto, non deberan computar para efectos de dicir que temos máis docentes nas aulas. E nos orzamentos deste ano que se acaban de aprobar recentemente nesta Cámara hai 868 profesores menos. Aquí, evidentemente, sei que estou a perder o tempo, tempo digno dos dignos membros desta Cámara, porque teño visto ata a saciedade o meu compañeiro Julio Torrado falar dos orzamentos, falar da redución na atención primaria e de que por parte do Goberno se negue que existe esa redución. Polo tanto, se os orzamentos son mentira, podíamos aforrar moitísimo tempo na súa tramitación, moitísimas horas de lectura e dicirlle ao Goberno: mire, faga vostede o que considere, que para iso ten unha maioría absoluta parlamentaria suficiente.

Pero detrás desa redución existente nos orzamentos e na realidade dos centros, sabemos o que hai, sabemos que hai agrupamentos dificilmente defendibles de alumnado de educación infantil e primaria, sabemos que hai redución da oferta en educación secundaria, sabemos que hai dificultades, cando non unha quebra absoluta, dun principio mínimo de igualdade, porque resulta que un alumno de Becerreá non pode estudar francés porque non hai o número suficiente de alumnos. ¿Para que vai estudar francés un alumno de Becerreá? ¿Que necesidade tes? Con galego, castelán, e algo de inglés, ¡malo será que non amañes!, pero o francés tamén é necesidade. Esta é a realidade que temos detrás de todas estas cifras ás que acabo de facer referencia.

Nunca, nunca se vivira un inicio de curso tan crispado con respecto á oferta e ao agrupamento de alumnado, e iso é consecuencia evidente desa redución de profesorado que nós pediamos que non se levase a cabo xa —como dicía antes— no mes de xuño do ano pasado.

Xa sei que non lles vai gustar, pero son cifras —e eu non me canso de repetilo, sen éxito ningún— da propia Administración, son datos da propia Consellería de Educación. Pero o certo é que ese endemoniado artilluxio político que resultou ser o Goberno bipartito tiña, no ano 2009, 1.439 docentes máis que neste momento, cousa parecida á dos médicos. Bueno, esta é a realidade. ¿Que se podía evitar? Si. ¿Que o Goberno da Xunta de Galicia tiña recursos económicos suficientes para que esta situación non se producise? Tamén. ¿Que non quixo? ¡Obvio!

En consecuencia, eu creo que a súa iniciativa —mal que nos pese a vostedes e a nós— está abocada a fracasar. Pero hai unha cousa que si lle quería matizar con respecto á súa argumentación e con respecto á súa iniciativa. É certo que vostedes rexistraron a iniciativa o día 2 de decembro do ano pasado. É certo que nese momento empezabamos a atisbar en certo modo cal podería ser a gravidade desta sexta onda do coronavirus. E é certo que xa se oían algunhas voces que dicían que nos estabamos enfrontando a unha parede vertical —utilizando o símil para interpretar as gráficas de incidencia desa pandemia na sociedade—. Pero a min non me gusta —e dígollo desde o respecto— que se traslade a sensación de que os centros educativos de Galicia e do resto do Estado son lugares inseguros desde o punto de vista sanitario, que son lugares onde hai uns contaxios masivos. E digo isto porque, se acudimos ás cifras públicas ás que vostede fixo referencia, podemos constatar que, se efectivamente o día 11 de xaneiro había 13.891 casos activos nos centros educativos —que viñan supoñendo o 22,1 % de toda a comunidade infectada—, unha semana despois se reducían a 10.453 —polo que porcentualmente baixaban ata o 13,3 %—.



É certo que hai máis aulas pechadas, pero iso tamén pode ser consecuencia —digo eu, porque non o sei— da propia aplicación dos protocolos, xa que, como vostede sabe —igual ca min—, cando en aulas de pequeno tamaño hai un 20 % de alumnos infectados, automaticamente se activa o protocolo e esa aula se pecha. Digo que pode ser unha explicación, porque o número de casos é considerablemente inferior. Digo isto porque me parece importante que non sementemos a impresión de que os centros educativos son lugares onde se producen contactos de forma masiva. É verdade que son centros onde se leva a cabo unha convivencia moi estreita durante moitísimas horas ao día entre profesorado e alumnado, e tamén é certo que o profesorado e o alumnado sofren as consecuencias —sobre todo nestas últimas semanas— de temperaturas absolutamente indecentes desde o punto de vista de estar alí dando clase. Pero creo que fraco favor lle facemos á sociedade se trasladamos que nos centros educativos existe un risco adicional nestes momentos, porque creo que os datos, obxectivamente, tampouco o acreditan.

Dito o cal, evidentemente, nós —con este matiz que lle acabo de facer sobre esa observación— imos apoiar esta iniciativa, porque coincide coa que o noso grupo defendeu, como lle dicía, hai sete meses.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Álvarez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A continuación, polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, moi boas tardes.

A verdade é que, se tanto coinciden o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, tamén ben puideron aproveitar esta PNL para reclamarlle ao goberno de Pedro Sánchez os 90 millóns de euros que lle recortou ao sistema educativo galego neste curso anulando a orde de axudas do fondo covid para a contratación de profesorado. *(Aplausos.)* E, evidentemente, fronte a ese recorte, a Xunta de Galicia aporta 140 millóns de euros extra, adicionais, neste curso 2021-2022 para o sistema educativo, para mellorar as medidas e tamén para a contratación do profesorado. Polo tanto, esta é a realidade, aínda que xa sei que a vostedes non lles gusta.

Miren, desde o inicio do curso a prioridade da Xunta sempre foi adoptar medidas, tanto urgentes como ordinarias, para combater os efectos da covid, sempre tendo en conta a evolución e tamén as características do virus. E as medidas adoptáronse tendo en conta o traballo dos expertos no Comité Clínico e tamén no marco de coordinación coas comunidades autónomas. Para reforzar este traballo Galicia tamén activou un comité educativo.

Esta PNL, ao final, non vén máis que a reiterar as críticas de sempre, as mesmas de serie, que repiten, evidentemente, o mesmo repertorio. Tanto é así que o Bloque Nacionalista Ga-



lego reproduce as mesmas que o sindicato de cabeceira, a CIG-ensino, no inicio do curso, sen ter en conta nin a evolución nin as características da pandemia neste momento. E cando a incidencia da covid aumenta na sociedade en xeral tamén sobe, evidentemente, o número de positivos vinculados á comunidade educativa. Así é. E a verdade é que vostedes son moi exixentes coa Xunta de Galicia pero os verdadeiros recortes aos que está sometido o sistema educativo son os perpetrados polo Estado, e co silencio cómplice do BNG, señora Queixas. Porque, ademais, hai que destacar que a educación non é unha competencia exclusiva das comunidades autónomas, que é unha competencia compartida. ¿Ou é que vostede non coñece a Lei de educación, na que se definen as ratios que hai no sistema educativo —que hai que cambialas por lei—? E, se se cambian por lei, hai que financiarlas. A última lei, a LOMLOE, non as cambiou porque había que financiarlas. E o Estado non quería financiarlas. É o responsable de financiarlas; polo tanto, mala desculpa vén traer vostede aquí polo tema das competencias exclusivas da Xunta de Galicia.

Pero, miren, son 90 millóns de euros, porque o Estado non convocou a orde de axudas neste curso. E, polo tanto, dáme a impresión de que vostedes presentan aquí esta PNL para, dalgunha maneira, lavar a cara polo lamentable silencio que vostedes tiveron fronte a este recorte. Porque vostedes non dixeron absolutamente nada, vostedes estiveron absolutamente caladiños —e o seu sindicato de cabeceira exactamente igual— cando protestaron todos os presidentes autonómicos —mesmo os do Partido Socialista—, cando protestaron todos os sindicatos habidos e por haber no contexto do ámbito educativo en España. Vostedes, efectivamente, non dixeron nada porque pouco lles importaba que o Goberno do Estado castigase a Galicia e, sobre todo, porque os datos están moi claros: no curso 2020-2021 houbo 162 millóns de euros adicionais para manter o sistema educativo, 82 deles postos pola Xunta de Galicia e 82 polo Goberno de España —que aí nese ano si que estivo comprometido—. Pero é que no curso 2021-2022 hai 140 millóns de euros adicionais postos pola Xunta de Galicia; e o Estado, cero, ¡cero euros! Cero euros postos polo Estado e 140 millóns de euros integramente aportados pola Xunta de Galicia.

Polo tanto, é evidente que vostedes son moi exixentes coa Xunta pero nada exixentes e nada reivindicativos co Goberno do Estado. Vostedes son cómplices, son cómplices do Goberno do Estado. E gustaríame que na segunda intervención nos explicase ese silencio cómplice.

Efectivamente, aquí falouse de que o 26 de xuño nesta mesma Cámara houbo unha PNL que se debateu. Pero tamén lles digo que ben puideron vostedes apoiar a emenda presentada polo Partido Popular na que estabamos de acordo en manter o mesmo número de docentes neste curso, sempre que se mantivesen as medidas hixiénico-sanitarias por parte das autoridades sanitarias, e en que o Goberno fixese efectiva a achega de recursos específicos do fondo covid educativo para poder destinar á contratación. E é evidente que isto vén certificar que vostedes o 26 de xuño xa sabían que o Estado ía recortar este programa e non ía convocar esa orde de axudas tan necesaria para o sistema educativo.

Evidentemente, aquí falouse de datos, así é. E eu concordo perfectamente co Partido Socialista. As clases remataron o 22 de decembro con tres mil contaxios na comunidade educativa e retomáronse o 10 de xuño con trece mil contaxios. Polo tanto, isto acredita que non se contaxia no sistema educativo. Creo que falta un pouco de rigor, señora Queixas. Non é serio



vincular o incremento de casos coa falta de profesorado, porque se está aplicando o mesmo protocolo que no curso pasado. E non se pode mezclar unha reivindicación sindical a custa de xerar un estado de alarma nun ámbito tan sensible como é o educativo.

Non se soluciona todo con máis profesores, que é a receita máxica que teñen vostedes sempre. Neste caso soluciónase con máis vacinas, e é así, está máis que acreditado. Galicia é líder en vacinación infantil. O 81 % dos nenos e nenas de 5 a 12 anos teñen polo menos unha dose. É tamén como o que aconteceu cos traballadores tras o Nadal —ao que fixo vostede referencia, señora Queixas—, que houbo un incremento de baixas laborais.

E no tocante aos profesores de baixa a Xunta estableceu un sistema exprés para cubrilos coa maior axilidade posible, de maneira que se puidese dar resposta ao sistema educativo. ¿Como que non houbo planificación? ¡Claro que a houbo!, e cubríronse esas baixas —1.900 baixas nun tempo inmediato, na primeira semana do curso á volta do Nadal—.

Polo tanto, estamos nun momento de certa normalidade, pero tampouco se pode baixar a garda. Estamos a unha semana despois do Nadal e podemos dicir, dentro da situación excepcional, que está funcionando o sistema educativo, que se está garantindo a presencialidade. Galicia encarou esta volta cunha planificación e, desde logo, co feito de ser líder en vacinación infantil, co feito de anticiparse aos problemas. A Xunta puxo á disposición de todas as familias test gratuítos para todos os nenos de 5 a 11 anos, para garantir así unha volta ás aulas máis segura. Pero tamén se enviaron test de antíxenos en saliva para os centros educativos. Os protocolos sanitarios levan funcionando durante meses e estanse cumprindo. E desde logo que toda a comunidade educativa ratifica que os centros educativos son espazos seguros.

Os protocolos e as medidas preventivas non variaron neste curso con respecto ao curso pasado en infantil e primaria. Polo tanto, a verdade é que, se algo variou, efectivamente, foi ese protocolo de xestión dos tempos que, efectivamente, chegou unha vez que xa se iniciara o curso escolar, que, dende logo, ben puido chegar antes, porque nin houbo fondos extra nin o protocolo de xestión a tempo no momento no que comezou o curso.

Vostedes plantexan tres puntos nesta PNL.

O primeiro é adoptar con carácter urxente as medidas necesarias para evitar o incremento dos casos covid. Están adoptadas e están adoptadas consensuadas na comisión intersectorial do 27 de agosto, e están renovadas tendo en conta a comisión intersectorial do 4 de xaneiro deste mesmo ano. Polo tanto, e a modo de cortalumes, puxéronse á disposición instrumentos de detección do virus, como acabo de dicir, para a poboación infantil: os test en farmacia e os test de saliva en centros. Pero, non sei, diga vostede despois aquí na segunda intervención cales son para vostedes as medidas necesarias, faga vostede a proposta. Espero que sexa máis acertada que as que fixeron no curso pasado, porque tanto dicían que había que pechar o sistema educativo por completo como pouco despois se manifestaban para que houbera unha presencialidade total no sistema educativo. Polo tanto, hai que ser serios, hai que ser rigorosos. A Xunta de Galicia esta sendo e, polo tanto, é o traballo que corresponde.



No punto 2 falan vostedes de dotar os recursos necesarios para garantir o ensino. Xa están dotados aínda que vostedes digan que non, aínda que se negase o Goberno do Estado a poñer máis fondos, aínda que rexeitasen a emenda presentada polo Partido Popular para que se garantisen os fondos para a contratación do profesorado. E fronte a iso, 140 millóns de euros; é dicir, un 40 % máis de incremento do fondo de reserva de garantía educativa para blindar os centros educativos.

E efectivamente que do profesorado, señor Álvarez, vostede se olvidou de dicir unha cousa. Quero dicir que falou de 1.400 profesores máis pero non falou do número de alumnos. E iso tamén o hai que ter en conta, porque os datos do Estado din que Galicia é a comunidade de España que máis alumnos ten. Polo tanto, esa é unha realidade... Perdón, é a que máis profesores ten con respecto ao seu número de alumnos —conxuntamente con Extremadura—. E esa é unha realidade. Eu xa sei que a vostedes ese dato lles molesta, pero é o que hai. É así, e non o dicimos nós, que o di o propio Estado.

Polo tanto, en definitiva, o sistema público está funcionando. Estamos nun curso excepcional. No pasado contratáronse 2.300 profesores. Neste curso están á disposición 2.095 profesores. Hai un cumprimento estrito do protocolo.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Hai 140 millóns de euros adicionais, 1.900 baixas cubertas nun tempo récord, e temos o dobre de vacinación infantil respecto da media de España.

Son datos que acreditan, desde logo, a preocupación deste partido político, deste grupo parlamentario e tamén da Xunta de Galicia polo sistema educativo. E máis ben dá a impresión de que noutros casos se preocupan máis por politizalo e por denigralo.

Máis nada, presidenta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Rodeiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para pechar o debate desta proposición non de lei, polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, señora presidenta.

Transmíttolle o meu agradecemento ao voceiro do Grupo Socialista por aceptar e por aprobar esta proposición non de lei. Evidentemente, os dous sabemos que os centros educativos son microsociedades; polo tanto, non poden ser alleos ao que sucede de portas para fora. Máis ben sabemos que aí se amplifica e se multiplica todo o que acontece na sociedade, sexa visible ou incluso invisíbel. Polo tanto, en absoluto hai ningún tipo de pensamento nin de



intencionalidade de transmitir que os centros son inseguros, en absoluto, estamos completamente de acordo. Estou segura tamén de que estamos de acordo en que serán máis seguros cantas máis medidas de seguridade e de prevención se poñan. E iso foi o que perdemos —vostede sábeo igual ca min— neste curso, porque se cedeu precisamente nesa protección que no curso pasado se viu que funcionou perfectamente.

O que si aseguro é que cada día compañeiros e compañeiras de zonas diferentes, de centros educativos diferentes, do que me falan é das dificultades, das incertezas, e sobre todo da comunicación entre o Sergas e o seu centro de traballo. Iso é o que é unha realidade. E é absolutamente innegable.

E, señor Rodeiro, eu entendo que debe ser moi difícil defender aquí nesta tribuna algo no que ou ben non se cre ou ben non se coñece realmente dunha forma interna. Debe de ser moi difícil, non lle arrendo a ganancia. Calquera diría que, para vostedes, á vista da súa intervención, a educación é unha carga, é unha suma de números e números que simplemente se converte nunha carga. Ás veces dá un pouco esa sensación cando o escoitamos.

E, ademais de falar de números, eu vou falar de persoas, vou falar do que está pasando coas persoas e do que necesitan as persoas. ¡Vostede o dixo!: o virus circula igual, efectivamente, e por iso rebaixamos as proteccións. ¿Esa é precisamente a forma de actuar, a forma de previr e de planificar correctamente por parte da Consellería? Iso é o que nós preguntamos.

Dá a impresión, pola súa intervención, de que fixo aquí unha lectura adaptada dun informe que tamén podería ser «O ensino en tempos da pandemia» —se se me permite parafrasear o título de García Márquez—. Pero creo que esqueceu algúns capítulos.

A xestión da pandemia en cifras. Aquí falouse de cifras, de 13.000 casos covid a 10 de xaneiro para empezar o curso, de case 1.000 profesores e profesoras menos nos centros educativos —dino os orzamentos do ano 2022—. Efectivamente, perdemos demasiado tempo para agora dedicarse o Grupo Parlamentario do Partido Popular a negalos. Pero están aí, están aí e é o que hai.

Outro capítulo é a xestión da pandemia en modo improvisación ou a incapacidade para a prevención. ¿Cando mantiveron vostedes unha reunión informativa para, precisamente, dar traslado ás organizacións sindicais —¡que menos!— sobre como se ía actuar neste curso? O 10 de xaneiro. Non se fai nada ata o primeiro día de comezo de curso. A iso chámase prevención e planificación ordenada, segundo a teoría do Partido Popular.

Sobre a contratación de profesorado substituto, claro que si, houbo moitísimos problemas. Teño que recordarlle —porque vostede o esqueceu— que as listas de substitucións de infantil e primaria, por exemplo, estaban sen actualizar até onte mesmo, e algunhas especialidades chegaron a encontrarse practicamente sen persoal para cubrir as substitucións simplemente por unha incapacidade de actuar correctamente dende a Xunta de Galiza. Non foi capaz de actualizar as listas de substitucións en infantil e primaria até onte, cando as oposicións remataron a finais do mes de xullo. A iso chámase planificación e tamén anticipación. A súa capacidade de anticipación é simplemente cando lles interesa para dar un titular contra Ma-



drid. Iso é o único que lles interesa. Cada esforzo que fan vostedes no Partido Popular para buscar un titular contra Madrid o único que fai é reforzar a incapacidade de actuar aquí a favor dos galegos e das galegas. Iso é o que estamos perdendo continuamente coa súa teima en mirar e en acusar a calquera, Madrid incluído.

E o terceiro capítulo que esqueceu, polo tanto, é a xestión da pandemia madrileña. Polo visto, o problema para gobernar ben o ensino e a educación galega é o Estado, é Madrid: os protocolos son confusos, son cascadas baleiras, son de dificultísima implementación nos centros... Pois, mire, se o problema é Madrid, xa o saben, xa llelo dixemos no BNG: máis soberanía. Fixo a nosa compañeira Olalla Rodil un «tema un», unha *lesson one*, (*Aplausos*.) dunha lección maxistral de nacionalismo para *dummies* que, cando queiran, poden empezar a aplicar.

Os galegos e as galegas o que acaban de ver agora é —á parte dunha soberana mala educación por parte da bancada da dereita, do Partido Popular, que non me permite falar con tranquilidade— que este «non» que xa anunciaron a esta proposición non de lei do BNG é simplemente ir en contra do ensino galego, é negar unha maior calidade educativa, unha excelencia educativa para o ensino galego. Van votar en contra a dotar os centros dun maior número de profesorado, van votar en contra de ampliar as ratios, porque a LOMLOE marca —non o esqueza señor Rodeiro— ratios máximas. Nada impide que vostedes poidan rebaixar esas ratios.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUIEXAS ZAS: O seu «non» é, en definitiva, a ter capacidade e a defender as súas competencias, a prever e a rectificar nunha situación de desamparo neste momento do profesorado e das familias. Están a coaccionar o ensino directamente tensionando até o máximo a vida académica, a vida convivencial e a vida emocional nos nosos centros de ensino. E iso significa claudicar da súa responsabilidade.

Remato xa, señor presidente.

Queda claro que no Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...cando enchen a boca facendo esforzos por pronunciar con sotaque anglófilo ese Next Generation, en absoluto pensan que acreditar na nova xeración de galegos e galegas comeza por priorizar a calidade educativa sempre...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ... e máis aínda nunha pandemia sanitaria como a que estamos vivindo. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa actual situación da cadea de produción, obtención e comercialización da carne de vacún

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (11/PNP-002371, doc. núm. 26163)

Emenda de adición.

Débase engadir estes puntos na proposición non de lei que quedarán redactados co seguinte contido:

«1. Elaborar un Plan estratéxico de viabilidade para o 2022, centralizando as axudas directas do PDR nas explotacións de carne en base a vacas nodrizas, tanto as destinadas a zonas de montaña como as agroambiental.

2. Posibilitar un anticipo das mesmas que permita aos produtores de carne de vacún ter acceso a estes ingresos no primeiro trimestre do 2022.

3. Implementar un Plan de Dinamización da tenreira galega fora de Galicia e un Plan de Revalorización da tenreira suprema para convertela no buque insignia da comercialización da carne de tenreira galega e conseguir que teña o recoñecemento económico por parte do consumidor que a súa calidade merece».)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Elena Candia López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que no marco do proceso participativo, que se esta a desenvolver co conxunto dos axentes implicados na elaboración da estratexia do sector cárnico galego, se manteña do xeito mais inmediato posible, unha xuntanza cos representantes dos tres grupos parlamentarios galegos co fin de valorar as súas propostas de cara a mellorar a situación xeral do sector gandeiro galego».)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.



Dicía que o abandono do rural e a desconsideración que desde as diferentes administracións se ten para con el, podería ser o tema a tratar hoxe. Nos anos setenta un xato pagábase ao equivalente de hoxe de 6 euros, cincuenta anos despois, a primeiros do 2020, andaba polos 5. E como chegou a pandemia pois houbo que baixar o prezo. Hoxe non chega a 4,70 euros. Razón que teña peso non hai ningunha, como non sexa o capricho da distribución, en primeiro lugar, e logo o da industria. Unha vez máis, eles son os amos. Mercadona, Carrefour ou Eroski marcan prezos e din ata onde se pode chegar, tanto en vacún como en porcino, aves e coellos. E a situación volveuse insostible. Claro que, para quen non teña corazón, non hai problema. ¿Pechan as pequenas e medianas explotacións familiares en extensivo ou en semiintensivo? Pois que marchen axiña e que non dean a lata. No canto de cada unha que peche, en apenas cinco ou seis ferrados montamos un cebadoiro de 800 cabezas, de 3.000, de 10.000 e non necesitamos terra que o sosteña, porque os insumos traémolos en barcos desde Brasil, Arxentina, Estados Unidos, porque xa botaremos os xurros onde poidamos, e, se non, como temos influencia, xa nos montarán unha industria de xestión dos puríns, que produce gas e fertilizante, seica, de última xeración. Todo isto despois de crear a necesaria tensión eutrofizando augas, saturando con nitratos e fosfatos terras de labor —e as que non son de labor pois tamén—. Porque aquí quen diseña e planifica a gandaría industrial, as macrogranxas, son as industrias e a distribución, e con absoluta liberdade e alegría.

Pola contra, a gandaría extensiva, esa, a nosa, de xeito natural, esa que ocupa territorio e que o xestiona, esa que fixa poboación, esa que combate o lume consumindo biomasa, esa que produce carne de primeira en sabor e calidade, esa que non encerra os animais en colmeas cos antibióticos preventivos necesarios para que non enfermen, esa que, sen lei de benestar animal, xa os trataba coa atención e o respecto debido, esa que está ao nivel de Inditex ou Citroën en volume de postos de traballo, si, esa, non recibe atención, non recibe a atención que si reciben estas factorías. Son arredor de vinte mil granxas en extensivo, as máis delas con gando do país nas súas diferentes razas —rubia, limiá, caldelá, cachena—, dependendo dos gustos e da calidade dos pastos —unhas máis exixentes e outras máis sufridas—.

Unha boa parte desta carne de vacún, cunha calidade consolidada, comercialízase baixo o selo da IXP Ternera Gallega, que conta con case 8.000 explotacións que dependen prioritariamente desta actividade. Trátase dunha produción sustentable de recoñecida calidade nos mercados galegos —un 50 % deste mercado—, estatais —un 45 %— e internacionais —un 5 % do mercado—. Hai 20.000 explotacións repartidas por todo o territorio, con especial atención a zonas deprimidas e de montaña. Son preto de 50.000 postos de traballo directos. Non son unha macrogranxa de traballadores, son familias con proxectos de vida independentes, espalladas e apegadas ao territorio.

Pero non nos desviemos. Mentres os custos de produción aumentan desorbitadamente —nun cálculo provisorio poderíamos andar sobre unha forquita de 50 céntimos/quilo ata 1 euro/quilo en suba de custos—, o prezo por quilo, pola contra, baixouno o produtor temerariamente —a última redución foi de 40 céntimos/quilo—. Señorías, a fins do 2019, antes da pandemia, a 5 euros por quilo/canal xa non cubría custos de produción, e baixárono a 4,40 e 4,50. E botáronlle a culpa a Horeca e conxelaron carne. E este ano de 2021 saíu toda ao mercado. ¡E máis houbera! Pero o prezo ao produtor non se moveu. O prezo final si, o que cobra a distribución, si; o que pagamos os consumidores, si, ese si subiu. E «eu non



teño culpa», e «eu non teño competencias», e «é que me apertan moito», e que «o libre mercado non se pode intervir»... Todos os responsables miran para outro lado e o sector esganado a punto de quedar sen aire que respirar. E todo dios se erixe en defensor do rural e organizan manifestacións de protesta que ofenden, como a de Madrid de antonte, 23, domingo. E participan dende o señorito andaluz montado en jaca jerezana que cobra a PAC por testamento de papá ata criadores de galos de lea vidos do outro lado do mar. Todo vale en período electoral, e as macrooperacións políticas partidarias. E en Galicia tamén, loas e loanzas son gratis, pero a situación xa non lles dá para máis.

Unha actividade que é unha primeira liña de combate ao lume, unha verdadeira dixestora de biomasa en prevención do coidado do monte e da xente, que ademais ten como resultado un produto de primeira calidade e que mantén un rural transitible naquelas zonas deprimidas e de montaña, non merece a marxinação á que se ve sometida desde hai xa tempo. Lembren que nestes últimos case trece anos nin o Goberno pestanexou a favor do campo con medidas estruturais de calado e de fondo. O coronavirus foi utilizado polas industrias e a distribución para impoñer unha baixada xeneralizada dos prezos ao produtor que logo converteron en crónica pasado o período máis restritivo da pandemia.

Van sendo horas de que a Consellería do Medio Rural se comprometa, como órgano e administración competente, para velar polo cumprimento da obrigatoriedade do prezo pactado entre produtores e o primeiro comprador, que como mínimo ten que cubrir os custos de produción. Para isto debería constituír unha comisión técnica de avaliación co fin de actualizar estes valores para cada orientación produtiva no ámbito galego. É necesario e urxente que a Administración revise á alza todos os prezos e asuma o labor de valorar obxectivamente os custos de produción establecendo índices de referencia, arbitrando espazos de diálogo e negociación entre os selos da cadea agroalimentaria e garantindo así o cumprimento da lei. Porque a primeira obriga dun goberno debe ser velar polos seus sectores produtivos, pola súa boa saúde, produtiva e económica, e pola súa sustentabilidade. De non existir solucións reais a esas problemáticas a curto e longo prazo, moitas destas explotacións veranse abocadas a pechar. Cómpre, polo tanto, loitar en todos os ámbitos por conseguir unhas melloras que permitan asegurar unha continuidade no tecido produtivo primaria futuro. É obriga que compete tanto á Xunta de Galicia como ao Goberno do Estado; á Xunta, porque ten competencias dabondo como para exercer ese labor de arbitraje de mellora das condicións e expansión dos sectores de produción de carne en extensivo; e ao Goberno do Estado, porque a Lei da cadea alimentaria está coxa e non serve máis que para contentar ilusos, aledar as presións dos *lobbys* cárnicos cos seus proxectos desertizadores e dotala dun instrumento que facilite o seu cumprimento sen enganar e deslealdades. Esa é a primeira demanda do rural en xeral deste noso país.

E, como medida de choque, establecer un programa de axudas directas ao sector gandeiro produtivo primario da carne de vacún en Galicia, activar esas axudas autorizando un pago adicional por becerro sacrificado vencellado a unha vaca nutriz, que permite equilibrar os prezos, ou ben facendo un pagamento directo por vaca nutriz ou por granxa, para deste xeito asegurar que se está a pagar directamente a quen cría os becerros, garantindo así a continuidade das granxas, moitas delas —repito— situadas en zonas desfavorecidas e de alta montaña; e, por suposto, sen deixar fóra as explotacións de menos de dez vacas, como xa fixeron.



Urxente é elaborar un plan estratéxico de comercialización dos produtos de proximidade e calidade a través de plataformas electrónicas e baixa a modalidade *on line* ou venda directa, coa necesaria formación e tendo en conta a idade de moitos destes gandeiros e gandeiras.

Señorías, estamos a falar do sector da carne de vacún, aínda que por extensión estamos a falar de produtos agrogandeiros en xeral, máis en concreto do sector da carne de vacún. Hai melloras urxentes para acompañar a necesaria expansión deste sector, un programa de estratexias na innovación tecnolóxica das nosas explotacións. Valla por exemplo: investigación en materia de novos produtos elaborados, envases con novas técnicas de conservación, busca de novos mercados exteriores, fomento da programación de partos, coa finalidade de desestacionalizar a produción e adecuala á demanda real. É preciso asegurar unhas condicións de viabilidade técnica e económica na incorporación de novos mozos e mozas á actividade gandeira.

Hai, señorías, un tema pendente e crucial que necesita dunha valentía política —que, polo que se ve, vostedes non teñen—. Este sector da carne de todo tipo (aves, cochos, coellos, pavos...), —falo do extensivo; repito: extensivo, porque o intensivo está copado e amarrado—, estes produtores reclaman dende hai tempo xa a creación dunha normativa hixiénico-sanitaria que permita que as granxas poidan realizar a venda directa que demandan. E tamén piden desde hai tempo a creación dunha rede de matadoiros comarcais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: ...como único xeito de dotar de valor engadido as granxas.

Para o sector, señorías, é cousa de vida e morte, ou morte; vostedes verán. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Seguimos co debate sobre a situación do sector da carne en Galicia, unha problemática pola que dende o noso grupo levamos meses presentando iniciativas, a última vez no primeiro pleno do mes de decembro, na que lle pediamos, sen éxito, ao Partido Popular que o Goberno tomara medidas urxentes para un sector que foi un dos máis golpeados pola crise do coronavirus, derivada do peche das canles de comercialización e restauración, pero que despois da dita crise non foi capaz de volver recibir uns prezos razoables pola carne que produce. Pero, por moita mensaxe de emerxencia que estea lanzando este sector dende hai meses, parece que non lle preocupa nada ao Goberno galego e tampouco ao Partido Popular.

Estou seguro de que, con esta actuación de gravidade, coas competencias que ten o Goberno galego, o Partido Popular virá aquí unicamente falar das declaracións do ministro Garzón



con respecto ás macrogranxas. E deixando claro que dende o Grupo Socialista consideramos errado dar unha mensaxe que poida poñer en dúbida a calidade da carne en España, que está suxeita a controis sanitarios dos máis exixentes do mundo, con todo, señores do Partido Popular, temos moito que debater sobre o fondo dos problemas deste tipo de instalacións, que poderían causar un gran dano ao noso sector en Galicia se fosen permitidas. Porque supoño que a instalación dunha granxa de máis de vinte e cinco mil cabezas en Soria, que podería producir como case catrocentas granxas medias en Galicia, con todos os problemas que xera de benestar animal e de xestión ambiental, non é o modelo que quere o Partido Popular en Galicia. ¿Ou é así, señores do Partido Popular?

Menos mal que o Goberno do Estado está desde hai tempo lexislando para prohibir este tipo de produción tan insostible. En Galicia non existen macrogranxas de vacún de carne, señores do Partido Popular, e temos que poñer en valor que aquí, precisamente, o sector cárnico está baseado en pequenas explotacións de extensivo, que, por certo, necesitan dun plan de dimensionamento para poder ter unha rendibilidade suficiente polo traballo que realizan.

Pero falemos de salvar o sector neste duro momento, porque sabemos como, unha vez máis, o Partido Popular, por vía dunha emenda presentada, volve confialo todo ao efecto máxico que terá a futura elaboración dunha Estratexia do sector cárnico, que ninguén sabe cando sairá e cantas explotacións chegarán vivas a que se implanten as medidas da dita estratexia. Todo un clásico do Goberno do señor Feijóo cando non quere facer nada: plans, estudos, estratexias, e ningunha medida concreta máis que poñer o foco no maligno, reencarnado na figura de Pedro Sánchez e o seu Goberno de comunistas.

Señores do Partido Popular, o sector cárnico e o de vacún levan tres décadas cos prezos conxelados e sen axudas públicas suficientes. Isto non o di o Partido Socialista, é o que denuncia a principal organización agraria en Galicia. Pero o curioso é que, no último ano, no conxunto do Estado español os prezos que os gandeiros percibiron pola carne aumentaron un 29 %, mentres que en Galicia o fixeron un 7,5 %, unha diferenza de máis de 20 puntos, e supoño que disto non terá culpa o ministro de Consumo, señor Tellado; algo terá que ver o que facemos ou deixamos de facer aquí en Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non o sabía, debería estar un pouco atento.

A realidade, mentres esperamos expectativas a esa estratexia magnífica para o sector cárnico, é que está en alto risco a viabilidade económica dunhas explotacións que producen unha carne de primeira calidade, baixo estritos parámetros de benestar animal, pero tamén desempeñan un papel indispensable desde o punto de vista da xestión do territorio, xa que o rural supón máis do 80 % do territorio galego; tamén contra a loita do abandono do rural, un impagable labor medioambiental e tamén un importante labor na loita contra os incendios forestais.

En Galicia hai unhas vinte mil explotacións de carne, das que oito mil están inscritas en Terceira Galega, e seis mil delas poden considerarse profesionais. O 32 % das mesmas atópanse en zonas de montaña e unhas dúas mil quingentas atópanse nas áreas máis despoboadas e avellentadas de Galicia, para as que esta actividade representa un motor económico e un factor de fixación de poboación imprescindible.



Os gandeiros de carne de vacún galegos están a vender hoxe o seu produto por menos do que lles custa produci-lo. O custo medio de producir un xato hoxe supera os 150 euros ao de comezos do ano pasado, e os animais estanse a vender polo mesmo prezo de hai vinte anos. Producir un quilo de carne custa arredor de 5,50 euros quilo/canal, como lles digo sempre, mentres que as liquidacións seguen a día de hoxe sen superar os 4,80.

O sector necesita que as administracións poñan en marcha sen demora mecanismos para evitar esta situación. A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado —escóiteme ben: o Goberno do Estado— deben velar e poñer instrumentos para facer efectivo o cumprimento dunha nova Lei da cadea alimentaria en todos os sectores alimenticios, unha lei que supón unha mellora importante no corpo lexislativo para os produtores. Non podemos seguir observando como os gandeiros teñen que gastar os seus aforros ou acudir a préstamos bancarios, que en moitos casos non poden soportar.

Cómpre a posta en marcha dun observatorio de prezos para poder estabilizar os mercados e a Administración galega e a estatal deben velar polo cumprimento dos contratos e os prezos aprobados nas mesas de negociación.

O sector cárnico necesita que a Xunta de Galicia reactive, como xa dixen noutras ocasións, de xeito excepcional, unha liña de axudas similar á que houbo para a covid, unha liña que utilizou fondos europeos pero de xeito insuficiente. Porque non utilizaron todo o orzamento permitido por Europa, xa que podían utilizar ata 24 millóns do PDR en Galicia e o Goberno do Partido Popular só utilizou uns 7 millóns de euros, unha cantidade que a propia Xunta de Galicia debera complementar agora, xa que o propio sector valoraba unhas perdas de 18 millóns de euros dende o inicio da pandemia ata o verán pasado, uns datos que deberan de ser máis que suficientes para que o Goberno galego reaccionase, xa que de fondos propios aínda non puxeron un duro, e non deberamos permitir que pola pasividade do Goberno galego se produza o peche de moitas explotacións ao non poñer encima da mesa todos os recursos necesarios para salvar un sector que é estratéxico para Galicia.

Introducimos unha emenda de adición para que a Xunta de Galicia poña en marcha un plan estratéxico de viabilidade destas explotacións para este ano 2022, porque, como é coñecido, nos primeiros meses do ano sempre baixa o prezo da carne de vacún, e cremos necesario centralizar as axudas directas do PDR, tanto as destinadas ás zonas da montaña como as agroalimentarias, nas explotacións de carne en base ás vacas nutriciais, e o Goberno galego debera posibilitar un anticipo desta axudas para que os produtores de carne de vacún teñan acceso a estes ingresos no primeiro trimestre de 2022, paliando os efectos desa caída de prezos da que falaba.

A medio prazo, volvemos repetir que a estratexia da Xunta de Galicia, xa que a queren saber, debera basearse na aposta por unha gandería extensiva de calidade, por incentivar a investigación pública para aumentar a calidade do noso produto e tamén da alimentación, por modernizar as canles de envasado e despezamento dos produtos de cara ao consumidor, utilizar os medios de negociación para garantir a presenza da nosa carne nas cadeas alimentarias do noso territorio e apostar pola expansión do mercado exterior con produtos de alta calidade, baixo selos que garantan a certificación de todas as materias posibles, como saúde, medio ambiente, etc.



Nesa liña de revalorización deste produto temos que facer todo o necesario para que a tenreira galega suprema sexa a bandeira de comercialización da nosa carne. E por iso introducimos outra emenda para que se impulse a conversión desta carne nun verdadeiro produto *delicatessen*, para que teña o recoñecemento económico por parte do consumidor que merece pola súa calidade. Non podemos seguir permitindo que o prezo desta carne suprema teña o mesmo prezo que a carne xenérica, para o cal o Goberno galego deba de facer un plan de revalorización desta tenreira suprema, acompañado dun plan de dinamización da tenreira galega fóra de Galicia.

Deben poñer en marcha xa sen demora a lonxa dixital, que o Partido Popular aceptou nas nosas propostas da Comisión de reactivación co fondo covid, e que segue a esperar pola súa posta en marcha; unha medida que trata de dotar as explotacións de novas vías de venda para que non só estean nas mans daqueles intermediarios, que quedan cunha porcentaxe moi elevada dun produto que apenas traballan.

Xa non vou falar da errática política da Consellería de Medio Ambiente con respecto á fauna salvaxe nun Plan do lobo que non desenrolaron, que non controla a súa poboación e que ten os nosos gandeiros desamparados sen darlles resposta preventiva e económica para que estes poidan recuperar os cartos que perden pola desaparición do seu gando. Non se ría, señor Tellado, é así, dende hai moitísimos anos, antes de que cambiara a condición do lobo, e a vostedes dálles a risa mentres os gandeiros perden moitos dos seus cartos (*Aplausos.*) polos danos que produce este animal.

Señorías do Partido Popular, non poden estar de costas a tantas familias de Galicia. Levamos meses dende a oposición presentando iniciativas para que actúen en apoio deste sector, e vostedes seguen coa súa risa e a súa xordeira e só teñen como contestación o suposto efecto máxico, como sempre, do desenrolo dun plan estratéxico para a carne. Pero o sector non pode esperar nin un minuto máis. Teñen na súa man optar por tomar medidas contra a mensaxe de urxencia que está a difundir o sector ou seguir de brazos cruzados, vendo como afunde un sector esencial para Galicia, xustamente para a Galicia en maior risco de avellentamento e abandono.

Non é unha cuestión de risa, señores do Partido Popular, é unha cuestión moi seria, e, como dicía o voceiro do BNG, o sector da carne ten un peso no emprego tan importante ou máis importante incluso que empresas tan importantes como poden ser Citroën, Alcoa ou outras similares.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Boa tarde, señorías.



E, por ser o primeiro pleno de 2022, os mellores desexos para este ano. Que teñamos saúde e acertos.

E créanme que contei ata 100, porque se non faláramos de cousas de comer e se non faláramos dun dos sectores dos que procedo ademais e dos que apoio e nos que creo, a verdade é que isto daba para un debate moi divertido. Pero, seriamente, isto non fai ningunha graza.

Señor Seco, sabe que sempre lle falo co debido respecto e afecto, probablemente máis do que mereza. *(Risos.)* Pero créame que... *(Murmurios.)* este discurso parece que llo fixo Formoso para plantearlle un futuro incerto. Porque, mire, voulle dar dúas reflexións para despois centrarme no realmente importante.

Mire, di vostede que fallou a Consellería de Medio Ambiente sen un plan para a xestión do lobo, cando o Goberno central acaba de incluílo como unha especie protexida, recoñecendo vostede que había unha sobrepoboación.

Di vostede que o Partido Popular fai plans para facer que non fai nada, pero na súa emenda o primeiro que pide é un plan estratéxico de viabilidade das explotacións. A ver, señor Seco, eu recoñezo que ao mellor non está moi centrado, pero ¿que broma é esta?, ¿que broma é esta? *(Aplausos.)* Hai neste momento vinte mil explotacións pendentes de medidas que adopta o seu Goberno central, que, aínda así, non cesa nesa desmedida defensa inxustificada das accións do Goberno que sen dúbida é unha das principais causas polas que as nosas explotacións neste momento están afogadas. O prezo da luz, a carestía das materias primas, o prezo do gasóleo, todo iso depende directamente do Goberno central. Non veña vostede sacando peito e criticando o Goberno da Xunta de Galicia en decisións que todo o mundo sabe —porque vostedes mesmos llo recordaban cando gobernaba en Madrid outro partido político— que a responsabilidade é do Goberno central. Entón, poñámonos serios, porque neste momento o sector primario necesita, sen dúbida, un debate serio, un debate rigoroso e menos política barata. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rivas, certamente non así a súa exposición, pero a lectura da súa iniciativa recoñezo que me gustou e que coincido en moitos dos puntos que vostedes piden. E, ademais, dígolle que neste momento os plantexo no momento axeitado, en plena elaboración da Estratexia do sector cárnico, documento no que cremos, porque ten que haber planificación, indubidablemente, e ten que haber decisións con responsabilidade. Por certo, estratexia na que participan máis de 72 axentes, entidades sindicais, cooperativas de gandeiros, universidades de recoñecido prestixio —que van xa pola terceira reunión, esta semana terán a cuarta—. Nesta liña invítoos a facer as achegas e que se inclúen nesa estratexia que é o texto da nosa emenda.

Chámame poderosamente a atención que na súa intervención non teña absolutamente ningunhas palabras de pedir a rectificación, corrección ou, se quere ser máis suave —que eu xa sei que vostedes co Goberno de Madrid non se mancan, tanto é así que a pesar de que nunca cumpren o que lles din nin sequera lles votan en contra dos orzamentos, fanlles unha abstención así un pouco crítica—, pero paréceme increíble que, coa que está caendo, vostede, que sabe ademais da indignación que ten o sector contra o ministro de Consumo, que non



me vale que sexa o ministro de Podemos porque é o ministro de Sánchez e, se me apura, ministro tamén do Bloque Nacionalista Galego, que por iso nomeou o presidente, que non o cesa... (*Aplausos.*), que o nomeou e que non o cesa. Porque equivocarse podémonos equivocar todos pero ¡perpetuarse na equivocación e prexudicar o sector...! Porque —coincidirán comigo— un ministro... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —señora Olalla— ...un ministro que di: *menos carne, más vida*, ¿cre que está traballando polo sector cárnico? Realmente, poña a man no corazón. ¿Cre vostede que está axudando o sector cárnico? Dicir, como dixó hai cinco minutos, que á manifestación do sábado viñan os señoritos andaluces que cobraban a PAC, levarei esa mensaxe aos veciños da Mariña lucense, da provincia de Lugo, persoas humildes e traballadoras que merecen todo o respecto cando se manifestan publicamente. (*Aplausos.*) Porque para vostedes só valen as manifestacións que levan a pancarta do BNG. Esa é a súa democracia, (*Aplausos.*) sempre creando cidadáns de primeira e de segunda. Se vai encabezando a señora Pontón e leva unha pancarta do BNG, eses son cidadáns galegos que defenden os seus dereitos; agora, se non está o BNG, son señoritos andaluces. É que me parece, de verdade, que debería pedir desculpas na segunda intervención.

Equivócanse galeguizando a situación do sector cárnico, equivócanse galeguizando a situación difícil do sector primario. Xa llo dixen —que, por certo, chegamos a acordos— no debate da situación do sector lácteo. Os gandeiros e os agricultores galegos e españois están cansados de que se lexisle ás súas costas, nomeadamente a protección do lobo, esas exaxeradas peaxes ecoloxistas que están limitando, arruinando moitas das súas explotacións, e —o máis importante— sen telos absolutamente en contra.

E queren que se cumpran as leis que se aproban, e non queren esmolas nin queren limosnas, nin queren que se lles pague o custo de produción. Teñen que ter unha marxe de beneficio. ¿Por que pide vostede que por 1 quilo de carne lle paguen ao gandeiro o que lle custa producir? ¿Que vai traballar logo? ¿Gratis?

A Lei da cadea alimentaria, que é sen dúbida o instrumento que pode protexer a posición negociadora dos nosos produtores do sector primario, ten que recoller que se pague ao produtor os custos de produción e a súa marxe de beneficio. E debemos de reivindicalo, e debemos reivindicar que se lle pague por iso e non que se lle dean esmolas.

Mire, vostede sabe que no ano 2020 houbo axudas directas. Este grupo tamén pide á consellería que estude a mellor fórmula para axudar o sector, e, por suposto, sen descartar as axudas directas. Pero vostede sabe coma min que iso non é a solución. Temos que ter un sector competitivo, sostible e que non viva da axuda directa do Goberno A ou B, dependendo do momento económico. Ten que ser a nosa loita. E, se non o pedimos así, tampouco nosoutros estamos valorando o sector. E vostede, aínda que constantemente está recorrendo a esas metáforas do gandeiro analfabeto que o levan pola corda, que non sabe decidir, sabe coma min que iso non é certo, e sabe que temos no sector primario verdadeiros profesionais ben formados e que queren defender o seu sector. (*Aplausos.*)

¿Cal é a solución? Primeiro, reforzar a posición negociadora; e agardamos que na Estratexia do sector cárnico, como se está conseguindo na do sector lácteo, teñan mecanismos para que se poida facer cumprir esa Lei da cadea alimentaria. E, segundo, por suposto, recoñecer



o papel fundamental do sector primario na nosa economía. Esas son as claves, e sobre iso construír, onde vostedes teñen moito que aportar. E —insisto— na literalidade da súa iniciativa imos coincidir en moitísimos puntos, e creo que deben de participar na estratexia, e aquí lles lanzo o convite.

Non está de máis recordar as axudas que se deron no ano 2020, esas axudas extraordinarias que superaron os 7 millóns de euros. Tramitouse o adianto da PAC co máximo que se permite, que son os 160 millóns. Tamén outro tipo de axudas, que subiron dos 3.300.000, ás agrupacións de defensa sanitaria gandeira, as axudas á reposición de gando, as axudas para a compensación complementaria de lucro cesante, as axudas para o fomento de razas autóctonas, as axudas por indemnizacións de sacrificio, a importante achega para favorecer e fomentar a contratación dos seguros agrarios —chegando no ano 2022 nestes orzamentos a máis de 7 millóns de euros—, o Plan de pastoreo. Temos que loitar para baixar os custos de produción. Canto máis base territorial, indubidablemente máis competitiva pode ser a situación na que se encontre a explotación.

¿Que non se tomaron medidas de calado? Señor Rivas, a Lei de recuperación agraria creo que é unha normativa de calado, estrutural e absolutamente, ben, que vai apoiar o sector primario. Vostede, que votou en contra polas razóns que aquí xa se discutiron, ben sabe que en repetidas ocasións apoiou e chegou a moitísimos acordos nos artigos porque defendía ese instrumento. Estase etiquetando «Galicia calidade».

E aquí, xa para rematar —porque iso si que, como din vulgarmente, se non o digo, rebento—, piden que se apoiem campañas para a promoción externamente da nosa carne; é dicir, que cos cartos dos galegos se poña en valor un produto que o Goberno central..., ben, porque xa non entrei nas macrogranxas, porque en Galicia non hai macrogranxas; entón, non vou discutirille se en Soria —como dicía o outro— ou por fóra de Pedrafita... Pois comprenderá que agora mesmo non é da nosa competencia. Pero, como dicía o presidente de Asaja este domingo en declaracións a medios: «estamos cansados de ataques gratuítos», deixen de criminalizar o sector, aposten polo futuro do campo español.

E vou reproducir unhas palabras dun vídeo de «etiqueta calidade», desa campaña que está a facer a consellería. Un gandeiro, concretamente, de Cervantes que explicaba como criaba as súas vacas e os seus xatos que estaban dentro de Ternera Galega...:

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CANDIA LÓPEZ: ...«maman ata os sete meses; despois comen patacas, penso e herba seca; teñen unha calidade de vida saudable, criadas con moito mimo e de xeito natural».

E, por suposto, o meu agradecemento aos cociñeiros de Fitur... (*Murmurios.*) Claro, vostedes non o viron porque decidiron ir precisamente máis cerca do de Andalucía que do de Galicia. (*Risos.*) Pero fixeron alí unha importante degustación cunha gran profesionalidade, que, por certo, tamén completa a posta en valor dos nosos produtos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



A señora CANDIA LÓPEZ: Deixen de facer demagogia e sigamos traballando xuntos. Seguro que acertaremos. Pero, ademais, vostede sabe coma min que é o que nolo pide o sector e os nosos gandeiros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Candia.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

Señora Candia, eu consíntolle todo nun debate menos que faga caricaturas do que non son. Eu non falo do labrego analfabeto, ¡nunca! (*Aplausos.*) É máis, ás veces amo máis o analfabetismo de moitos labregos que certos resabios de vostedes. (*Aplausos.*) De verdade, coa man no corazón ou co corazón na man, como vostede queira.

Mire, vostede non falou da súa emenda e eu vou falar da súa emenda, porque mo pide o presidente e, ademais, porque me apetece. A emenda do PP é unha manobra disuasoria para evitar posicionarse sobre o acordo que propoñemos desde o BNG a respecto da problemática da carne de vacún. Por iso eu non nomeei as macrogranxas, ¡eh! Teñamos a festa en paz e deixemos as cousas como están.

Saben que para debater e dialogar sobre este tema téñennos sempre, estamos dispostos sempre, aínda sabendo que van distorsionar e que van recoller o que lles dá a gana das nosas propostas. Cando queiran, falamos; cando, onde e como queiran.

Pero vostedes son especialistas en deseñar plans, que non van a ningures, para buscar solucións que poñen os sectores onde deberan estar. Por certo, ¿vostede sabe algo do Plan estratéxico da Limia, que ten que ver coa carne de aves e porcino e mais a grave e ameazante problemática que arrastra? ¿Vostede sabe o que pende sobre da Limia e desde o ano 2019, que teñen as conclusións feitas por todos os elos dos sectores diferentes do sector primario que lles pasaron na Mesa da Limia que vostedes montaron? ¿Hai algo diso? ¿Sábese algo do noso? ¿Sábese algo desa ameaza de zona vulnerable que pende sobre esa parte da provincia de Ourense, maltratada por vostedes toda a vida? ¿Sábese algo diso? ¿Vostedes van facer algo ou van mirar para outro lado mentres vén a nacida de Europa e do Goberno central? ¿Van facer algo polos nosos labradores, labregos, e polos nosos gandeiros? ¿Van facer algo? Non. Polo que se ve, non. (*Aplausos.*)

Mire, cansos de que se lexisle de costas ao sector rural. E cando estaba a ministra Tejerina, esa que representaba a Fertiberia dentro do Goberno do PP, ¿que? *Fertiberia show*. Xa non está, claro..., pero vostedes lexislaron daquela. ¿E vostedes recordan que a Lei da cadea alimentaria é do 2013? ¿Recordan que é do 2013? ¿E que vostedes non foron quen durante os anos que gobernaron de facerlles as reformas que os sectores estaban pedindo, que todos os



sectores da agricultura e do mundo rural estaban pedindo que fixeran? Nunca o fixeron. Non puxeron ningún instrumento que favorecese ese punto de que teñen dereito e que, polo menos, se lles paguen os custos de produción.

Vostede di que nós soamente... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* O señor Tellado creo que é doutro negociado, pero aquí opina disto. É un especialista en todo. Moitas grazas, de verdade. Despois, fóra, admítolle os consellos que lle parezan.

¿Que fixeron vostedes coa Lei da cadea alimentaria? Nada, nada, nada. Nin sequera agora na última reforma foron quen de meter algunha emenda que fose nese camiño que agora pregoan nesas manifestacións manipuladas, orquestradas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Si, si. Eu recordo cando ían os autobuses cheos á praza de Oriente. Eran os mesmos condutores. Para acabar..., *(Murmurios.)* se me deixan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor RIVAS CRUZ: ...señor presidente,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor RIVAS CRUZ: Dicirlle, señor Seco, respecto ás súas emendas, que é certo que o punto 1 e o punto 2 dalgunha maneira están incluídos na nosa; polo tanto, non os imos admitir. O punto 3 parécenos oportuno e que complementa; aceptariámolo.

Señorías, os galegos e as galegas habitamos un territorio amable, amable en canto estea humanizado; fértil, mentres non se agrida na súa sensibilidade medioambiental; rico, en canto se atendan as súas exixencias e condicionantes; noso, entrementes non sexa vendido ao primeiro que traia capital e palabra fácil.

Nesa liña vai esta PNL e nesa liña terannos sempre para dialogar en beneficio dos sectores, para manter as súas excelencias e para manter a vida dos seus habitantes. Noutras liñas non, como na manipulación do LESPRES, do lobo e todo iso que vostedes nunca fixeron. O plan de xestión non o fixeron nunca e o lobo non é o mal da gandería. O mal da gandería deste país son vostedes. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Son vostedes, que non pagan. Son vostedes, que nas axudas... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate xa.

O señor RIVAS CRUZ: Podo berrar máis, jeh!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Si, pois berre máis. Remate, ¡veña!

O señor RIVAS CRUZ: Podo berrar, que voz teño, aínda teño.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pois ¡veña!, remate.



O señor RIVAS CRUZ: De verdade, son vostedes, que non pagan lucro cesante, que non fan unha contaxe das vítimas do lobo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non permiten unha contaxe. Teñen que aparecer os restos, aínda que a manda de cabalos ou a manda de vacas en extensivo estea quince días sen ser visitada. Non, non saben o que queren. Saben o que queren, sábeno moi ben: encher os petos, seus e doutros. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereá Fraiz e seis deputados/as máis, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España para que atenda a vontade manifestada tanto polo Parlamento de Galicia como polo Congreso dos Deputados e amplíe o programa de apoio ao Xacobeo mediante a extensión das desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Vereá Fraiz.

O señor VEREA FRAIZ: Grazas, presidente.

Volvemos traer ao Parlamento de Galicia unha cuestión que nun contexto de colaboración institucional e de relacións interadministrativas normais ao mellor non tiña que estar hoxe sendo aquí debatida. Pero a cuestión é que a traemos por esa insistencia do Partido Socialista e do Goberno central de entender o Xacobeo, entender o Ano Santo como un evento de segunda, de terceira ou de cuarta categoría, cando todos sabemos —ou polo menos cústalle entender ao Goberno central— que estamos falando do principal ou do máis importante evento cultural, evento turístico do Estado cando non tamén de toda a Unión Europea.

E, polo tanto, cando intentamos interpretar esta falta de apoio do Goberno central, non atopamos ningún tipo de xustificación ou de explicación racional e, polo tanto, temos que ir ás interpretacións máis partidistas ou curtopracistas, que, en última instancia, seguen esa lóxica errónea, pero lóxica sinxela ou simple, de que como o epicentro do Xacobeo é en Galicia e en Galicia goberna o Partido Popular, pois non imos apoiar demasiado o Xacobeo, non se vaia entender que estamos reforzando por detrás o Partido Popular de Galicia. Como digo, é unha lóxica errónea e unha lóxica que, en última instancia, afecta ou prexudica a todos os galegos.

Non entendiamos e seguimos sen entender por que nos orzamentos do ano 2021 e nos orzamentos agora do ano 2022 non hai nin unha soa partida directa, unha partida específica, para o Xacobeo. Isto é unha anomalía —todos estaremos de acordo—. É unha anomalía que ademais cobra máis sentido se vemos que outras rexións, outras cidades ou outros aconte-



cementos culturais si están tendo financiamento directo a través dos orzamentos xerais. Falamos en numerosas ocasións do caso concreto desa semana cultural de Barcelona.

Como digo, non hai explicación racional ante esta anomalía. Algo que xa non se pode corrixir, porque os orzamentos do 2021 e os do 2022 están pechados, pero, en todo caso, é gráfico e serve para retratar perfectamente os que tomaron a decisión, retratar tamén os que defenden esa decisión de non apoiar directamente o Xacobeo e tamén, por suposto, para retratar os que calan cando deberían saír aí fóra defender a súa cidade, a súa deputación ou, en todo caso, os intereses de todos os galegos.

Cuestións de forma tamén, porque a política pois tamén ten moito de forma e determinadas actuacións revelan tamén moitas intencións. Este parlamento por unanimidade decidiu pedir ao Goberno central que a presentación do Plan nacional fose en Galicia e, aos poucos días, fan a presentación en Oviedo. Decía antes que a decisión era, cando mínimo, anómala; esta pois é practicamente ridícula: levar a presentación do Plan nacional a Oviedo.

Plan nacional que ademais está dotado con cento vinte millóns de euros para todas as comunidades autónomas, para todo o Estado; cento vinte millóns de euros cando a Xunta de Galicia está adicando ao Xacobeo unicamente en Galicia cento setenta millóns de euros. E —por certo— deses cento vinte millóns de euros orzados nese Plan nacional, a día de hoxe, aínda non chegou nada a Galicia.

En cuestións de seguridade tamén, hai cincuenta puntos negros que cruzan as estradas estatais e os camiños de Santiago, que están catalogados e están taxados, e que están perfectamente identificados pola Administración autonómica, presentados en numerosas ocasións na Delegación do Goberno para que se intentaran arranxar, e a día de hoxe tampouco se sabe nada. Podemos contrapoñelos con eses trinta millóns de euros que a Xunta de Galicia leva xa investidos en sinalización, acondicionamento e en seguridade dos diferentes camiños de Santiago.

Seguridade tamén cando pedimos o reforzo de persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado para este bienio xacobeo, reforzo de persoal que tampouco se produciu.

Polo tanto, estamos ante múltiples decisións incomprensibles e a que traemos hoxe aquí é unha máis, como é a non ampliación dos beneficios fiscais do Xacobeo. A ninguén se lle escapa que nun acontecemento destas dimensións é fundamental a figura do mecenado. A participación do tecido económico galego serve para que o acontecemento, neste caso o Xacobeo, sexa máis plural, máis colectivo, poida enriquecerse, e, en última instancia, a participación —como digo— do empresariado galego fai que o proxecto sexa un proxecto máis de país e moito máis sólido. Ademais, isto estase cumprindo.

A día de hoxe, a participación das empresas galegas no Xacobeo a través desta figura de incentivos fiscais ascende a vinte millóns de euros; vinte millóns de euros que están á disposición de todos os galegos e de todas as galegas en actuacións vencelladas ao Xacobeo.

A cronoloxía destes investimentos vai revelar que estamos ante unha cuestión de sentido común. No ano 2008, o Goberno do Partido Popular, naquel momento no Goberno central,



na aprobación dos orzamentos xerais do 2018, na disposición adicional 87, declara o Xacobeo como acontecemento de excepcional interese público; polo tanto, abre as portas a estas figuras de mecenado e de incentivos fiscais, e pon un prazo que será entre o 2018 e o 2021. Dous anos despois, en maio do 2020, ampliábase este prazo ata o 2022. Polo tanto, estes incentivos fiscais, cando o Xacobeo tiña unha única anualidade, estaban entre o 2018 e o 2022. Meses despois e no momento da apertura da Porta Santa, decídese ampliar o Xacobeo un ano máis.

Polo tanto, o sentido común, a normalidade administrativa o que di é que se se amplía o Xacobeo un ano máis automaticamente terían que ampliarse ou deberían estar ampliados estes beneficios fiscais. Iso é o que traemos hoxe aquí. Se se amplía o Xacobeo un ano máis, o lóxico é que o prazo de poder desfrutar ou gozar destes incentivos fiscais se amplíe automaticamente un ano máis.

Isto non é o que ocorreu. Hai unhas semanas ou hai uns días no Senado votouse en contra expresamente desta ampliación dos beneficios fiscais, que —como digo— ademais contan co apoio do tecido económico galego e servirían para facer un mellor Xacobeo, un Xacobeo moito máis colectivo entre todos.

E ademais estamos a tempo de facelo. É certo que se pecharon os prazos dos orzamentos xerais, pero esta ampliación dos prazos fiscais pode incorporarse perfectamente en calquera texto lexislativo que se estea desenvolvendo neste momento no Congreso dos Deputados.

Polo tanto, este grupo parlamentario vai pedir evidentemente a unanimidade para lanzar un exemplo de sentido común, un exemplo de política construtiva e, sobre todo, cun obxectivo que penso que compartimos todos, que é corrixir esta situación anómala, esta situación incomprensible e que, en última instancia, é un prexuízo para todos os galegos e para todas as galegas. Ou sexa, espero nas súas intervencións poder conseguir esa unanimidade e mandar esa mensaxe para corrixir esta situación incomprensible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vereas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputados.

A verdade é que hoxe o Partido Popular volve traer unha iniciativa que demostra que o Goberno Feijóo está moito máis preocupado por confrontar co Goberno do presidente Sánchez, moito máis preocupado por buscar culpables para xustificar a súa ineficaz xestión, que por gobernar a nosa Comunidade Autónoma, que para iso si que lle votou a maioría dos homes



e das mulleres desta comunidade, algo que vostedes nos recordan moi habitualmente; votáronlles precisamente para que xestionen o Goberno galego.

Resulta curioso que neste parlamento as iniciativas presentadas polo Grupo Parlamentario do Partido Popular son practicamente na súa totalidade para instar ao Goberno do Estado, tentando facer neste parlamento unha prolongación do Congreso dos Deputados e presentando unha e outra vez iniciativas que xa foron aprobadas neste mesmo parlamento ou preguntas de autobombo para os conselleiros e as conselleiras do grupo do Goberno. Supoño que isto será para que lles compute como traballo parlamentario, porque doutro xeito, a verdade, é que non ten demasiada xustificación. Tamén resulta curioso que na parte resolutiva da PNL que presentan vostedes hoxe aquí din: «solicitar ao Goberno do Estado que atenda a vontade manifestada tanto no Parlamento de Galicia como no Congreso dos Deputados». E eu preguntolles, señores e señoras do Partido Popular: ¿cantas iniciativas se teñen aprobado neste parlamento instando ao Goberno galego ou, polo tanto, instando á Xunta de Galicia a que atenda tamén esa vontade manifestada neste parlamento? Iniciativas que quedaron só niso, en iniciativas aprobadas no papel, porque nunca se levaron a efecto. (Aplausos.) Ese facer que fan, que practican e ao que tanto nos teñen vostedes acostumbrados. A vostedes parécelles que ese incumprimento que se produce na Xunta de Galicia polo Goberno galego tamén se produce no Goberno de Pedro Sánchez, atendendo a ese dito popular que di que «pensa o ladrón que todos son da súa condición».

Pero o Goberno do Estado, o Goberno de Pedro Sánchez, cumpre, e demostrareillo con datos —coma sempre— máis adiante.

Vostedes, nese afán que teñen de confrontar co Goberno de Pedro Sánchez, ansiosos novamente por ser o alumno máis avantaxado da clase e facendo ese seguidismo do ayusismo, que pasou de ser aquela chica da que o presidente Feijóo fuxía e non convidaba aos actos do Partido Popular en Galicia a ser a *reina do flow* e a convidada especial, á que todos e todas as do Partido Popular queren parecerse e apláudenlle as súas políticas regresivas e de absoluta falta de responsabilidade que aplica na Comunidade de Madrid.

Nese afán de confrontación e facendo seguidismo dese ayusismo —como lles dicía antes—, vostedes esquecen que hai cuestións que son de competencia da Xunta de Galicia e que, baixo o punto de vista dos socialistas galegos, son moi importantes e que a min me gustaría que na súa segunda quenda nos contestara.

No Parlamento aprobouse un Plan director e plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015–2021. Gustárame saber cal é o grao de execución do mesmo, se teñen atendido todas as actuacións prioritarias, se teñen acometido a totalidade dos plans de actuación e de accións que pretendían impulsar, se teñen cumprida esa visión desexada para o ano 2021, que plasmaban nese documento, e se son unha realidade ou só quedaron tamén nunha intención no papel.

Tamén me gustaría saber algo sobre ao que vostede fixo antes referencia e que me gustaría que debullara: ¿cales foron os recursos propios que ten achegado e executado o Goberno galego para o desenvolvemento do Xacobeo 2021–2022? ¿Cal foi o programa de eventos e as



accións executadas en 2021? ¿Cal é o programa de eventos e as accións que se van desenvolver no 2022? ¿Cal foi a execución dos recursos orzamentarios en 2021 para o Xacobeo? Suñoño que vostede despois algo me responderá a estes temas que lle plantexo.

Vostede contrapoñía un pouco o Goberno de Mariano Rajoy fronte ao Goberno presidido polo presidente Sánchez. Pois eu voulle dicir cantos foron os recursos achegados polo Goberno de Mariano Rajoy no Estado e polo Goberno de Pedro Sánchez para o desenvolvemento dos distintos xacobeos. Pois mire, cando Mariano Rajoy estaba no Goberno do Estado, as achegas a Galicia foron de 1,5 millóns de euros para o Camiño de Santiago e 17 millóns de euros para restaurar a catedral de Santiago, é dicir, 18,5 millóns de euros.

E agora voulle debullar as achegas do Goberno do presidente Pedro Sánchez. Pois mire, por unha banda, 71,6 millóns de euros do Plan de recuperación en transferencias para vinte iniciativas turísticas e restauración de BIC; 16,6 millóns de euros para execución de sete plans de sostibilidade turística en destino vinculados aos camiños de Santiago; 25,7 millóns de euros para poñer en valor bens históricos de uso turístico en dezasete concellos por onde pasan os distintos camiños e para o concello de Santiago, cidade patrimonio da humanidade, e 25 millóns de euros para investimentos do Plan turístico nacional Xacobeo 2021-2022; é dicir, 140 millóns de euros. 140 millóns de euros do Goberno de Pedro Sánchez fronte aos 18,5 millóns de euros do Goberno Rajoy. É dicir, Pedro Sánchez multiplicou por case oito as achegas do Estado para o Ano Xacobeo 2021-2022. E o Goberno de Feijóo era o mesmo antes e agora, o que pasa é que antes calaba —vostede falaba antes de calar—, calaba cando eran 18,5, e agora contrapón porque do que se trata é de estar continuamente contrapoñendo contra o Goberno de Pedro Sánchez.

E vostede dicía que o Goberno de Pedro Sánchez o consideraba como un evento de segunda, de terceira ou de cuarta. Entón, ¿pódeme dicir que consideraba o Goberno de Mariano Rajoy con 18,5 millóns fronte a 140? ¡Contésteme, por favor, contésteme! ¡Hai que ser realistas! (*Aplausos.*)

Tamén é curioso que dentro deses 22,7 millóns de euros desa partida para financiar doce proxectos sobre bens de interese cultural, que beneficien directamente a dezasete concellos galegos polos que pasan distintos roteiros de Santiago, a Xunta de Galicia prioriza 14 millóns de euros para rehabilitar o espazo da fortaleza de Monterrei; é dicir, o 62 % da totalidade deses ingresos, para un concello cun goberno do Partido Popular. E non vou seguir co resto das actuacións, para as que só quedan 8,7 millóns de euros, porque se me vai acabar o tempo.

Como ven, señores e señoras do Partido Popular, o Goberno do Estado de Pedro Sánchez cumpre. Voules deixar un informe de rendición de contas do Goberno de España con Galicia (*A señora Rodríguez Rumbo mostra un documento.*) que foi publicado no ano 2021, a ver se poden ter un igual do Goberno de Mariano Rajoy e podemos facer aquí un monográfico para discutilo, e así podemos comprobar que o Goberno de Pedro Sánchez cumpre.

Vostedes queren confrontar contra calquera medida, proxecto ou iniciativa presentada polo Goberno de Pedro Sánchez e buscar culpables exentos para xustificar a ineficacia da xestión do Goberno galego. Intentaron que non chegaran estes fondos a España e polo



tanto que non chegaran a Galicia. Un plan que achega 681 millóns de euros para Galicia e no que se inclúe boa parte destes fondos destinados ao Ano Xacobeo 2021-2022. E sen chegarlles iso, o señor Casado vai a Europa a falar mal do seu país para que aínda encima intenten que non cheguen eses fondos a España e polo tanto que non cheguen a Galicia. Aí deberían de estar vostedes falando para que estes fondos cheguen a Galicia e que nos axuden na nosa recuperación económica, que tanta falta nos fai despois de ter padecido a pandemia da covid.

Por último, temos que escoitar como o presidente Feijóo e o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación falan de repartición a dedo segundo a cor política do goberno correspondente.

Teño que volver indicar ese dito popular de que «pensa o ladrón que todos son da súa condición». Se quere, recórdolle a repartición caciquil que fai o Goberno da Xunta de Galicia ou a Deputación de Ourense, por exemplo, que son as institucións nas que vostedes gobernan, nas que convocan subvencións para concellos en concorrencia non competitiva —algo que di moito o señor presidente da Xunta de Galicia estes días— e que esgotan os créditos en nove minutos e ademais, ¡oh!, casualidade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...o 99 % dos concellos son gobernados polo Partido Popular.

E non quero falar deses convenios de colaboración que se fan a dedo e no que oito de cada dez son tamén de gobernos do Partido Popular.

E, por último, vou ler unhas declaracións que fixo o voceiro do Partido Popular —a verdade é que son bastante curiosas—, que din: «*Hay veces que se aplican criterios que no admiten duda o discusión y otras veces que aplican criterios que dan que pensar; no es confrontar por confrontar, sino intentar que todos tengamos las mismas oportunidades.*»

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: *No se pide otra cosa desde la Xunta de Galicia.»*

Remato xa, señor presidente.

Pois mire, señor Puy e señores deputados e deputadas do Partido Popular, aplíquense o conto. Non se pide outra cousa dende os concellos galegos cara á Xunta de Galicia: que todos os concellos teñan as mesmas oportunidades.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E mire... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo, señora Rodríguez Rumbo. Moitas grazas.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Señor presidente.

A presente iniciativa do Partido Popular solicita do Goberno do Estado que atenda ao acordado xa na Comisión 6ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, co voto favorable do PP e do BNG e a abstención do PSdeG, que consistía basicamente en solicitar do Estado a ampliación do programa de apoio ao Xacobeo ata o 31 de decembro do ano 2023 ou, o que é o mesmo, alongar ata fin de ano que vén as desgravacións fiscais previstas na Lei 49/2002, de réxime fiscal das entidades sen ánimo de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenado.

No seu día, o Grupo Parlamentario do BNG apoiou a iniciativa popular por considerala lóxica e procedente, porque era necesaria e porque —iso é así— o solicitaba o sector. A día de hoxe, a inestabilidade e a volatilidade dos fluxos turísticos segue a condicionar a recuperación económica dun sector —o turístico— que precisa de cantas axudas sexan posibles para aliviar unha situación que aínda hoxe é moi complicada.

A sexta onda supuxo un duro golpe para o sector en xeral, pero especialmente para aqueles que viven do Xacobeo; un Xacobeo que mantivo o tipo en canto a afluencia de visitantes grazas ao mercado interior, pero que segue a contar co hándicap importantísimo do turismo internacional; turismo internacional que xoga un papel moi importante no Xacobeo e que, de momento, non volveu a niveis anteriores á pandemia. Parece que aínda teremos que esperar un tempo para que os fluxos turísticos internacionais se normalicen. Polo que —como dixen— se fai imprescindible apoiar calquera iniciativa que sirva de apoio ao sector, e fixémoslo —xa no seu día— con esta iniciativa do PP, concretamente no mes de marzo do ano pasado, e volveremos facelo hoxe. Agora ben, hai determinadas cuestións recollidas na exposición de motivos que non compartimos e outras que sería conveniente aclarar.

Na exposición de motivos dise que o Xacobeo 21-22 debe ser un poderoso motor da recuperación socioeconómica para Galicia. Coincidimos con esa declaración de intencións, pero dende o BNG temos claro que non debe ser o único. A pandemia demostrou que non convén poñer todos os ovos na mesma cesta. Dende o Goberno galego lévase apostando moitísimo tempo polo Xacobeo como o todo das políticas turísticas e culturais, obviando que Galiza conta cunhas potencialidades culturais e turísticas que van moito máis aló do Xacobeo.

O Xacobeo é unha boa marca turística, pero non podemos compartir o uso partidista interesado que se fai deste evento dende a Xunta de Galiza. O Xacobeo constitúe un burato negro ao que se destinan cantidades inxentes do orzamento ano tras ano, o que provoca que non



se aposte suficientemente por moitas outras potencialidades coas que contamos no noso país.

Dende o BNG entendemos que a mellor carta de presentación do noso país, aquilo no que se deberían centrar as políticas promocionais e turísticas da Xunta de Galiza, é a nosa riqueza medioambiental, paisaxística e faunística, a nosa riqueza cultural e etnográfica; e a Xunta tamén debería centrarse na promoción e conservación do mar e das nosas rías, na conservación e acondicionamento dos portos e a promoción das vilas mariñeiras, tamén na inmensa oferta termal espallada por todo o territorio, centrarse tamén en promocionar aquilo que nos enriquece, diferencia e que nos fai atractivos, dende o punto de vista tamén turístico, como é o patrimonio cultural, espallado por todo o país e, por suposto, a nosa lingua.

E, por suposto, manter a aposta polo Camiño de Santiago, como reclamo turístico. Pero o que non é admisíbel é que toda ou practicamente toda a actuación da Xunta no eido turístico e cultural se centre no Xacobeo, porque isto supón deixar na sombra toda esa riqueza e potencialidade á que me acabo de referir.

A mensaxe do Goberno galego e do PP nos últimos tempos, cando falan do Xacobeo, céntrase no plano teórico —insisto—, no plano teórico, en termos como a sustentabilidade, a cohesión, a calidade e a diversidade, e, segundo se di literalmente na presente iniciativa, aproveitar os recursos de cada lugar para achegar riqueza a todo o territorio. E digo no plano teórico porque, en realidade, polo anunciado ata o de agora, reinciden no mesmo modelo centralizado territorialmente. E iso que xa na Comisión de reactivación por parte do PP hai uns meses falaban de descentralización territorial do evento; isto de maneira literal. Pero os feitos din totalmente o contrario.

Descentralizar o Xacobeo non consiste en organizar algún evento en localizacións xeográficas distintas de Santiago de Compostela ou nalgunhas vilas que non se atopan no que sería o trazado dos camiños de Santiago.

Os investimentos do Xacobeo deberían centrarse en cuestións que sirvan tanto ao sector do turismo como á poboación local, non só de Santiago e dos lugares polos que discorre o Camiño, senón tamén do resto do país, porque hai moitas zonas do país que non se benefician do Xacobeo para nada, polo menos na maneira que ten de concibilo o PP.

Para que o Xacobeo tivese un efecto expansivo e positivo ao longo de todo o país sería necesario que os investimentos destinados ao Xacobeo xerasen máis oportunidades laborais, empregos dignos e estábeis e sobre todo non precarizados, e mellorasen sobre todo as infraestruturas para a sociedade e o nivel de vida da poboación local en xeral, e non só para os que viven preto dun camiño de Santiago. E iso só se pode conseguir coa diversificación da oferta turística —estámolo repetindo e volveremos repetilo, porque non vemos que a Xunta avance neste sentido— e tamén repartindo os investimentos por todo o país e, sobre todo, cambiando a concepción de pura propaganda que ten o PP do Xacobeo. Estámolo repetindo e volveremos repetilo porque non vemos que a Xunta avance neste sentido. E vouno dicir por enésima vez para que quede aínda máis claro: o Xacobeo é unha moi boa marca turística e promocional, pero Galiza ten moito máis que ofrecer que o Xacobeo. A aposta da Xunta de



todo ao Xacobeo, pandemia mediante, amosa unha mentalidade raquíca dun PP que non ten, dende logo, na súa cabeza Galiza no seu conxunto.

Un Goberno galego que pensa en Galiza en pequeno, incapaz de pensar en Galiza en grande. O Goberno galego leva anos centrando as súas políticas turísticas e culturais no Xacobeo, deixando esquecido o resto de potencialidades do noso país.

Centralizar os investimentos destinados á cultura e ao turismo no fenómeno Xacobeo réultalle moi cómodo, dende o punto de vista da xestión, pero tamén rendíbel dende o punto de vista político, pola instrumentalización do Xacobeo que fan no PP. Por iso se centran nesta marca.

Non se ve o mesmo interese da Xunta do señor Feijóo en protexer a nosa riqueza medioambiental, paisaxística ou etnográfica, e a proba está en que pola Xunta se está permitindo a proliferación masiva de proxectos eólicos por todo o país, cun fortísimo impacto no medio ambiente, na fauna e en zonas de interese etnográfico ou natural, e incluso cun impacto na vida das persoas.

Exemplo disto é o proxecto de repotenciación do Roncudo, en Corme, autorizado pola Xunta, e que causou un dano irreparábel nunha zona cun increíble potencial turístico e, polo tanto, económico, e que fora esquecida ano tras ano polos diferentes gobernos do PP aquí na Galiza. Por certo, houbo unha recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que declara a nulidade do acordo do Consello da Xunta de Galiza, que aprobaba o proxecto de repotenciación do parque eólico de Corme III —ao que fago referencia—, e ¿saben por que anulan ese acordo do Consello da Xunta? Por conculcar os dereitos dos veciños ao reducir o prazo para a consulta do informe de impacto medioambiental e poder presentar alegacións e por vulnerar a normativa europea relativa aos informes sectoriais durante a exposición pública do proxecto.

Levamos moito tempo dicindo o mesmo: eólico si, mais non así. Aмосa a Xunta moito interese en facilitar a implantación dalgúns proxectos eólicos absolutamente agresivos co noso territorio, pero non amosa o mesmo interese en ter saneadas as nosas rías, fonte de traballo para moitas familias galegas e reclamo turístico, ademais de primeira orde, interese que tampouco se ve en pór en valor a riqueza termal do noso país, exemplificada en Ourense, pero que se estende por todo o territorio, ou que se podería estender por todo o territorio, ou en coidar a seguridade dos nosos portos.

Como tampouco amosa o Goberno do señor Feijóo moito interese en asumir competencias en materias que lle permitirían fortalecer o posicionamento do noso país a nivel internacional como destino turístico consolidado, e refírome a controlar a conectividade aeroportuaria ou a conectividade ferroviaria de alta velocidade, pero tamén a de proximidade; non o fixeron en doce anos e, dende logo, non parece tampouco que o vaian facer agora.

Todo isto non é incompatible co Camiño de Santiago e, dende logo, non é incompatible co Xacobeo. Máis ben apostar por estas outras cuestións suporía fortalecer a marca Xacobeo e enriquecer e diversificar a nosa oferta turística. Galiza precisa que agrandemos o foco e poñamos en valor toda a riqueza que atesouramos e que vai moito máis aló do Xacobeo.



Tamén se fai necesario facer unha aclaración máis, porque a redacción da iniciativa —estou seguro que sen mala intención— podería dar lugar a equívocos. O BNG na Comisión de Facenda e Función Pública do Congreso dos Deputados non votou en contra, porque precisamente non estamos nesa comisión. En canto ás emendas presentadas polo Grupo Popular na tramitación parlamentaria dos orzamentos xerais do Estado para o 2022, o BNG votou que si a todas as relativas ao Xacobeo. O BNG amosa con feitos que apoia todas aquelas iniciativas que sexan positivas para o noso país e dános igual quen governe en Madrid ou de quen proveñan; cousa que non fai o PP, que non ten problema nin se ruboriza cando vota si aquí no Parlamento de Galiza a determinadas cuestións e non en Madrid, co sectarismo e seguidismo partidista do PP máis reaccionario, en moitos anos, que non ten problema en ir da man da ultradereita.

Pola contra, dende o BNG somos coherentes e cos feitos amosamos que sabemos e recoñecemos o valor como marca do Xacobeo, o que non empece que defendamos unha concepción absolutamente diferente deste evento, que realmente reverta positivamente na meirande parte do país e sirva para amosar as moitísimas potencialidades turísticas e a riqueza cultural.

En todo caso —insisto— e xa para rematar —que xa vai sendo hora de ir para casa—, votaremos a favor desta iniciativa outra vez, máis que nada porque consideramos que é positiva para Galiza. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Verea Fraiz.

O señor VERA FRAIZ: Señora Rodríguez Rumbo, eu estaba expectante por escoitar a súa intervención. Nótase que é vostede unha deputada con moita experiencia, porque nos dez minutos non mencionou nin nunha soa ocasión os incentivos fiscais. Eu enténdoa, porque nesta cuestión o Partido Socialista roza o bochorno se seguimos o que fixo nos últimos dez meses. Tocaron todos os acordes. Aquí un pode absterse, votar a favor ou votar en contra. En dez meses fixeron todo: en marzo abstivéronse, en setembro votaron a favor e hai uns días no Senado votaron en contra. Polo tanto —como digo—, é unha falta de credibilidade, unha falta de rigor, rozando practicamente o bochorno. Entendo perfectamente que non quixera entrar no fondo do asunto e falara de cuestións laterais ou colaterais.

Para intentar encher estes dez minutos, ademais, recorreu a unha comparación que, cando menos, é curiosa. Fixo unha comparación entre os orzamentos do Goberno de Mariano Rajoy en anos non xacobeos comparándoos cos investimentos —ou presuntos investimentos— do actual Goberno central no bienio xacobeo; lémbrolle que é a única vez na historia en que se producen dous anos xacobeos. Por tanto, unha comparación que non ten ningún tipo de sentido.

Adiantaba vostede que vai votar a favor e, por tanto, este grupo parlamentario —como non pode ser doutro xeito— agradece esa disposición, pero realmente o que tería que facer o



Grupo Parlamentario Socialista é traballar con Madrid, cos seus compañeiros en Madrid, e conseguir que isto poida saír adiante. Como lle dixen na anterior intervención, aínda estamos a tempo, hai posibilidades, hai textos lexislativos que están en tramitación e, polo tanto, é cuestión de levar novamente esta proposta e poder incorporar a ampliación destes incentivos fiscais.

Noutras cuestións pois si son máis áxiles, como por exemplo pasou o verán pasado, cando o señor Pedro Sánchez convocou como consecuencia do Xacobeo o Real Padroado do Consorcio de Santiago. Aterraron ou achegáronse aquí varios ministros, da man do alcalde de Santiago, e prometeron, sen ningún tipo de rubor novamente, 280 millóns de euros en obras faraónicas, que tivemos que ver todos os veciños ao longo de varias semanas, e na primeira oportunidade que tiñan de poñer en negro sobre branco se estes investimentos eran reais ou eran mera propaganda, aí están os orzamentos xerais do ano 2022, onde temos cero euros. Por tanto, eses ministros chegaron a Santiago, sacaron as fotos, conseguiron as portadas —iso é certo, aí están as portadas de toda a prensa de Santiago—, pero marcharon sen deixar nin un só euro. Estou convencido, ademais, de que isto o están anotando e quedou anotado por todos os veciños de Santiago.

Remato xa dando tamén as grazas ao BNG por apoiar esta iniciativa, e —como dicía ao comezo— imos intentar entre todos corrixir esta situación, corrixir esta anomalía, corrixir esta decisión que non ten ningunha argumentación lóxica e, por tanto, conseguir esa ampliación destes incentivos fiscais, que, en última instancia, será unha boa nova para Galicia, unha boa nova para os galegos e, por suposto, unha boa nova para o Xacobeo.


Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Vereas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e dous minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

